



13º CONGRESO NACIONAL
ORDINARIO DO PSdeG - PSOE



SANTIAGO DE COMPOSTELA
28-29 DE OUTUBRO DE 2017

RELATORIO MARCO
Documento Base para 13 Congreso Nacional Ordinario
PSdeG-PSOE

- 1- Política: Somos esquerda, galeguismo e alternativa**
 - 1.1- Bases ideolóxicas**
 - 1.2- Contexto político electoral**
 - 1.3- Renovando o PSdeG**
 - 1.4- PSdeG, referente da esquerda en Galicia**
 - 1.5- A alternativa de goberno**

- 2- Por un modelo económico integrador e sostible**
 - 2.1- Democracia e mercado**
 - 2.2- A prioridade do emprego**
 - 2.3- Dar resposta ó desafío demográfico**
 - 2.4- Unha política industrial e de I+D+i**
 - 2.5- Dinamizar o medio rural**
 - 2.6- Compromiso co sector pesqueiro**
 - 2.7- Un sector turístico con futuro**
 - 2.8- Da sociedade industrial á sociedade da sustentabilidade**

- 3- En defensa da igualdade: Políticas sociais e Dereitos**
 - 3.1- Política Social e Dereitos Sociais**
 - 3.2- Por unha sanidade pública e gratuita de calidade**
 - 3.3- Unha educación pública para gañar o futuro**
 - 3.4- Compromiso coa nosa lingua**
 - 3.5- Cultura**
 - 3.6- Feminismo e igualdade na diversidade**
 - 3.7- Mocidade**

- 4- Modelo de partido: Por un partido máis democrático e participativo**

1. POLÍTICA: SOMOS ESQUERDA, GALEGUISMO E ALTERNATIVA

1.1. BASES IDEOLÓXICAS

Vivimos tempos de cambio vertixinoso.

A Gran recesión –produto de fallos dos mercados e síntoma do esgotamento do modelo socioeconómico neoliberal- determinou transformacións importantes, frecuentemente dramáticas, nas vidas de moita xente, dentro e fora do noso país.

O paso acelerado dunha sociedade analóxica a outra dixital ten impactos económicos, na comunicación, no modo de relacionarse e, o fin e o cabo, na vida diaria das persoas.

As consecuencias actuais e futuras do cambio climático, como manifestación máis recoñecida da crise ecolóxica xa pronosticada en 1972 polo informe do Club de Roma *Os límites do crecemento* e as súas sucesivas actualizacións, fan tan urxente como vital unha reforma do modelo produtivo que terá un previsible impacto social, económico e cultural.

A crise do sistema de partidos e da propia representación política, procesos determinados por causas estruturais e conxunturais complexas, emerxen no presente coa irrupción de movementos que alteran os equilibrios tradicionais (caso de Macron en Francia ou, ben distinto, o de Trump en EEUU, por exemplo) ou de novas forzas políticas das que temos mostras próximas, que xogan dentro do sistema cunha inconcreta inspiración antisistema e abrazan o populismo como táctica política.

Como pano de fondo de todo o anterior, o fenómeno da globalización, especialmente de mercados e capitais, leva o coñecido trilema político plantexado nos debates contemporáneos, que teoriza a tensión entre globalización desregulada, soberanía nacional e democracia. Hai mercados internacionais pero os Estados manteñen unha dimensión nacional.

A todo elo, a esquerda política non pode permanecer allea nin comportarse de forma meramente reactiva, antes ben, ten que converterse nun axente de cambio activo de modo acorde coa súa vocación histórica.

Por todo elo, entendemos que o PSdeG-PSOE debe manterse fiel aos seus parámetros ideolóxicos tradicionais: esquerda e galeguismo, pero incorporando novas referencias, tanto no relativo a qué se entende por esquerda no século XXI como a unha decidida

asunción de elementos do pensamento ecolóxico, entre outros.

O noso socialismo inscríbese inequivocamente no ámbito da socialdemocracia, europea entendendo como tal aquela parte do socialismo que propugna un reformismo que mellore as condicións materiais e a liberdade da cidadanía dentro das estruturas democráticas (susceptibles de perfeccionamento) e do estado de dereito, e apostando por un papel activo do Estado para garantir o benestar e a loita contra a desigualdade.

Ante a disxuntiva entre máis ou menos esquerda o PSdeG-PSOE debe respostar que a esquerda hoxe non pode senón consistir nun compromiso inequívoca e coherentemente socialdemócrata. A coherencia dese compromiso consiste en propugnar, en lugar de inacción ou laissez faire, reformas, todas as posibles e necesarias para levar a cabo o ideal dunha sociedade na que os principios de igualdade e liberdade podan ser harmonizados.

Para tal fin, son necesarias políticas predistributivas e redistributivas pero, ademais, compre comezar a reflexionar sobre a asunción acrítica dun modelo desaforado de sociedade de consumo individualista que, en última instancia, entra en conflito directo coa sustentabilidade, dificulta calquera enfoque colectivo ou social e, priorizando a creación de necesidades superfluas ao mesmo tempo que debilita o poder e a importancia do factor traballo, xera crecente alienación e insatisfacción vital.

O gran reto da socialdemocracia no século XXI consiste en impugnar e encauzar a triunfante versión dun capitalismo sen cortapisas que considera os individuos como meros consumidores e, no fondo, como mercancías intercambiáveis, formulando para elo, dende o público, estratexias para adaptar os nosos estilos de vida ás capacidades do medio e a propia dignidade humana, que non require posuír un coche máis grande e máis potente que o do veciño (non require, de feito, posuír un coche) ou o último modelo de artefacto electrónico.

Entendemos que non se trata de decrecer senón de crecer de forma non depredatoria e menos extractiva, atendendo as verdadeiras necesidades humanas (incluídas a cultura, o ocio, o desfrute dun medio ambiente digno e a liberdade e tranquilidade persoal que anula a crecente precarización do traballo) e non as ficticias creadas polo bombardeo do omnipresente márketing que modela as nosas vidas. Tamén se trata de distribuír recursos escasos e frear e reverter a desigualdade.

Dende o socialismo é importante reflexionar sobre o nexo común que une ós diferentes

sectores sociais insatisfeitos e azoutados pola crise, en orde a conectar coa sociedade e enfocar e empacar as nosas políticas de forma máis eficaz. Nese senso, probablemente o mínimo común denominador que une ao precariado, clases medias demediadas, parados/as de longa duración, autónomo/as, profesionais, etc., é un nivel de inseguridade económica e, por tanto, existencial sen precedentes. Por iso os experimentos progresistas de rendas mínimas ou ingresos vitais que se están implementando na práctica alén das nosas fronteiras ou teorizando de forma crecente deben ser observados e analizados coa máxima atención como posibilidade para atender ás necesidades dun espectro social o máis amplo posible.

Defendemos a vixencia do papel do público para atender os retos do noso tempo, corrixir os fallos do mercado, prover servizos públicos esenciais como a xustiza, sanidade, educación, etc., e garantir a igualdade de oportunidades e os dereitos fundamentais, ademais de protexer o medio en que vivimos das agresións que padece.

Sendo o público esencial, non cremos que faga falta menos estado senón mellor estado, e dende esta visión afirmamos a necesidade de converter as administracións en organizacións máis eficientes, que aproveiten mellor os cartos públicos inherentemente escasos, porque cada euro público que se gasta en algo superfluo é un euro que non se inverte en algo necesario. Crems por elo que a mellora administrativa e o control da xestión do sector público -previsto no ordenamento xurídico pero nunca levado á práctica- leva sendo esquecido demasiado tempo nunha deriva que fai menos efectiva a principal panca de cambio coa que conta a esquerda: O Estado. Necesitamos unha administración moderna e flexible, que cambie a un ritmo acompasado ao cambio das necesidades e modos da sociedade no século XXI, non unha administración anquilosada e, en boa medida, herdeira directa da decimonónica.

O noso esquerdismo ten que partir da ética, unha organización ética como suma e reflexo da ética dos seus membros. Ethos significa conducta, modo de ser, carácter; o noso carácter debe quedar claro na nosa teoría e na nosa práctica e diferenciarnos de outros para os que a ética é cousa ambigua ou secundaria.

Dende o exemplo de vida que dera o noso fundador Pablo Iglesias, e tantos outros históricos esquerdistas, a relación coa ética do partido pasou, ó longo da historia do PSOE e do PSdeG, por momentos de debilitamento nos que a razón de partido, as esixencias da inmediatez ou de determinados equilibrios orgánicos ou institucionais, determinaron que a resposta ante situacións percibidas como criticables pola sociedade e, moi especialmente, polos nosos electores e simpatizantes, fose certamente mellorable.

A resposta que debe dar o partido ante os indicios fundados de irregularidades nas prácticas políticas de calquera integrante da nosa militancia ten que ser contundente e diferenciadora fronte ás de outros partidos, sinaladamente o PP, que adoitan remitirse ó que diga unha lenta e falta de medios administración de xustiza. A responsabilidade política debe distinguirse nítidamente da penal e dar lugar as consecuencias oportunas tan pronto como se determine a aparencia fundada de prácticas que vulneren a ética, non necesariamente o código penal. Debemos facer do exercicio da honestidade -que en política consiste non soamente en ser honrado senón parecelo- unha práctica política rendible e que nos defina, máis aló de calquera tacticismo ou apelación de pragmatismo electoral.

Somos internacionalistas. A esquerda no século XXI ten que recuperar e actualizar urxentemente a súa histórica vocación de transcender fronteiras. A mobilidade do capital, en cotas hoxe sen precedentes, implica que calquera tentativa de redistribución vía política fiscal nacional poda verse condicionada polo feito de que o capital gravado nun país e susceptible de deslocalizarse a outro. Os países que implantan estándares normativos laborais ou medioambientais elevados poden experimentar o mesmo fenómeno. Isto provoca unha competencia á baixa que socava e erosiona calquera plantexamento socialdemócrata.

A mellor forma de reverter esta situación é procurando a cooperación e coordinación entre as distintas forzas de esquerda dos distintos países, o establecemento de consensos e estándares mínimos, unha volta á internacionalización da esquerda. A globalización económica esixe ter respostas políticas globalizadoras, como os problemas medioambientais esixen respostas globais ou as crises migratorias precisan respostas que desborden os marcos nacionais.

Por outra banda, os problemas e carencias dos países máis desfavorecidos non poden ser alleos aos socialistas. Debemos ser solidarios por razóns de política práctica como as expostas pero tamén por imperativo moral. Hoxe ser de esquerdas e ser socialista non pode ser compatible con ignorar as dramáticas realidades que afectan a millóns de persoas no mundo. Debemos tomar posición activa como persoas de esquerdas e para iso debemos comprometermos a propiciar políticas efectivas que, mais alá dos esforzos solidarios de ámbito individual, axuden a materializar no mundo o noso ideal dunha sociedade global máis libre e máis xusta.

En relación con todo o anterior, somos europeístas convencidos, por entender que o

proxecto de integración europeo é un ambicioso experimento histórico de superación das diferencias nacionais e construción dun espazo superior que permita a mellora da humanidade, sen perxuízo da crítica dos seus aspectos máis negativos.

Somos galeguistas e, como tales, non podemos deixar o espazo do compromiso coa galegitude as formacións de corte nacionalista. É necesario fundamentar teoricamente e exemplificar coa nosa práctica a idea de que o galeguismo é compatible cun mundo de identidades múltiples e reverdecer a vella fórmula dos orixes da democracia galega: identidade + solidariedade.

Galicia ten unha cultura e sinais de identidade propios e destacados dentro da comunidade ibérica, pero as galegas e os galegos soubemos (moitas veces obrigados pola nosa historia) saír ó mundo e volver del. Galicia foi, dende antes incluso da invento de Santiago, célula de universalidade. Soubemos ser abertos e non adoitamos esgrimir a diferenza para pecharnos.

Renunciar a ocupar o espazo galeguista no que se recoñece a meirande parte da sociedade galega implica situarse fora do lugar ao que debe aspirar un partido como o noso. Para iso hai diversos riscos: o sucursalismo consistente na mimetización respecto dos designios, tempos e tendencias da organización federal e o hiperlocalismo que exacerba o minifundio político e mina a cooperación e a visión de conxunto.

O noso galeguismo ten que definirse, fronte a outras formas de entender esa singularidade de país, como un galeguismo federalista, europeísta, amable, aberto, positivo, solidario e moderno. Sen agravios, sen resquemor, liberado de complexos infundados. Partindo dunha identidade propia e diferenciada, mais non para separar senón para unir, cooperar e colaborar. Un galeguismo, en definitiva, abertamente cosmopolita e universalista, sempre consciente de que calquera diferenza entre culturas e sempre moito menor que a semellanza inherente á condición humana.

Somos verdes. A esquerda, hoxe, non pode prescindir de incorporar o pensamento ecoloxista ó seu ideario e a súa praxe, cando, como ten dito o ex-presidente Obama en diversas ocasións, o cambio climático preséntase hoxe como o maior desafío da humanidade. E non se trata soamente do cambio climático, fenómeno máis visible (e mediático) dunha realidade de progresivo esgotamento dos recursos finitos nun modelo económico baseado no crecemento infinito, senón do impacto cotián do noso estilo de vida na biosfera que é o noso fogar e o das xeracións futuras.

A tradicional disxuntiva entre crecemento e conservación revélase cada día como máis desenfocada ou, cando menos, relativa: a transición a unha sociedade sustentable xeraría oportunidades de emprego e imporía lóxicas redistributivas que a nosa sociedade extractiva descoñece e evita. Ó mesmo tempo, e como se ten sinalado, a lóxica dunha sociedade sustentable é unha lóxica nitidamente de esquerdas, contraposta ó actual modelo neoliberal, toda vez que as estruturas políticas necesarias para tal transición baséanse nas institucións públicas e na democratización de moitos procesos produtivos, coma a xeración de enerxía renovable. Dito de outra forma, a loita contra o cambio climático e a transición a unha sociedade sustentable e descarbonizada será de esquerdas ou non será.

Somos feministas. A reivindicación feminista ten calado xa na esquerda e forma hoxe parte irrenunciable do noso ADN político como socialistas: o socialismo participa activamente da loita polos dereitos políticos, económicos e sociais das mulleres e fai bandeira da súa sensibilidade a prol da igualdade, contra a discriminación, a violencia física ou psicolóxica contra as mulleres e a necesidade de superar -para ingresar nunha modernidade real- milenios de subordinación, incorporando, ademais, valores tradicionalmente femininos como a empatía, a un mundo tradicionalmente masculino.

1.2. CONTEXTO POLÍTICO ELECTORAL

A irrupción da crise económica global no ano 2007, de singular profundidade e duración en España, tivo moi relevantes consecuencias socio-políticas. A aguda e persistente crise económica abalou moitas certezas, esterilizou demasiadas esperanzas. A globalización produce medo ao descoñecido, ao inmigrante, ao que ten outra cor ou outra relixión; e libera os poderes de grandes corporacións fronte aos que os estados decidiron renderse en moitas ocasións. O cambio tecnolóxico fai obsoletos oficios de longa tradición que empregaban a moita xente. A redución dos custes do transporte nun mundo desregulado fainos competir con traballadores de países sen regras laborais, sen dereitos sociais -o que acaba socavando os nosos-. Estes fenómenos acabaron por provocar unha crise no sistema de representación política en Europa, de características e intensidades moi desiguais por países, pero que en case todas partes alenta a aparición de fenómenos que poden denominarse “populistas”.

En España a crise económica tivo unha intensidade especial. Pois á crise financeira sumouse a explosión dunha burbulla inmobiliaria masiva, nunha onda expansiva que abalou o sistema produtivo, o laboral e o fiscal. E cristalizou nun gravísimo desemprego, nun deterioro das condicións laborais, agudizado pola reforma laboral

conservadora de 2012, e nunha crise do estado do benestar. A desigualdade rampante, a precariedade laboral e aparición de situacións moi amplas de emerxencia social foron a consecuencia. Os parados procedentes do sector da construción e a xuventude experimentaron os rigores dun mercado laboral bloqueado e que ofrecía condicións leoninas. A sociedade dividiuse entre os excluídos e os que resistían. Afectando dun xeito moi directo á estabilidade da base electoral socialista. Que se dividiu entre cidadanía integrada (funcionariado ou clases medias e traballadores/as estábeis de certa idade e retirados con pensións dignas) e cidadanía excluída (desempregados/as, traballadores/as precarios de menos idade). Sen que os instrumentos típicos de intervención ou de referencia (a acción pública, Europa) fosen de utilidade. O estado revelábase impotente, unha vez que a crise fiscal transformouse nunha crise de débeda, atezado por unha política europea escasamente comprensiva das dificultades dos países endebedados e por uns mercados financeiros remisos.

Ademais, o deterioro económico e social creou as condicións para unha crise de confianza no sistema político. A cidadanía perdeu progresivamente a súa confianza nas elites e, en parte, no marco político no que estas operaban. As institucións públicas víronse lastradas pola incapacidade para dar unha resposta adecuada as demandas cidadás e, sobre todo, pola evidencia pública da existencia dunha metástase de corrupción que, ancorada no Partido Popular, non aforraba a outros actores do sistema. No Partido Popular as evidencias apuntaban a unha utilización corrupta sistémica das institucións públicas, de extensión e gravidade inusitadas. Ademais, as caixas de aforros, os bancos, as grandes empresas aparecían como beneficiarios de prácticas reprobábeis, con directivos animados pola procura insaciable de lucros persoais á vez que dotados dunha enorme insensibilidade social. Nun contexto de pobreza e desigualdades crecentes a erosión das bases sociais do sistema político era a consecuencia inevitable. O réxime democrático derivado da Constitución Española de 1978 vivía a súa primeira grande crise, experimentado o desafío da súa capacidade de reforma.

Os efectos da crise económica e social percibíronse nas eleccións autonómicas en Galicia do ano 2009, abrindo a porta á chegada dos conservadores ao goberno da Xunta de Galicia. Pero sobre todo foron decisivos nas posteriores eleccións autonómicas e xerais de 2011, que colocaron ao PSOE a unha posición feble fronte ao empuxe da dereita, pois unha parte sensible do noso electorado deunos as costas. A continuación o Partido Popular experimentou as consecuencias combinadas da

política de austeridade e da sistémica corrupción, perdendo con rapidez apoio social, o que se reflectiu xa nas eleccións europeas de 2014 e nas xerais e autonómicas de 2015. O desgaste dos dous partidos políticos que no conxunto de España conformaran goberno desde os albores do novo réxime democrático xerou amplos espazos de desafección co sistema político.

O movemento do 15-M contribuíu a ensanchar ese “espazo de ruptura” desde postulados de esquerda, producindo a sensación de que era posible acender unha dinámica de substitución do sistema o cando menos de substitución dos actores principais do mesmo. As enerxías sociais despregadas nas prazas públicas acabaron por callar en ofertas electorais diferenciadas. Emerxeron novas forzas políticas que mudaron a estrutura tradicional do sistema de partidos.

Entre 2012 e 2017 vivimos unha longa e descarnada batalla interna no noso partido, que tiña dous elementos de fondo. Primeiro, as dificultades para proceder a unha renovación da dirección política, introducindo os cambios de fondo e de forma que permitisen conectar con novas xeracións de cidadáns e cidadás que vían nos representantes políticos socialistas conspicuos representantes do sistema, nun momento en que este fracasaba para satisfacer as necesidades dos votantes. A renovación, neste contexto máis apremiante que nunca, sempre atopou resistencias, pero agora eran maiores pola combinación coas discrepancias de estratexia. Segundo, as expectativas e as políticas defendidas polos nosos votantes (e os nosos militantes) fixéronse máis diversas. Esta tensión existiu desde sempre pero fíxose especialmente viva, ao igual que sucedeu noutros países europeos, a consecuencia das dificultades sociais (o incremento das desigualdades) e dos límites dun proxecto europeo construído con claves neoliberais.

A desafección co sistema (ou cos actores políticos tradicionais) acabou por ser reabsorbida por medio da emerxencia de novas forzas. O bipartidismo imperfecto que caracteriza ao sistema político desde a transición democrática transfórmase nun réxime máis plural, no que, sen embargo, os partidos políticos tradicionais resisten e manteñen unha posición aínda preferente fronte aos novos actores. Este esquema introduce maiores doses de competencia e, nun réxime electoral caracterizado por fortes doses de proporcionalidade, obriga a un exercicio de alianzas para transformar votos en gobernabilidade. O desexo cidadán de participar directamente na elección dos gobernantes vese frustrado por unha realidade que outorga ás direccións dos partidos unha grande capacidade de intervención.

Galicia constitúe unha anomalía parcial neste relato. As forzas conservadoras anticipan a súa chegada ao goberno (2009), pero é sobre todo a persistencia de maiorías absolutas (2012, 2016) o que singulariza a experiencia. As sucesivas vitorias electorais do Partido Popular teñen lugar cunha notable perda de sufraxios en termos absolutos, o que resulta indicativo de que os factores de desgaste operan tamén en Galicia, aínda que con intensidade menor.

Se en España este ciclo político adverso para o PSOE só conseguiu reducir a súa fortaleza, ¿que sucedeu en Galicia? O resultado electoral das eleccións locais de 2015 foi discreto en termos de apoios pero frutífero en termos de acceso ao goberno. Dounos un extenso poder local. Por vez primeira en Galicia ostentamos a responsabilidade de dirixir tres deputacións provinciais e contamos cun número relevante de alcaldías (por riba de 90) e participamos como socios minoritarios en quince gobernos mais. A desfeita do Partido Popular nestas eleccións levouno a perder pé en lugares onde gobernara sempre. En moitas localidades abrimos un ciclo político, con alcaldes novos con boas perspectivas de continuidade.

En España, o 39º Congreso Federal, despois da vitoria de Pedro Sánchez nas eleccións primarias á secretaría xeral, abre un tempo novo para o socialismo. A recuperación macroeconómica crea mellores condicións para unha política reformista, pois reduce urxencias sociais e abre as posibilidades financeiras de articular políticas alternativas á dereita, porque o escenario vital de familias e cidadanías segue sendo o propio dunha etapa de crise. Os parados teñen máis opcións de converterse en traballadores e estes contan con máis enerxías e un mellor contexto para pugnar por unha mellora das condicións laborais e salariais. A situación interna está máis normalizada, reducíndose substancialmente o ruído provocado polas discrepancias expostas publicamente e as friccións derivadas da competición polo control da organización. O liderado avalado de xeito moi claro pola militancia goza dunha marxe de actuación que permite colocar a acción política no centro da vida do partido. Todas elas con condicións mellores para aspirar a gobernar España. Este novo ciclo político abre oportunidades para o PSdeG-PSOE. Dependera de nós, do noso acerto ou erro, proveitalas ou ignoralas.

Con tres obxectivos centrais, que desenvolveremos a continuación:

- Recuperar o rumbo do socialismo galego, reiniciando o PSdeG
- Iniciar un novo tempo político, co PSdeG como organización de referencia da esquerda de Galicia.
- Converter esa enerxía nunha alternativa de esquerdas e galeguista ao

gobierno do PP

O noso proxecto consiste, pois, en combinar a reconstrución do PSdeG co liderado social da esquerda para construír un proxecto progresista gañador para Galicia.

1.3. RENOVANDO O PSdeG

O reto do PSdeG é dobre e está interrelacionado: por unha banda é preciso modernizar as estruturas organizativas e incorporar novos cidadáns ao proxecto do PSdeG e ao mesmo tempo urxe dar unha resposta política a unha maioría social de progreso que está orfa de referencias.

Reiniciar o PSdeG significa poñer en funcionamento de forma coordinada tódalas fortalezas xa existentes (presenza nos gobernos das corporacións locais, militancia comprometida, experiencia exitosa de xestión no plano institucional) e actuar sobre as debilidades recoñecibles (organizativas, institucionais, de presenza social e territorial,...) utilizando as ferramentas políticas e sociais necesarias para chegar á maioría social progresista existente en Galicia.

A tarefa de actualización do proxecto socialista galego precisa dun importante esforzo organizativo, dentro e fóra do PSdeG, tanto no ámbito interno coma na proxección exterior da proposta política. Unha mellora no funcionamento das estruturas organizativas tamén debe ter como prioridade a lealdade, condición mínima imprescindible para poder competir.

A organización precisa dun liderado orgánico forte, con liñas programáticas ben definidas asentadas nos ideais do progresismo, da socialdemocracia e do galeguismo, abrangendo a unha ampla maioría social da cidadanía que poderá así incorporarse dun xeito ou doutro ao noso proxecto político. A fortaleza do proxecto socialista acadarase na medida en que os e as socialistas sexamos capaces de conxugar: renovación, fortaleza organizativa, unidade interna e apertura á sociedade.

Adaptar a organización ás novas realidades sociais tanto no plano tecnolóxico como cultural é fundamental para que o PSdeG rompa coa tendencia de avellentamento e conservadorismo que caracterizou no último decenio a meirande parte dos partidos socialdemócratas da Unión Europea.

É preciso polo tanto que o socialismo galego reinicie o diálogo social con moitos actores fundamentais dentro na nosa sociedade e que hoxe están afastados da

política partidaria aínda compartindo unha visión socio-política progresista, socialmente responsable e culturalmente comprometidos co galeguismo e coa defensa dos dereitos humanos.

Dende marzo do ano 2009 cando Emilio Pérez Touriño dimitiu como Secretario Xeral, a organización socialista non conseguiu acertar para abrir unha etapa que permitise acadar unha maioría social de progreso. A debilidade organizativa fixo que o socialismo galego languidecera e fora substituído de facto por unha sorte de liderados locais e provinciais. Cómpre abrir un ciclo cun PSdeG fortalecido en clave galega e acompañado de forma coordinada e leal polas estruturas provinciais e locais.

As novas agrupacións provinciais xurdidas no ano 2009 convertéronse en estruturas de poder, debilitando o proxecto galego e sen que supuxeran unha maior fortaleza organizativa como se pretendía no momento da súa implantación. A substitución das agrupacións comarcais por agrupacións provinciais, derivada dunha decisión no marco federal, foi un erro que debilitou a presenza territorial do socialismo galego e configurou poderes provinciais sen coordinación política a nivel galego.

O PSdeG leva tempo sen dirección política galega, agravándose esta situación coa interinidade dunha comisión xestora durante máis de ano e medio. Un longo período de interinidade que ten incrementado a debilidade organizativa do PSdeG.

É o momento de tomar decisións, dirixidas a fortalecer ao PSdeG, no plano territorial e no plano social. Precisamos un Plan de Fortalecemento Orgánico que contemple cando menos:

- A implantación do PSdeG no 100% dos concellos galegos
- O incremento da representación socialista nas corporacións locais de todo o territorio galego, de xeito especial alí onde se carece dun altofalante que poida dar a coñecer o proxecto socialista no termo municipal.
- A creación dunha estrutura comarcal que complemente ás agrupacións provinciais e permita unha harmonización do proxecto socialista no conxunto de Galicia.
- A formación dos cargos públicos municipais
- A coordinación periódica dos representantes socialistas nas institucións para unha acción conxunta eficaz onde se plasme o proxecto político dos socialistas galegos.

Hai que poñer fin á inercia que guía ao PSdeG nos últimos anos, e para iso temos que combinar o liderado orgánico forte cos liderados sociais, os novos e os xa

preexistentes.

No plano interno debemos recuperar a normalidade no funcionamento organizativo dos órganos nacionais galegos.

Singularmente o Comité Nacional, máximo órgano entre congresos, deberá reunirse regularmente co obxectivo de abordar os asuntos de actualidade, e terá que ser o parlamento interno onde fixar as posicións políticas do PSdeG. Unha ferramenta orgánica de primeiro orde que posibilitará que a dirección galega manteña unha comunicación permanente cos cadros directivos da organización e coa militancia de base.

A revitalización dos órganos do partido posibilitará que estes recuperen o seu papel como ferramentas ao servizo do proxecto galego e que se adopten posicións sobre os temas de actualidade e a súa difusión entre a militancia.

O PSdeG non pode estar dirixido desde a estrutura federal, polo que defendemos a autonomía e a axenda propia do PSdeG, á vez que asumimos a lealdade e sintonía coa dirección federal. Non podemos agardar que alguén veña a resolver os nosos problemas. É o tempo do liderado democrático, de que a forza da militancia traslade enerxía á dirección do noso partido e esta poña en marcha a apertura dunha nova etapa co obxectivo de facer do PSdeG a referencia maioritaria da esquerda en Galicia. Isto último é indispensable para facer viable unha alternativa de goberno ao Partido Popular. Como demostra a recente historia da nosa autonomía só cun PSdeG forte e liderando á maioría social progresista é posible cambiar o goberno galego e poñer en marcha o cambio político.

É o momento dun cambio na cultura política interna, é o momento dos mellores, dos máis capaces, dos que teñen máis determinación e ambición de facer. Non é o tempo de recrutar aos mediocres para que non molesten. As organizacións políticas, singularmente no ámbito da esquerda, tenderon nos últimos anos a desprenderse, no plano directivo, de capital humano capaz para mudalo por persoas dóciles que tiñan como maiores méritos a obediencia ao o líder ou a grupos de poder interno.

Na inmensa tarefa que ten por diante o PSdeG para reiniciar o noso proxecto político debe ocupar un lugar moi destacado o necesario cambio de cultura política interna, tanto no recrutamento dos máis capaces como na necesaria pedagogía para apuntalar a unidade organizativa e a integración dos diferentes puntos de vista co obxecto de

enriquecer e mellorar o proxecto galego.

Os socialistas marcámonos o obxectivo de conseguir ser un partido cada vez máis aberto aos distintos sectores da sociedade galega, como instrumento/ferramenta que sexa útil á vida dos cidadáns do noso país. Neste sentido, e tendo en conta a complexidade social na que nos atopamos é preciso que sexamos quen de expresar con claridade as nosas ideas e propostas, sen trasladarlle á cidadanía posicións confrontadas que o único que contribúen é ao debilitamento do PSdeG como organización de referencia para unha maioría social progresista.

Polo tanto a unidade é un valor que debemos cultivar e encher de contido. O noso partido é profundamente democrático, as bases ideolóxicas e organizativas macro foron definidas recentemente nun congreso federal, polo tanto a definición ideolóxica e orgánica está feita, coa aposta pola esquerda e a participación.

Todos temos que construír sobre esa base. Por tanto, temos que unir de novo ao partido en Galicia nunha tarefa común, nunha dirección compartida. E nese sentido temos que ser capaces de facelo integrando sensibilidades diversas nunha posición política unificada e eficaz. Non sobra ninguén que comparta estas bases. O que debemos ter claro é que sobre o sectarismo interno non podemos levantar un PSdeG eficaz e forte.

O PSdeG ao igual que o resto de partidos socialdemócratas europeos ten serias dificultades para chegar á poboación de menos de 45 anos, a profesionais liberais, pequenos e medianos empresarios/as e a sectores sociais moi dinámicos que sendo progresistas non atoparon no socialismo institucional as respostas sociais que buscaban. A sociedade está mudando a velocidade de vertixe, e ao mesmo tempo que cambian as formas de comunicación, de produción e de relación social prodúcense fenómenos que non atopan na expresión política da socialdemocracia as respostas que agardan.

Só teremos éxito dende o socialismo democrático se nos convertemos nun polo de atracción aos elementos máis dinámicos da sociedade pola calidade das nosas propostas. Para iso será vital cambiar a cultura política interna, primeiro para non descapitalizar máis o partido e despois para abrir novos espazos que permitan captar talento e recursos humanos dispostos a colaborar dende o humanismo progresista e os valores da esquerda social. Temos que ser unha fábrica de ideas para afrontar os problemas do noso tempo ¿Como darlle un futuro a mocidade? ¿Como afrontar o

avellentamento da poboación? ¿Como convencer ao electorado urbano e moderno que pode confiar en nós?

O PSdeG impulsará a creación dunha fundación a modo de laboratorio de ideas para abrir novos espazos que permitan por unha banda nutrir á organización de respostas e propostas para un programa de goberno e transformación social e que ao mesmo tempo posibiliten novamente a colaboración de sectores sociais que nalgún momento colaboraron con nós para facer posible unha alternativa política en Galicia.

Temos que deixar que a sociedade máis próxima se achegue e teña espazos e canles para facer aportacións e compartir protagonismo social co PSdeG. A primeira oportunidade serán as eleccións municipais, aí poderemos deixar de ollar para dentro e centrarnos nos cidadáns.

O congreso federal debuxou as liñas mestras dos vindeiros anos no socialismo español, entre as que destacan a aposta por darlle un maior protagonismo á militancia de base, a posición do PSOE como organización nitidamente de esquerdas e a decisión de propoñer un cambio na organización territorial do Estado a través dunha reforma federal da Constitución Española.

O PSdeG actuará con lealdade á dirección federal en sintonía co expresado pola militancia socialista galega pero defendendo os intereses sociais e económicos do noso país, sempre baixo os criterios de xustiza social, redistribución e solidariedade.

Como partido autónomo dentro da estrutura federal do PSOE, o PSdeG deberá pesar máis que nos últimos anos, facendo valer tanto a súa posición demográfica, histórica e consecuente coa súa base militante, ao ser a sexta federación socialista de España. ¿Que significa pesar máis na estrutura federal do PSOE? Pois supón que teñan máis peso as nosas especificidades, que sexamos respectados e tidos en conta á hora de conformar as políticas territoriais, sociais e económicas do Estado, e tamén poder influír máis na definición do modelo territorial dada a súa relevancia para Galicia como nacionalidade histórica recoñecida na Constitución.

1.4. O PSdeG, REFERENTE DA ESQUERDA EN GALICIA

Nos últimos anos, tanto en España como en Galicia, o Partido Socialista ten minguido o seu tradicional papel de partido referente da esquerda, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, por razóns que temos desenvolvido con anterioridade. A maiores,

os galegos e galegas assistiron nestes tempos a un estalido constante de casos de corrupción en diversos ámbitos institucionais, que, aínda que non afectasen directamente a cargos públicos socialistas, segundo indican todos os estudos de opinión teñen afondado nese desencanto popular cara á política en xeral, particularmente entre os cidadáns e cidadás de esquerdas. Todo isto conduce a unha indecisión evidente da cidadanía progresista á hora de confiar ou non no Partido Socialista como alternativa de goberno. Abrindo un espazo para a aparición de forzas populistas, que fracturan aínda máis a tradicional unidade da esquerda en torno ao Partido Socialista e con elo teñen minguado na práctica as posibilidades reais de ter en Galicia un goberno distinto ao do Partido Popular.

Así as cousas, elección tras elección, nos últimos tempos unha boa parte da cidadanía de esquerdas, especialmente a máis nova, chega a cada proceso electoral con serias dúbidas sobre o sentido do seu voto, dividíndose en tres grupos claramente diferenciados: quen confía no Partido Socialista como alternativa sensata e realista de goberno; quen decide votar a outras formacións políticas da esquerda; e quen, ante a inestabilidade, a pelexa constante e a falta dun proxecto sólido e crible que derroque electoralmente á dereita, decide absterse.

Esa fragmentación electoral dos galegos e galegas progresistas é a principal debilidade, xa non só do PSdeG, senón da esquerda no seu conxunto, pois a división do voto, a atomización en torno a pequenas representacións parlamentarias, a lea por ver quen é máis puro dentro da esquerda e o xa mencionado desencanto que todo elo provoca é, sen dúbida, a mellor garantía que ten o Partido Popular para seguir gobernando Galicia.

En todo caso, este non é un fenómeno novo. Nos anos 90 Galicia viviu unha situación similar. O Partido Socialista, dividido internamente e cunha crise importante de confianza entre os seus votantes, viuse amplamente superado en votos e en escanos polo nacionalismo, pero á hora da verdade esa alternativa no seo da esquerda non se viu correspondida cunha alternativa real de goberno en Galicia.

A día de hoxe pódese dicir que esa historia se repite unha vez máis, pois a febleza do PSdeG coincide de novo co éxito electoral do Partido Popular, agora con Alberto Núñez Feijóo á fronte, que nas últimas eleccións autonómicas reeditou a maioría absoluta. Parece obvio, polo tanto, afirmar que o mellor seguro de vida do PP e de Feijóo son un PSdeG débil, desdebuxado como referente político da esquerda.

Isto, que no ámbito estatal se podería achacar á aparición de novas formacións políticas que, por primeira vez, teñen conquistado amplas cotas de poder entre a esquerda e o centro esquerda, non é novidoso no contexto político galego, tanto no plano nacional como local..

Polo tanto, é a nosa propia febleza o noso principal inimigo e aí, en fortalecernos orgánica e socialmente, debemos centrar todos os nosos esforzos como partido, asumindo o reto de construír un Partido Socialista forte, que sexa referente da cidadanía progresista deste país e permita, así, que a esquerda derrote de novo ao Partido Popular.

Para saber como facelo é imprescindible recorrer de novo á nosa ampla e rica pegada histórica. Se nela atopamos, como queda dito, a explicación a moitas das situacións negativas que estamos a vivir no presente, nela tamén temos o exemplo claro de como sobrepoñerse a elas e construír un PSdeG forte e gañador, facho de liberdades, de modernidade e de progreso para Galicia.

O ano 1998 significou un punto de inflexión na historia do socialismo galego. Tralo Congreso Nacional celebrado en Ourense e a renovación orgánica xurdida do mesmo, os diferentes ámbitos do PSdeG iniciaron un paulatino proceso de diálogo, de integración, en definitiva, de unión do socialismo galego, o que permitiu en pouco tempo pacificar a unha formación política que chegaba a ese ano minguada por anos de liortas orgánicas e severas e dolorosas derrotas electorais.

A fortaleza do PSdeG, lograda a partir da convicción de que no proxecto socialista non sobra ninguén e todos e todas sumamos, foi o primeiro paso para centrarse a continuación no verdadeiramente importante, a construción dun completo proxecto político para Galicia, marcado por tres compoñentes fundamentais: a socialdemocracia, o galeguismo e o entendemento cos demais actores políticos da esquerda, tanto partidarios como netamente sociais.

A socialdemocracia entendida como un proxecto social e económico para Galicia baseado na igualdade de dereitos e oportunidades, na solidariedade entre persoas e territorios e na liberdade como norma suprema de convivencia. O galeguismo entendido como, por suposto, a defensa de lingua, da cultura e da identidade propias de Galicia, pero tamén como a defensa por riba de todo dos intereses dos galegos e galegas. E o entendemento cos demais actores políticos e sociais da esquerda, asumindo que existen diferentes sensibilidades ideolóxicas e que, desde a posición

maioritaria do PSdeG na sociedade, sen complexos de ningún tipo e sen renunciar aos nosos posicionamentos políticos propios, debemos aprender a compartir esforzos con todos eles para conseguir o obxectivo prioritario dos e das socialistas, derrotar electoralmente á dereita, ao Partido Popular, para ofrecerlle aos galegos e galegas gobernos e políticas de progreso, tanto na Xunta de Galicia, como en todas as vilas e cidades do noso país.

Esta receita, baseada na socialdemocracia e o galeguismo, segue hoxe máis vixente que nunca, pois as dificultades económicas e os graves problemas sociais derivados da crise demandan aínda unha maior aposta pola liberdade, a igualdade e a solidariedade nas políticas públicas; sempre desde o sentido común, a realidade, a seguridade do posible e a asunción democrática de que a sociedade é ideoloxicamente moi plural, algo que, lonxe de ser un problema, é unha riqueza que debe ser respectada e preservada. De feito, non hai solucións progresistas e democráticas en Europa Occidental que non pasen pola socialdemocracia. Galicia non é unha excepción.

A asunción desta fórmula, unida á mencionada unidade interna, permitiu ao PSdeG a finais dos anos 90 iniciar o que pouco tempo antes semellaba imposible, un ascenso do noso partido que se traduciu en éxitos electorais tan só un ano despois, nas municipais de 1999, nas que, mediante ese entendemento co resto da esquerda, logramos gobernar a maioría das principais cidades do país. Avance constatado nas eleccións ao Parlamento de Galicia de 2001, nas que o PSdeG recupera posicións, empata en escanos co nacionalismo e marca xa claramente o camiño para ser de novo o referente político da maioría de galegos e galegas progresistas.

Así, nas municipais do ano 2003, o Partido Socialista consolida e mellora resultados nas cidades e logra unha forte presenza nas alcaldías e gobernos das vilas medianas e pequenas de todo o país. Posteriormente prodúxose o resultado electoral nas autonómicas de 2005, que culminaron coa Presidencia Socialista da Xunta de Galicia, liderada por Emilio Pérez Touriño.

Hoxe, tamén no plano positivo das oportunidades, atopámonos nunha situación semellante, ante o reto de artellar un novo proxecto político maioritario, que atraia a confianza das persoas que viven en Galicia, que nos permita recuperar a posición de referencia na esquerda e, a partir de aí, ser vistos como alternativa crible, fiable e sólida aos gobernos do Partido Popular. Todo elo, outra vez, a pouco máis de un ano para as vindeiras eleccións municipais, que deben marcar este novo punto de inflexión

na historia do socialismo galego, o principio dun camiño que culmine, unha vez máis, cun goberno galego socialista. As eleccións municipais deben centrar o traballo político do PSdeG nos vindeiros meses.

As vindeiras eleccións xerais serán tamén unha oportunidade. Para substituír ao goberno de M. Rajoy e por en marcha políticas progresistas baixo a dirección do noso partido. E tamén, en Galicia, para reforzar a nosa posición política, mellorando respecto ás forzas coas que competimos e reducindo a vantaxe do Partido Popular.

Só os e as socialistas podemos asegurar ese cambio de goberno, porque pese ás dificultades sinaladas, só nós somos percibidos entre amplas capas da poboación como responsables políticos solventes e fiables, cunha ampla e exitosa experiencia de goberno ás nosas costas; fronte á inmadurez e ocorrencias en moitas ocasións doutras formacións políticas que se asentán no terreo da esquerda.

En todo caso, partindo desta realidade, debemos asumir tamén que eses axentes políticos que comparten con nós o terreo da esquerda, gozan a día de hoxe do apoio de moitos galegos e galegas progresistas, unha boa parte deles socialistas, que están agardando a que o PSdeG dea signos de fortaleza e credibilidade para volver confiar no Partido que mellor debería representar o seu xeito de entender a sociedade.

Por tanto, a capacidade de poder construír unha alternativa real de goberno á dereita en Galicia pasa hoxe, igual que no ano 98, por ser quen de nos entender, con respecto mutuo e cada quen desde as súas posicións ideolóxicas de esquerdas, coas súas diferencias, cos demais actores políticos e sociais da esquerda. Agora o que toca ao PSdeG é centrarse en fortalecer o seu proxecto e recuperar o músculo político para liderar unha maioría social de progreso no país.

Esta colaboración, lonxe de ser unha febleza, é a nosa maior fortaleza, como a historia nos ten amosado. Cando a maioría dos habitantes galegos perciben que é posible un cambio de goberno, é dicir, que hai bimbios para abandonar ao Partido Popular e tecer un goberno alternativo desde a esquerda, buscan a confianza e a seguridade que só o PSdeG lles aporta cando lidera esas alternativas de goberno.

Ese entendemento con outras forzas significa tamén atraelas cara ao terreo da gobernabilidade, que é o propio da socialdemocracia, recoñecendo o seu papel como representantes presentes dunha parte significativa da cidadanía galega e aportando, así, estabilidade á esquerda e á sociedade en xeral.

En definitiva, o PSdeG debe, por unha parte, rexeitar calquera tipo de complexo ideolóxico ou político ante esas formacións políticas, pero, por outra banda, tampouco debe caer no erro de desprezalas, senón que debemos ser quen de iniciar unha fase de diálogo construtivo con todas elas.

A credibilidade gañada primeiro no plano municipal, concello a concello, cunha estratexia política de país coordinada polos órganos nacionais do PSdeG, dando apoio, cobertura e coherencia aos centos de compañeiros e compañeiras que, moitas veces sos, exercen como concelleiros e concelleiras en toda Galicia será clave para abrir de novo as portas da Xunta ao PSdeG.

En resumo, para que haxa alternativa real de goberno en Galicia, o PSdeG debe recuperar o seu papel histórico de forza maioritaria da esquerda. Pese a todas as dificultades presentes, somos un gran partido, con múltiples vantaxes comparativas con respecto aos nosos competidores no campo progresista: temos presenza en todo o país, cunha rede de casas do pobo e, sobre todo, milleiros de compañeiros e compañeiras a pé de rúa en cada cidade, vila ou aldea de Galicia; sabemos o que é gobernar para todos e todas; temos unha ampla e recoñecida experiencia nese sentido; a nosa ideoloxía, a socialdemocracia, é coa que se identifican a inmensa maioría das persoas galegas de esquerdas, incluso a maioría dos habitantes de Galicia en xeral; temos unha base electoral histórica que non nos abandonou, non mudou de repente de ideoloxía, aínda que algúns deles e delas lle teñan votado a outros partidos nos últimos tempos, senón que contamos co privilexio e a honra de que seguen a agardar por nós, desexando que lles ofrezamos canto antes un novo proxecto político que lles atraia para volver confiar no Partido Socialista; e a todo elo súmase a evidencia de que nos gobernos municipais de esquerdas nos que non participa o Partido Socialista hai máis debilidades e peor xestión. Temos un feixe de oportunidades ao noso redor que debemos saber ver e aproveitar para culminar con éxito o novo camiño que o PSdeG inicia con este Congreso Nacional.

A clave para todo elo é recuperar, antes que nada, a unidade e a estabilidade interna, traballando como compañeiros e compañeiras, cada quen coas súas sensibilidades e visións, pero con toda a lealdade, o compromiso e o respecto que a palabra compañeiro/a ten no seo da nosa organización. E todo isto hai que entendelo nunha fase de protagonismo da militancia. Se así o facemos, volveremos estar en pouco tempo en disposición de presentarnos ante a cidadanía como o único partido de goberno que é quen de transformar e modernizar este país, desde a esquerda e

pensado no progreso de todos os galegos e galegas. Un PSdeG gañador e referente político da esquerda social do noso país.

1.5. A ALTERNATIVA DE GOBERNO

O réxime democrático no que vivimos desde hai case catro décadas ten sido un éxito colectivo para a modernización de España, para a mellora das condicións de vida e para a convivencia cívica. Un réxime que incorporou a autonomía para as nacionalidades e rexións que compoñen España, permitindo descentralizar o poder e articular un modelo territorial estable.

En Galicia o autogoberno foi cuestionado desde posicións soberanistas; e colocado nun segundo plano durante longos períodos polo noso partido, que privilexiou proxectos locais de transformación urbana, con respaldo social e notábeis resultados. Só desde as forzas conservadoras parecía que de verdade se aspiraba a gobernar Galicia. Logo dun inicio inestable, no que o noso partido gobernou en coalición durante algo menos de tres anos baixo a presidencia de Fernando González Laxe, Manuel Fraga abriu unha longa etapa de hexemonía conservadora que ten agora continuidade con Alberto Núñez Feijóo. No interregno, o goberno de Emilio Pérez Touriño, foi unha experiencia positiva na historia da autonomía galega.

En definitiva, de trinta e seis anos de autonomía tivemos dominio conservador durante trinta. Este resultado non responde a unha necesidade sociolóxica. En varias ocasións a dereita foi derrotada en Galicia en votos polo conxunto das forzas progresistas. Singularmente nas eleccións xerais e municipais. Pero tamén nas eleccións autonómicas de 2005 e 2009 (aínda que o goberno foi de Alberto Núñez Feijóo nesta última data). A división do voto progresista así como a persistencia de culturas políticas diferenciadas no seo da esquerda explican tamén esas dificultades. O éxito de Emilio Pérez Touriño indica tamén que é posible a construción dun proxecto serio de goberno, dando o tempo suficiente para que poida ser percibido pola cidadanía, con unidade interna e nun contexto español de ascenso socialista.

O proxecto do noso partido ten que ser a construción dunha alternativa de esquerdas á hexemonía conservadora en Galicia. Que a dereita governe ten consecuencias para a cidadanía. Menos dereitos sociais, servizos públicos gangrenados pola privatización, a precariedade e a falla de ambición, agresións ao territorio, políticas de igualdade de xénero unicamente retóricas, ausencia de política industrial, xestión caótica das políticas de emprego, confusión da cultura co folclorismo, falla de compromiso co uso

do galego, e un longo etcétera. Os efectos da crise económica e social fan máis urxente que nunca que atendamos desde a Xunta de Galicia, desde valores da esquerda, as fracturas social, de xénero, territorial e xeracional que ameazan a integración da nosa sociedade e a continuidade da modernización.

Para recuperar a capacidade do socialismo para gobernar Galicia a aposta municipal importa. Pero precisamos adicionalmente da definición dunha alternativa de cambio para o conxunto do país. Alternativa que ten que fundamentarse en posicións socialdemócratas, de reformismo forte, e de defensa dun autogoberno profundo nunha España plural e solidaria. Para o que é condición previa a recuperación da posición nuclear do noso partido no ámbito da esquerda. A experiencia portuguesa indica que a socialdemocracia pode gañar se combina liderado con proxecto e capacidade para articular alianzas.

Alternativa que supón liderado social: ofrecer unha resposta política aos desafíos do noso tempo. Revisando as nosas políticas cando sexa mester e imaxinando as liñas de acción para atender as novas demandas. Sendo capaces de superar a retórica, imprescindible para unha comunicación eficaz, para definir políticas e proxectos concretos, que ilustren a capacidade de crear unha alternativa. Non podemos limitarnos a criticar desde criterios ideolóxicos as propostas conservadoras.

Compre ter equipos, con experiencia política e capacidade. Que inspiren confianza na sociedade. Que nos permitan recuperar a presenza nos ámbitos urbanos, en capas profesionais, nas xeracións que chegaron á madurez nas dúas últimas décadas. Que trasladen a súa experiencia de xestión política ao nivel local ou de dirección empresarial ou de compromiso intelectual, sindical ou universitario á definición e posta en práctica de novas políticas no plano autonómico.

Precisamos un cambio de modelo de partido. Logo de anos de ensimesmamento, o PSdeG ten a responsabilidade ética cos galegos e as galegas de ofertar unha alternativa política aos gobernos da dereita conservadora en Galicia. Non vale xa o vello modelo de partido clásico, burocratizado e encapsulado con vellas fórmulas de organización, escasa participación e toma de decisión elitista e pechada. O PSdeG debe impulsar un novo modelo de partido que incorpore os adiantos sociais, ideolóxicos, democráticos, sociais e innovadores que o convertan de novo na ferramenta de transformación de Galicia. Converter o PSdeG no espello no que os galegos e as galegas queiran mirarse. E iso implica estar á vangarda das tendencias sociais, organizativas, culturais, da innovación e os dereitos sociais e políticos.

Como herdeiros dunha longa tradición galeguista, eco-socialista, feminista e europeísta, o PSdeG é o depositario dun proxecto colectivo que ten aportado ós galegos e ás galegas algún dos seus mellores logros históricos, económicos, sociais e culturais.

E debemos asumir con orgullo que non hai política nova ou vella, senón boa ou mala política, como amosou o PSdeG na súa historia. Dende a consecución dun Estatuto de primeira para Galicia ata o impulso económico, cultural e social de Galicia baixo as presidenciais de Fernando González Laxe e Emilio Pérez Touriño.

O proxecto socialista, é hoxe máis necesario que nunca para Galicia. Para elo, precisamos un novo PSdeG. Moderno, innovador, responsable e integrador. Só recuperando o liderado social do PSdeG poderemos volver a ser referentes na nosa sociedade e modernizar o noso país.

2. POR UN MODELO ECONÓMICO INTEGRADOR E SOSTIBLE

2.1. DEMOCRACIA E MERCADO

A defensa dun espazo de acción económica para o Estado na economía de mercado é un eixo de referencia central do socialismo democrático. Fronte ao libre mercado, a intervención pública resulta necesaria para correxir problemáticas de asignación, estabilización e tamén distribución. E nun mundo globalizado de Estados de carácter nacional e de mercados internacionais, o papel económico do Estado hai que entendelo coas restriccións externas existentes.

Unha das características mais salientables da economía contemporánea é o gran peso que teñen acadado as finanzas na vida económica xeneral, sobre todo as que mostran algún grao de internacionalización. Dende principios deste século á débeda ten acadado unha dimensión económica antes non coñecida, e dentro dela destaca a de carácter externo, que representa nada menos que o 185 % do PIB mundial. Con ese contexto de fondo, son varios os aspectos da vida social que teñen experimentado cambios significativos nas últimas décadas, e principalmente desde a explosión da grande crise no ano 2008. Un deses aspectos é a relación existente entre economía e política, entre o mercado e a democracia.

Certamente, obsérvase que a decisión política democrática ten limitada severamente a súa autonomía pola omnipresencia dos mercados de capital: é o que se chama “a camisa de forza dourada” que as finanzas imponen sobre os gobernantes elixidos, da cal hai una gran cantidade de manifestacións nos últimos anos. En Europa, e concretamente na eurozona, esas restricións son obvias, pois veñen marcadas polas propias regras de funcionamento do euro. Pero mais alá deste área, os límites sobre a política democrática son observables tamén en outras partes do mundo: se esa situación era xa algo común os países menos desenvolvidos desde hai moito tempo, a peculiaridade agora é que tamén afecta ó mundo industrializado.

É evidente, con todo, que o problema non afecta igual a uns países, e a uns gobernos que a outros. Alí onde os axentes económicos –privados ou públicos- están mais endebedados a restrición externa opera con mais forza, e os márxes de actuación dos gobernos son mais estreitos. En particular, toda esa situación vese moi agravada cando á débeda é –como no caso de España- fundamentalmente externa, é dicir, é posuída sobre todo por axentes económicos do resto do mundo (polo xeneral grandes operadores financeiros).

Toda esta situación, e o gran malestar social que trae de seu, constitúe unha das principais causas da actual aparición de diversos tipos de movementos populistas con amplo respaldo social. O cal represente un perigo obvio para a propia idea de democracia representativa. Por iso é importante sinalar que, tratándose como se trata dun problema obxectivo, os gobernos democráticos non están desvalidos ante as presións que reciben: a ese novo mundo de relacións coa economía deben saber adaptarse, e o deben facer con ductilidade e intelixencia. E poden facer tamén por reverter nalgunha escala ó factor que está no fondo do problema: a internacionalización financeira sen límites; algo que esixiría, en todo caso, un grao de coordinación supranacional que agora non se da pero que debemos procurar. Atopar mecanismos e vías para conciliar democracia e mercado, ese é agora mesmo un dos principais desafíos da política democrática. Os/as socialistas galeg@s queremos defender a importancia da democracia e da participación política da cidadanía para decidir as políticas públicas en tempos en que os mercados teñen un gran poder. Por eso apostamos pola democracia e a política democrática.

2.2. A PRIORIDADE DO EMPREGO

Durante os últimos anos o paro aparece en tódalas estatísticas como o gran problema dos cidadáns, especialmente entre os máis mozos. Un problema que moitos non ven xa como algo conxuntural, senón como algo que se prolongará polo menos nas próximas décadas.

Fronte a este pesimismo da sociedade que está xerando unha preocupante desafección política, o PSdeG-PSOE ten que representar, unha vez máis, a esperanza do cambio, como xa o foi dende os seus comezos, loitando pola xustiza social fronte a un capitalismo sempre tendente a desbocarse; durante a Transición, alcanzando reformas progresivas que melloraron as condicións de vida dos traballadores e traballadoras; e neste novo tempo, achegando políticas de emprego realistas pero audaces.

O papel do PSdeG-PSOE no contexto actual de políticas neoliberais ten que ser o de defensor e representante dos intereses dos traballadores e traballadoras, pero non só dos empregados públicos ou por conta allea, senón tamén dos emprendedores por conta propia e ós autónomos, porque é o conxunto de todos estes activos profesionais o que fai un país dinámico.

Dende o socialismo enfrontámonos a grandes retos do noso tempo en materia laboral: o paro, a precariedade, o baixo nivel salarial, a marxinação da xuventude, o desemprego de longo prazo, son algúns deles. Isto xera graves efectos de polarización na sociedade,

cunha minoría rica e unha maioría pobre ou pendente do risco de pobreza, ata o punto de crearse unha nova figura como é a do traballador empobrecido. Por todo isto, a creación de emprego debe ser unha das nosas prioridades principais.

O contexto actual que xerou a crise, de desemprego e xeneralización da temporalidade e da precariedade salarial, está impedindo un desenvolvemento normal dos plans de vida de moitos cidadáns, ensañándose especialmente nos colectivos máis vulnerables: mulleres, mozos, desempregados de longa duración, ou maiores de 45 anos. Colectivos que están vendo quebrantados os seus dereitos e ós que o PSdeG ten que dar saída, xerando políticas activas de emprego, con inversións dotadas suficientemente, que axuden a rexenerar as clases medias galegas.

Os Socialistas e as socialistas galegas temos que garantir a igualdade de xénero no mercado laboral, tanto en salarios como asegurando as oportunidades de crecemento profesional e fomentando a conciliación da vida laboral coa familiar, recuperando unha poboación activa feminina que retrocedeu por primeira vez na nosa historia, cunha fenda salarial entre sexos superior ó 24% e unha taxa de precariedade 3 puntos superior á dos homes. Ademais o 79% das persoas que traballan a tempo parcial son mulleres.

Na dualidade social que xeraron as políticas conservadoras, entre gañadores e vencidos, a gran perdedora é a xuventude, o noso futuro. Xente moza que non pode emanciparse sen un oficio que o garanta. Emprego que ademais debe ser digno e seguro, xa que na actualidade os traballos dispoñibles para os mozos son de baixa calidade, con salarios que na maioría dos casos non permiten superar o nivel de pobreza e nulas condicións laborais e cun nivel crítico de precariedade provocado por unha temporalidade do 95%. Isto produce un alto grado de incerteza que está levando á mocidade ó desánimo e á frustración e alterando os modelos de pertenza social, o ter que escoller ocupacións de baixo nivel tras anos de formación. E o que é peor, están a caer na resignación, avanzando pola pendente da vida sen ter logrado contratos fixos, o que xerará, nun futuro non moi afastado, unha crise social que en Galicia pode ser de gran calado, cando teñan que percibir pensións mínimas coas que non poderán afrontar unha vellez tranquila e digna.

Fronte a esta situación, dende o socialismo galego debemos impulsar políticas activas de emprego e de formación, dándolle á xuventude a confianza e a esperanza necesaria para que abandonen o decaemento, ofrecéndolles unha Galicia de futuro, terra de oportunidades, da que non teñan que seguir emigrando.

A evolución do mercado laboral en Galicia afondou na rebaixa salarial e na precarización, o que provocou que a contratación indefinida sexa menor, unha utopía para moitos traballadores, mentres que a contratación temporal seguiu ascendendo ata supor máis dun 80% das novas contratacións, que ademais se dividen en modalidades como o contrato a tempo parcial, contratos semanais ou contratos en prácticas, que non permiten xerar estabilidade e seguridade nos traballadores.

Para lograr o seu obxectivo de flexibilidade e liberalización abusivas, o PP non deixou de minar o movemento sindical, debilitando o poder negociador da clase traballadora para que a oferta e a demanda de traballo puideran operar libremente, obrigando a aceptar salarios á baixa e empregos inestables, así como facilitando o despido. Isto fixo que o número de convenios asinados en Galiza se reducira ostensiblemente, igual que o número de traballadores/as acollidos a eses convenios.

O Socialismo galego, nado da loita obreira, sabe ben que non pode haber emprego de calidade sen sindicatos fortes, por iso, se queremos combater estas medidas conservadoras e apostar por solucións que garantan o noso futuro como país, con empregos de calidade e salarios dignos, onde o traballo produtivo reciba remuneracións apropiadas, temos que promover unha alianza cos sindicatos, co dobre obxectivo de desenvolver un modelo de crecemento e un marco laboral baseado no diálogo social e na negociación colectiva, preservando a forza vinculante dos convenios e promovendo novas formas de organización dos traballadores a tempo parcial, autónomos ou independentes. Temos que recuperar o equilibrio de poder entre os traballadores e os empresarios, que o PP inclinou decididamente a favor dos segundos.

Temos que potenciar a estabilidade e a calidade no emprego; temos que reducir a temporalidade e a utilización causal da contratación.

Temos que mellorar a regulación e a protección do emprego, potenciando a Inspección de Traballo e a coordinación cos sindicatos para perseguir prácticas abusivas, como a contratación de falsos autónomos/as e falsos becarios/as por parte de empresas e incluso da Administración.

Temos que impulsar medidas de prevención de riscos laborais, coordinadamente cos axentes sociais, para frear o inaceptable incremento dos accidentes laborais por causa da mala calidade do emprego. Non podemos permitir que Galicia duplique a media estatal de sinistros mortais, cun incremento do 6,31% no último ano.

Fronte o drástico recorte das políticas de emprego levado a cabo polo goberno de Feijoo, de ata un 50%, os Socialistas galegos, ademais de priorizar medidas que fomenten o emprego, debemos recuperar estruturas públicas infrautilizadas, como o Servizo Público de Emprego, que está sendo substituído por ETT privadas, incidindo na perda salarial.

A formación tamén é unha prioridade para o PSdeG, xa que se trata dun factor determinante para que os desempregados poidan atopar emprego e os traballadores poidan manter unha profesionalización crecente que sexa útil para o mantemento e produtividade das súas ocupacións. Os itinerarios de formación para desempregados e a formación profesional dual deben xogar un importante papel na procura dunha Galicia cun alto nivel de formación que redunde nunha maior produtividade e conseguintemente, na creación de empregos de calidade.

A economía global está cambiando por causa da revolución tecnolóxica ou a robotización, dando lugar tamén a novos empregos e novos modos de produción. Galicia, que conta coa xeración mellor preparada e altamente cualificada da súa historia, non pode desaproveitar este capital humano e as posibilidades laborais da economía dixital, que supón un factor fundamental para xerar un maior crecemento e unha economía moderna, resistente ós efectos das crises. Para elo o PSdeG debe fomentar o estudo e a formación para o desenvolvemento das novas competencias necesarias nesta nova economía, así como impulsar a investigación e a innovación tecnolóxica, xerando un traballo cualificado que redundará en maiores niveis de produtividade, maior competitividade e un maior nivel de renda por habitante, xa que a cualificación é un factor de valor engadido.

O Partido Popular, que ven actuando en Galicia de sucursal do Goberno conservador, está sendo un alumno avantaxado na aplicación da austeridade e da reforma do mercado laboral, ata o punto de que se está fomentando a precariedade na propia Administración ou mediante o uso abusivo da privatización dos servizos públicos, o que redundará na baixa calidade dos empregos. Uns servizos públicos cuxa debilidade e falta de inversións son unha das razóns da escaseza de postos de traballo na nosa terra.

Ante a perda de poboación, causada pola emigración de milleiros de mozos á procura dun futuro, a caída de activos e ocupados e o aumento dos desempregados, a única solución que ven dando o goberno de Feijoo é a exclusión social ou o desterro.

Dende o 2009, en que o PP chegou á Xunta, aumentou o número de pobres, o índice de parados elevouse nun 115%, as horas traballadas reducíronse nun 20%, os salarios caeron máis dun 6%, a taxa de emprego caeu a valores similares ós do ano 2000 pero

coa taxa de paro de 1994, máis de 150.000 persoas levan máis dun ano en paro e máis de 170.000 non perciben ningunha prestación por desemprego, máis de 75.000 postos son de menos de media xornada, a taxa de precariedade aumentou en 2,5 puntos, o número de convenios asinados reduciuse á metade, e o déficit da Seguridade Social creceu a un ritmo de 400 millóns ó mes. Todo isto demostra que o modelo insolidario dos conservadores está afondando na desigualdade, no aumento do precariado e na destrución do poder organizado dos traballadores.

En resume, o goberno de Núñez Feijoo non foi quen de crear no entorno macroeconómico galego, do que depende a actividade económica e a creación de emprego, as condicións para a creación e o reparto da riqueza, nin tampouco foi quen de crear o marco institucional que precisa o mercado de traballo galego para crear máis e mellor emprego. Todo o contrario. Esta é a realidade que o PSdeG ten que afrontar e facerlle ver ós mozos e mozas, ós desempregados, ós precariados, ós doentes da realidade, ós pensionistas, que sustentan familias enteiras de esquecidos do mercado laboral, ós cidadáns en xeral, abríndolle os ollos a unha Galicia nova, cargada de futuro.

Para volver á senda do emprego estable, digno e de calidade é necesario que @s socialistas de Galicia traballemos para recuperar a Xunta de Galicia e a confianza dos traballadores e traballadoras galegos, porque a precariedade non crea emprego, crea desigualdade e frustración vital.

2.3. DAR RESPUESTA Ó DESAFÍO DEMOGRÁFICO

A problemática demográfica constitúe unha cuestión fundamental e relevante, un auténtico tema de país, pois é un factor determinante e de máxima importancia para o noso futuro. Un enorme reto ao que ten que facer fronte a nosa Comunidade.

Incidir positivamente na súa evolución, é un dos obxectivos centrais que os socialistas propugnamos ante calquera toma de decisión para Galicia, cunha formulación fora de calquera lóxica conxuntural ou de curto prazo.

Porque cun saldo vexetativo negativo e un avellentamento tan acusado, se está a pór en perigo a mesma substitución xeracional que a sociedade galega necesita.

Incidir nas variábeis demográficas require un fondo cambio de actitude que remate con calquera clase de resignación ou pasividade. Partindo dunha análise que non debe limitarse soamente a un estudo parcial dos determinantes da fecundidade, senón que

debe ter en conta aspectos relevantes, dende o avellentamento progresivo da nosa sociedade, ca problemática específica en canto á concentración espacial da poboación, ata as interrelacións que os comportamentos demográficos teñen con ámbitos fundamentais como o do mercado de traballo, a vivenda, a igualdade de xénero ou os movementos migratorios.

Cuns obxectivos encamiñados cara á elevación dos índices de fecundidade e inmigración, e tendo en conta a relevancia específica dos retos do avellentamento poboacional na dimensión territorial, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, e o interior das de Coruña e Pontevedra.

Propugnamos ademais que calquera estratexia para a revitalización demográfica contemple medidas operativas que podan ser controladas, avaliadas e revisadas, que teñan pois un carácter cuantificable e temporalizable.

Propostas que requirirán dun substancial aumento orzamentario no gasto a realizar por parte das administracións públicas, especialmente do goberno de España e a Xunta de Galicia.

Para todo o cal deberá lograrse o máximo consenso político e social posible, tal que implique poñer en marcha as necesarias propostas e medidas sostibles a longo prazo, deixando ao marxe intereses partidarios ou corporativos, para centrarse en obxectivos e instrumentos operativos que contén cun amplo respaldo.

Desafortunadamente, o actual executivo autonómico non tivo en conta tales premisas, e as propostas que os socialistas en diversas ocasións nos últimos anos formulamos non foron consideradas. Pois o chamado Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, constituíu unha estratexia electoral de propaganda para agochar a falla de resposta real do goberno galego a estas cuestións, e non tivo o mais mínimo efecto práctico, nin dende unha perspectiva cualitativa nin cuantitativa.

A recente constitución do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, configurado como un órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de demografía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, debería de facilitar un coñecemento pormenorizado da realidade demográfica galega. Ademais de asesorar as administracións públicas para a inclusión da perspectiva demográfica no deseño das políticas públicas.

O crecemento demográfico é un compoñente esencial para o benestar social e o desenvolvemento económico de Galicia, cuxos eixos de actuación básicos deben implicar:

- * Favorecer a incorporación da muller ao traballo, a conciliación da vida laboral e familiar e a estabilidade no emprego de mozos e mozas, avanzando cara a un novo consenso social ao redor da planificación horaria.

- * A extensión dos servizos sociais, tanto na súa dimensión de facilitar a crianza dos fillos, incluído o aumento de prazas públicas en escolas infantís, como de atención ás necesidades derivadas do avellentamento da poboación.

- * Facilitar a emancipación da xuventude, a través do acceso á vivenda en réxime de propiedade ou aluguer, así como outras medidas de apoio, vinculadas en moitos casos a formación.

- * Impulsar a mobilidade laboral e o saldo migratorio positivo para Galicia, con políticas que teñan en consideración aos galegos/as no exterior e as políticas de integración dos inmigrantes.

- * Impulsar unha política de incentivos en distintos campos, e singularmente na utilización da fiscalidade e incentivos propios da Xunta de Galicia.

- * Promover a fixación de poboación nas zonas de forte despoboamento, contrarrestando a tendencia á polarización espacial interna, incluíndo o apoio público a medidas favorecedoras ao medio rural, tanto no ámbito dos servizos sociais nun senso amplo, como da discriminación positiva nos mecanismos de apoio as actividades económicas e a creación de emprego.

2.4. UNHA POLÍTICA INDUSTRIAL E DE I+D+i

A herdanza do goberno de Nuñez Feijoo en materia de política industrial e en I+D+i non pode ser máis desoladora: desmantelamento de varias actividades industriais, fuxida de empresas cara o norte de Portugal, desemprego e inversión en I+D+i nun dos peores niveis da UE e afastados da media estatal. A carencia dunha política económica propia para o país ten levado a unha situación de progresivo esmorecemento da industria, o sector empresarial e a innovación en Galicia. Feitos que resultan consecuencias directas da mala organización da xestión económica, comezando pola propia organización do IGAPE e das entidades promotoras da xestión da I+D+i como GAIN ou AMTEGA.

Pero esta situación empeora se a unimos a unha total falla de visión de futuro ante o gran reto do cambio climático. O cambio climático non é só unha ameaza medioambiental. Chegou para quedarse e é preciso afrontar os retos dunha economía baixa en carbono e circular, innovadora e eco-eficiente. E este feito é transcendental pois afecta a toda a cadea de valor da economía galega e internacional. As necesidades de eficiencia no consumo de recursos, materias primas e organización para facer fronte a este cambio de escenario precisa un enfoque integrado do que Galicia carece agora mesmo un intre no que non só temos que saír da grave crise que asolou o noso país dende o ano 2008, senón que temos que saír reforzados e máis preparados. Pero as cifras da industria galega non invitan á esperanza.

O ciclo da produción industrial galega ven sendo claramente descendente dende o ano 2010. O pouco pulso da demanda, tanto española como europea, está detrás deste comportamento. Observando a evolución da economía galega apreciase como o sector industrial non termina de alcanzar sequera o 20% de peso no conxunto da economía galega. Estamos por debaixo da media española e especialmente lonxe de economías situadas tamén no norte peninsular como Cataluña e País Vasco. Realidades como esta explican que Galicia sexa a unha das comunidades autónoma do norte de España coa taxa de paro máis alto.

O sector estritamente manufactureiro en Galicia apenas chega ao 13,30% do PIB galego. Dende que Feijóo chegou ao poder en 2009 houbo unha caída continuada do VEB superior ao 20% neste sector. A fragilidade industrial crecente da nosa economía require dunha Estratexia Galega de Modernización Industrial e Competitividade para competir con países con altas taxas de I+D e outros de baixos custos laborais e medioambientais. É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro, que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0.

Inda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da UE. O modelo organizativo da industria instalada en Galicia está a mudar ante a nova competencia internacional, como tamén o están a facer as estratexias para poder participar con éxito no mercado mundial. Neste senso, é preciso entender que o sector industrial galego debe apostar por estratexias que garantan a supervivencia da propia industria nunha economía cada vez máis globalizada nun contexto de economía galega no que estamos por debaixo da media europea en gran empresa e temos un importante número de PEMES que precisan axuda, por non falar do

abandono da política de emprendemento e o apoio aos autónomos/as, a necesidade de reequilibrar territorios e ter especial sensibilidade con zoas con dificultades industriais específicas, por exemplo cun novo e revitalizado Plan Ferrol.

Os pilares da política industrial que os socialistas queremos promover poden así resumirse, dun lado, no estímulo da transformación estrutural da economía facilitando o transvase do emprego cara actividades intensivas en coñecemento con rateos de produtividade maiores; e por outro, na reforma das regras e normas formais e informais (leis, normativas, valores, practicas empresariais e políticas, etc.,) que determinan os incentivos do noso capital humano para o emprendemento, para incrementar a eficiencia na utilización dos recursos e para desenvolver en xeral as capacidades que garanten un crecemento sostido da produtividade.

A política industrial de Galicia debe por tanto, camiñar cara dous obxectivos:

a) Impulsar e xerar, dende o diálogo social, as condicións para a mellora da competitividade, innovación, modernización, financiación, expansión e crecemento das PEMES galegas no seu camiño a construír mellores e grandes empresas dende un enfoque eco-eficiente.

b) Impulsar a Industrialización, a aparición de novas industrias e proxectos empresariais, así como a captación de inversións que xeren emprego e valor engadido tendo en conta os desafíos do cambio climático.

Outra cuestión determinante na análise da industria en Galicia é a súa localización territorial. Máis do 80% da produción e o emprego industrial se xera nas provincias de A Coruña e Pontevedra, e non resultando esaxerado indicar que a súa presenza se circunscribe aos sete principais núcleos urbanos e súa contorna. Nestes lugares o seu desenvolvemento viuse interrompido polo déficit de terreo industrial. Por outra banda, son aínda escasas as relacións de complementariedade existentes entre os diferentes núcleos industriais galegos. Non se constata a existencia dun sistema de redes que vertebre o conxunto do territorio galego dende o punto de vista industrial nin un enfoque, necesario de especialización dos polígonos industriais. A realidade é que o peso do sector industrial en Galicia non alcanza o 20% en ningunha das catro provincias da comunidade autónoma namentres que en Europa a media se sitúa no 30%.

Lembremos que o noso Estatuto de Autonomía, no seu artigo 30, sinala que lle corresponde á Comunidade Autónoma o fomento e planificación da actividade económica en Galicia, polo que o peso da política industrial galega compete á Xunta de Galicia. Galicia precisa, xa que logo, ter unha política económica que teña como obxectivo velar

polas condicións estruturais básicas da economía galega. Unha delas é, sen dúbida, ter un enfoque propio sobre o solo empresarial.

Carecer dunha infraestrutura tan básica como o solo empresarial urbanizado foi, e segue a ser, un dos principais estrangulamentos no desenvolvemento da industria en Galicia. O caso da zona de Vigo é especialmente paradigmático na historia da nosa comunidade autónoma, feito agravado pola progresiva fuxida de empresas a veciña Portugal.

Os socialistas apostaremos por ter un enfoque propio de industrialización, promoción e xestión do solo industrial, e por medidas concretas que aposte pola especialización, a complementariedade e as políticas transversais no solo industrial.

Así mesmo, debemos comezar a ver e deseñar os parques e áreas empresariais como un todo, no que debemos preocuparnos tamén polas súas dotacións e espazos, aplicando políticas transversais para conseguir un triplo obxectivo: parques eco-eficientes, parques conciliadores e parques conectados e dixitalizados.

A política de I+D+i ten amosado tamén neste anos un forte retroceso. Os recortes orzamentarios no ámbito do I+D+i, dende que goberna Feijóo teñen acadado os 150 millóns de euros, pero o que aínda é mais grave, é que das minguantes cantidades orzamentadas, deixáronse sen executar en torno a 200 millóns de euros, o que amosa a elevada incompetencia na xestión.

A entrada en vigor do novo Plan autonómico, tense traducido na caída de recursos en relación co PIB, pasando do 1,04 % do PIB no 2008 ó 0,89 % no 2015, a niveis de Turquía e Ucraína, a sexta porcentaxe menor para todas as CCAA, fronte á media do 1,22% do PIB que representa para o conxunto de España.

Todos os datos de carácter cuantitativo mostran que a fenda co conxunto de España está a aumentar, a pesares da publicidade e a propaganda. A pesares do mantra da “**Industria 4.0**” do PP, a realidade é que Galicia ocupa un modesto 10 lugar a nivel estatal e reduciu o seu esforzo en I+D+i durante o goberno Feijóo nun 25% mentres a Estratexia de Especialización de Galicia RIS3 non está a dar os froitos desexados pola falla de recursos.

Tense producido tamén, na nosa opinión, unha debilidade do modelo, pois hai un error centrando os esforzos de maneira case exclusiva na Axencia Galega de Innovación, e incidindo moito menos, na investigación básica e aplicada, onde o papel das

administracións públicas debería de ser máis relevante (como actor e como impulsor), pero é certo que a investigación básica permite moitas menos doses de publicidade e propaganda.

A modernización de Galicia pasa por deixar atrás as políticas conservadoras e de recortes e apostar por un modelo económico que xunto a sectores tradicionais incorpore actividades innovadoras, empresas de base tecnolóxica, parques científicos e tecnolóxicos, ... Pero o goberno de Feijoo non é quen de dar un pulo á modernización e dinamismo innovador da economía galega. A aposta pola innovación é unha cuestión de presente e de futuro, e é fundamental para incrementar a competitividade das nosas empresas.

Os socialistas converteremos o I+D+i nun eixo de referencia das políticas da Xunta de Galicia, con maior atención nos presupostos e apostando polo talento da xente nova e dos centros asentados, potenciando a innovación e a investigación nas universidades, centros públicos e empresas privadas ao servizo de Galicia e da súa economía, como tan ben están a desenvolverse noutras comunidades como o modelo do IBERBASQUE.

É por elo que o PSdeG é consciente de que a innovación é unha peza fundamental do noso modelo de crecemento e competitividade da nosa economía e precisamos un enfoque claro e ambicioso neste eido, cun novo Plan Galego de I+D+i.

Nos vindeiros anos ao labor político e institucional do PSdeG en materia de industria debe ter as seguintes liñas de traballo:

Reformar a gobernanza da política industrial en Galicia – Promovendo a revisión da estrutura administrativa en materia industrial, claramente fragmentada e ineficaz, especialmente o labor do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que precisa unha clara refundición e redefinición.

Recuperar o diálogo social – O PSdeG deber propoñer unha política industrial consensuada cos axentes sociais facendo do diálogo social un compromiso político coa sociedade e unha ferramenta de acordo e lexitimación das súas propostas para o país. Para elo, promoveremos acordos cos sindicatos e representantes do traballadores e coa Confederación de Empresarios de Galicia.

Mellorar a competitividade dos factores produtivos clave – Apoiando as melloras loxísticas e o redeseño de procesos cara unha industria mellor formada, organizada e xestionada que aposte pola hibridación coa universidade e os centros tecnolóxicos.

Reconstruír a política de emprendemento – Distinguindo nitidamente a política de emprendemento da política de creación de empresas para centrar a intervención naquelas iniciativas máis intensivas en coñecemento e de maior risco asociado e impulsando a coordinación das redes de viveiros, incubadoras e aceleradoras de proxectos das diferentes institucións públicas que operan en Galicia dende o local ao estatal e de carácter público e privado para coordinar a súa acción e avaliar as necesidades existentes.

Favorecer a transición cara a descarbonización e desmaterialización das plantas industriais – Apoando o redeseño de procesos eco-eficientes orientados a minimizar o consumo de recursos (materias primas, auga, envases, embalaxes, etc.) e emisións, a través do uso de fontes de enerxía renovables e implantación das mellores técnicas dispoñibles e priorizando as actividades de i+d+i empresariais e tecnolóxicas enfocadas á mellora da sostenibilidade enerxética e medioambiental.

Mellorar o atractivo de Galicia para recuperar actividades deslocalizadas e estimular a incorporación de novas actividades manufactureiras – A través dunha clara e ben coordinada política de internacionalización e de atracción de empresas e actividades produtivas actualmente desenvolvidas fora de Galicia. Para elo debemos revisar en profundidade a nosa acción exterior de promoción.

Novo coñecemento para a industria– A través do desenvolvemento de novas actividades industriais vinculadas ao novo coñecemento require a formación dun entorno propicio ou ecosistema para tales actividades e o apoio á modernización tecnolóxica e á incorporación da industria manufactureira galega na xeración avanzada da industria 4.0

2.5. DINAMIZAR O MEDIO RURAL

Tódalas estatísticas indican que o medio rural galego languidece dende hai 30 anos. As causas son múltiples e profundas, pero en todas elas aparece o falta de acción política por parte da Xunta de Galicia para revertir esta situación e facer que o noso rural (que supón o 90% do noso territorio) sexa atractivo para vivir nel e vivir del. A falta de obxectivos e perspectivas a medio e longo prazo fixo que as actividades vinculadas ó territorio foran tendo cada vez menor interese. É o momento de aproveitar a enorme calidade das nosas terras e o noso clima para producir para mercados nos que se valoren os nosos produtos con calidade diferenciada como denominacións de orixe, indicacións xeográficas ou produtos ecolóxicos.

Os elementos clave que permitirían cambiar esta situación pasan por sentirnos **orgullosos do noso rural**, recuperar a motivación da xente que vive na actualidade e ser capaces de darlle a volta a caída demográfica que acontece nas nosas aldeas. Para elo é necesario mellorar as condicións de vida da poboación rural galega, especialmente a través da creación de emprego e o aumento da renda dos gandeiros, agricultores e silvicultores. A incorporación de mozos e mozas como agricultores a título principal vai ser o eixe vertebrador para o mantemento do sector primario vivo en Galicia. Esta incorporación non debe ser consecuencia da falta de alternativas noutros sectores económicos senón polo contrario, unha aposta decidida por unha forma de vida atraínte e con futuro.

Os gobernos da dereita en Galicia caracterizáronse por unha falla de modelo que no territorio supuxo anarquía, conflitividade e abandono. O rural galego ten que ser planificado de forma integrada coa creación de servizos de apoio a cidadanía e desenvolvemento económico específicos, para atender as necesidades e as características da xente e das actividades que alí se leven a cabo. Para acadalo é necesario contar cunha **administración proactiva** que promova a coordinación e o desenvolvemento de estratexias conxuntas, interdepartamentais e interadministrativas, que poña en marcha iniciativas e apoie as que xurdan nas aldeas e vilas galegas.

Unha **administración que escoite e fale co rural**, que estea presente e anime a participar en tódolos foros a representantes dos diferentes sectores e territorios, non por falar, senón para facer propostas que se artellen posteriormente en cambios lexislativos e administrativos. Especialmente importante serán aquelas actividades consensuadas que contribúan a pechar ciclos produtivos. A produción de alimentos de calidade é un dos principais activos da economía galega. Preténdese reivindicar a defensa da utilización, consumo e distribución de produtos agroalimentarios galegos para pór en valor os nosos recursos e para xerar riqueza mediante o peche do ciclo produtivo.

Toda acción de mellora debe contemplar determinados parámetros do século XXI en calquera país avanzado, como son **sustentabilidade, innovación, asociacionismo e cooperación** e máis concretamente aspectos chave como son o fomento da **mobilidade de terras** que permita reformar e ordenar as estruturas agrarias, de xeito que a superficie útil abandonada sirva para aumentar a base produtiva. Tamén dar un impulso as concentracións parcelarias con acompañamento dun plan de avaliación ambiental que evite situacións de deterioro ecolóxico asociadas ás concentracións e plans de aproveitamento de cultivos.

Referímonos a continuación a determinados aspectos sectoriais:

Forestal – Trátase dun sector altamente estratéxico tanto pola súa realidade económica como polo seu potencial, ademais de estar estreitamente relacionado coa esencial función ecolóxica que desempeñan os bosques. Os obxectivos deben ser aumentar a produtividade e eficiencia do noso monte, facer máis competitiva a nosa industria forestal, activar a xestión forestal sostible e integrar o monte na sociedade e no medio rural. Un futuro desexable para o sector forestal pasaría por que fose percibido pola sociedade como estratéxico, e que da súa transformación se obtivésese un impacto positivo na riqueza e emprego de Galicia. Unha industria que aposte fortemente polo I+D+i., e no deseño de novos produtos que aumenten valor engadido.

É preciso que a industria se integre coa propiedade para que o recurso estea dispoñible cando sexa necesario e o propietario participe da xeración de coñecemento. Necesitamos contar cun sector máis diversificado, planificado e transparente.

É importante destacar que a función ecolóxica do bosque, asociada co dereito constitucional a un medio ambiente adecuado, determina a urxente e aguda necesidade de revisar en profundidade unha política forestal que non tivo en conta outra orientación que a produtiva, o cal deriva, nos últimos tempos, na tendencia á completa substitución do bosque galego por un monocultivo forestal de especies de rápido crecemento que non é compatible co dereito antes mencionado, ademais de ser pouco recomendable dende o punto de vista económico, por canto a ausencia de diversificación comporta riscos de pragas, baixadas de prezos e ausencia de alternativas produtivas axeitadas a cada terreo e territorio, ademais de potenciación e intensificación dos lumes. De feito, poderíamos dicir que a política forestal en Galicia está por implantarse, dado que o que fixeron os sucesivos gobernos do PP nesta materia non é merecedor de tal nome, sendo meramente un deixar facer sen planificación nin racionalización algunha.

Mención especial merece o **lume**. Os incendios forestais son o principal problema ambiental de Galicia, ademais dun problema económico -o custo de extinción resulta moi elevado- co potencial de poñer en grave risco vidas e facendas, segundo tivemos ocasión de comprobar de forma lamentable e trágica recentemente. O cambio climático incrementa cada vez máis as condicións potenciais para a xeración de lumes. O lume é un síntoma de gran número de problemas que afectan nos últimos anos a gran parte do rural galego. Fronte ao lume cultura (amais de prevención e silvicultura): o mellor lume é o que non se produce, polo que hai que apostar por apagar os lumes falando coa xente (o

95% dos lumes están relacionados con causas vinculadas as persoas, polo que a redución dos incendios forestais pasa por traballar activamente nas causas vinculadas a acción humana). De forma paralela hai que reconverter o investimento en extinción en prevención activa (silvicultura, resolución de conflitos, investimentos na ordenación do territorio, incremento da valoración que se ten do monte, .. .), así como diversificar a produción forestal e respectar e protexer moito máis e mellor os mermados bosques autóctonos que se conservan.

Vacún Leite – O sector lácteo, estratéxico para a nosa economía, non depende só de produtores, industrias e goberno, senón tamén dos distribuidores e das persoas consumidoras. É necesario que o prezo do leite sexa tratado dignamente tanto en orixe coma nos puntos de venda. As ordes de axudas dirixidas ás industrias agroalimentarias que operan en Galicia deben priorizar as cooperativas e empresas que lles paguen un prezo digno aos produtores.

Vacún Carne – Este sector xoga un papel esencial para manter actividade económica en moitas comarcas de Galicia nas cales non se teñen xerado moitas alternativas. O papel esencial dende o punto de vista social e ambiental que xogan estas explotacións debe facer que sexa atendido de forma preferente pola Administración Autonómica apostando por incrementar as axudas directas a aquelas explotacións cun comportamento social e ambientalmente responsable.

Ovino – Cabrún – Este sector está destinado a desempeñar un importante papel en amplas zonas do territorio galego. Ademais do beneficio económico directo posibilita un mecanismo de loita contra os lumes. Requírese a posta en marcha dun plan en conxunto co sector para a súa difusión e transformación en produción ecolóxica, creación de marcas diferenciadoras de Galicia e procura de mercados fora da rexión para a súa comercialización.

Porcino – As liñas de actuación pasan, entre outras, pola confección dun plan de apoio ós matadoiros e a industria de transformación galega para valorización dos produtos derivados do porco, a posta en marcha de actuacións encamiñadas a favorecer a viabilidade das actuais explotacións tales como axudas directas a aquelas reformas das instalacións para o cumprimento da normativa en materia de benestar e sanidade animal e un plan de promoción de consumo da carne de porco.

Avicultura e cunicultura – A dinamización deste sector require unha aposta por dar transparencia á produción e as relacións coa distribución, a posta en marcha dun plan

para axustar o custe enerxético das granxas, a aposta pola transformación en produción ecolóxica para aquelas explotacións de menor dimensión, un plan de promoción, consensuado co sector, dos beneficios para a saúde do consumo de coello e polo e a posta en marcha dun plan de promoción de novos formatos para o consumidor destas carnes.

Viño - Constitúe un sector esencial dende un punto de vista económico, social e ambiental para cada vez máis amplas comarcas de Galicia e para o conxunto da rexión. Son moitas as familias de galegos/as que teñen neste sector a súa principal fonte de ingresos, pero son tamén moitas aquelas para as que supón unha compoñente de ingresos adicionais a súa renda principal. Compre a actualización do censo de produtores en tódalas D.O. e a aprobación de contratos homologados en tódalas zonas produtoras de xeito que o prezo final do viño estea indexado no prezo que se paga pola uva e o valor repercute en toda a cadea produtiva.

Horta e flor– Faise necesario o apoio ó funcionamento dos consellos reguladores e os investimentos relacionados coa produción e a comercialización de produtos de calidade, un plan de axudas para mellorar a tecnificación das explotacións a través de programas formativos, o fomento do investimento en tecnoloxías e maquinaria agrícola en común, a transformación e comercialización; axuda para garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección dos cultivos, impulsar o asociacionismo e a colaboración para por en marcha proxectos en común.

2.6. COMPROMISO CO SECTOR PESQUEIRO

O sector pesqueiro galego constitúe un sinal de identidade propia na historia e na realidade social de Galicia, constituindo un elemento clave na nosa economía así como un patrimonio inmaterial característico do país. Fronte ao retroceso do sector pesqueiro que se produxo cos gobernos de Feijoo, os socialistas debemos facer unha aposta decidida polo sector pesqueiro galego, fomentando o diálogo cos distintos axentes do sector e buscando fórmulas que melloren a calidade de vida dos traballadores e traballadoras do sector.

O balance do goberno de Feijoo en pesca é fondamente negativo: menos emprego no sector, problemas coa asignación de cuotas, fracaso de interlocución e falla de diálogo co sector, peor calidade de vida para os pescadores, máis burocracia,... Feijoo foi nefasto para o sector pesqueiro galego, provocando a perda de casi o 20% do emprego no sector durante os seus anos de goberno. Non nos resignamos a que a pesca galega perda peso

e capacidade de interlocución a nivel europeo e nacional, nin que as competencias pesqueiras da Xunta sexan mal xestionadas polo PP.

A sustentabilidade da pesca, o avance tecnolóxico e innovación científica e a búsqueda de competitividade do sector teñen que ser combinados cun papel activo do goberno da Xunta na defensa dos intereses da pesca galega en todas as institucións públicas, así como co diálogo e planificación do sector.

A elaboración dunha Estratexia Galega do Mar e do Sector Pesqueiro e Acuicultura debe ser unha das apostas máis importantes para determinar unha folla de ruta integral que permita orientar a xestión pesqueira, acuícola e das industrias relacionadas. Debemos impulsar a posición de Galicia á cabeza da Innovación no sector pesqueiro impulsando medidas tendentes á apoiar a I+D+i pesqueira e de transformación.

Unha pesca que debe apostar pola sustentabilidade entendida como durabilidade e equidade. A comunidade científica ven advertindo dende fai décadas sobre a estreita interdependencia que existe entre a dimensión económica, a social e a ecolóxica da acción do home. Porque a pesca non é só importante polo emprego que xenera, senón que é fundamental para fixar poboación e realizar unha correcta xestión dos nosos recursos e materias primas que contribúen a soportar a nosa economía e medio mariño.

Os socialistas galegos apostamos por desenvolver un Plan de Rexeneración Integral das Rías Galegas, que permita conciliar a defensa do medio coa sostenibilidade e rexeneración dos recursos e a potenciación do sector pesqueiro.

A acuicultura debe estar ao servizo do país. Fronte á aposta exclusiva polo sector pesqueiro, dende o socialismo tamén defendemos a relevancia da acuicultura como un sector de futuro que ofrece posibilidades de emprego e desenvolvemento, asumindo que este desenvolvemento ten que ser compatible coa sostenibilidade do medio natural e do sector pesqueiro. Asimesmo, consideramos as posibilidades de desenvolvemento da acuicultura como algo propio do país, que lonxe de ser obxecto de control por parte de capitais foráneos e internacionais, cómpre entender como un recurso propio para ser principalmente desenvolto por parte de profesionais galegos con experiencia no sector.

@s socialist@s defendemos a necesidade dun fortalecemento da posición institucional do goberno da Xunta en materia pesqueira a nivel nacional e europeo, así como mellora das relación bilaterais nos países nos que temos presenza da flota ou de industrias pesqueiras. Isto implica un compromiso e maior acción institucional na defensa dos

intereses do sector pesqueiro galego ante institucións europeas, nacionais e de terceiros países. E tamén a defensa das cuotas para o sector pesqueiro galego e búsqueda de acordos internacionais, tendo en conta situacións que non son satisfactorias e que os barcos galegos reduciron as súas posibilidades de pesca en diversos caladoiros como Gran sol ou onde foron totalmente expulsados do caladoiro como en Mauritania e Marrocos.

O PSdeG aposta pola investigación e innovación ao servicio dun enfoque que compatibilice a conservación dos recursos pesqueiros e do medio mariño có desenvolvemento económico do sector.

O socialismo galego comprométese co impulso e mellora de Áreas Marinas Protexidas para que as existentes funcionen adecuadamente, facendo melloras nas reservas mariñas de Lira e Cedeira, así como o desenvolvemento de novas áreas có fin da recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.

2.7. UN SECTOR TURÍSTICO CON FUTURO

É habitual afirmar que Galicia entrou tarde no mercado turístico, por unha banda copiando o modelo de sol e praia, dominante desde os anos 60 na España mediterránea e pola outra banda, mesturando relixión e turismo cunha relativa secularización dos Anos Santos. O certo é que, aparte de promocionar o Xacobeo de 1983 e proxectar a imaxe do peregrín cun elevado gasto en publicidade, non se observan trazos relevantes de política turística por parte da administración da Xunta, desde que en 1981 recibise as competencias nesta materia.

Cómpre en todo caso, destacar que copiando modelos alleos (portugués e francés) e aproveitando as axudas dos programas europeos Leader, foi creada unha liña de apoio e fomento do turismo rural, o que implicou un forte crecemento da oferta, pero sen apenas efecto sobre o desenvolvemento rural por falta dunha estratexia claramente dirixida a ese obxectivo.

A evolución da actividade turística en Galicia non pode entenderse fora do contexto mundial, marcado neste momento por catro grandes trazos: en primeiro lugar pola diversificación do tempo libre, que provoca demandas específicas alén da tradicional estacionalidade nos meses de verán e obriga a unha constante innovación na oferta para adaptarse ás novas oportunidades de negocio. En segundo lugar, asistimos a un notable cambio nos valores sociais, o que define unha demanda máis esixente coa conservación ambiental e reduce por exemplo, o atractivo da masificación nos hoteis de praia. En

terceiro lugar e como consecuencia do incremento das expectativas de vida, a idade dos consumidores de servizos turísticos é cada vez maior, o que implica unha demanda específica e con poucas limitacións de estacionalidade. Por último, o uso xa maioritario das TIC converte aos turistas en consumidores ben informados e esixentes na relación calidade/prezo, impondo ás empresas unha cotián actualización da tecnoloxía para informar axeitadamente das súas ofertas.

Todo isto, en lóxica, condiciona as estratexias da política turística para Galicia, comprometendo aos socialistas a unha fonda reflexión sobre os modelos máis acaídos para que este sector sexa un importante apoio para o conxunto do sistema produtivo galego e axude a xerar desenvolvemento na nosa terra.

A actividade turística con maior impacto económico e creación de emprego nas dúas últimas décadas segue a ser a asentada no litoral, que supón en torno ao 55% da renda xerada polo sector. Iso significa que debe protagonizar a reflexión máis relevante para nós, por canto constitúe ao mesmo tempo a maior ameaza ao ambiente polo deterioro do litoral e porque aparece afectada de forma moi notable pola estacionalidade e a climatoloxía, cun forte impacto negativo sobre a calidade do emprego (temporalidade e baixos salarios). Neste caso a estratexia debe enfocarse en dous sentidos, por un lado con normativas que poñan orde na ocupación da costa, e polo outro lado, con actuacións positivas, premiando unha oferta ecolóxica e fomentando o uso dos produtos locais (por exemplo, alimentos), o que debe implicar en paralelo unha maior cualificación e calidade do emprego.

O turismo rural, pola súa parte, precisa unha estratexia ben definida e orientada ao obxectivo de funcionar como un factor importante de desenvolvemento. A política de subvencións debería premiar e fomentar a máxima interrelación co sistema produtivo local, así como a cooperación horizontal de empresas, a fin de conseguir sinerxías en positivo para o conxunto das actividades. A tendencia xeográfica, contrariamente ao que observamos neste momento, ha de pensarse establecendo áreas de agrupamento en torno aos principais recursos naturais e etnográficos do país, e mesmo debuxando itinerarios que concentren núcleos de atracción para os segmentos de demanda interesados neste tipo de oferta.

Os Xacobeos e o Camiño de Santiago son ben coñecidos xa como un dos atractivos máis relevantes de Galicia, que conseguiron proxectar a nosa imaxe como destino final do primeiro itinerario cultural de Europa, sumado á característica da súa singularidade única no mundo. Con todo, as políticas de promoción do Camiño foron ao longo dos últimos

anos ás veces confusas, cando non erráticas, cambiando dun ano para outro por exemplo, a imaxe dos logotipos, elementos fundamentais do marketing. Unha promoción intelixente debería situar este itinerario dentro do conxunto da oferta turística do territorio galego, elaborando unha estratexia orientada a estender o concepto de itinerario cultural a toda Galicia, conseguindo así que os camiñantes descubran as diferentes ofertas do país, motivando o seu regreso como turistas, visitando con máis tempo os pobos e incrementando en consecuencia, os ingresos do sector.

Desde os inicios da década dos 90, as institucións de Galicia e a Região Norte de Portugal traballan na construción dunha Eurorexión, fomentando a cooperación transfronteiriza en tódolos ámbitos sociais e económicos, e neste novo concepto territorial europeo cómpre configurar un destino turístico conxunto, sumando ofertas e sobre todo, aproveitando a imaxe, ben coñecida tamén, das cidades de Santiago e Porto, declaradas patrimonio da humanidade as dúas e núcleos principais deste destino conxunto.

Como reflexión final é preciso traballar nunha estratexia de coordinación entre administracións, evitando duplicidades e enviando unha proxección común do destino aos mercados emisores de turistas, o que actuaría de modo moi positivo sobre a motivación para visitarnos. Agregadamente, han de utilizarse de forma moito máis eficiente os datos recollidos en cada administración, creando un Observatorio Turístico que os concentre, analice e publique para uso de todos, o que sería de enorme valor para o propio sector e máis para os científicos e investigadores.

2.8. DA SOCIEDADE INDUSTRIAL A SOCIEDADE DA SUSTENTABILIDADE

Ao longo da historia, as sociedades humanas sustentaron o seu desenvolvemento nos procesos de síntese natural de materiais, entre eles a madeira e os alimentos, a partir do sol. En consecuencia, e en última instancia, o crecemento destas poboacións atopábase limitado, ao igual que acontece co resto das especies que habitan o planeta, pola dispoñibilidade de enerxía solar, convivindo en harmonía co seu contorno e ocasionando impactos de moi reducida intensidade sobre o medio.

A revolución industrial supuxo unha modificación desta pauta de comportamento causada pola capacidade de utilizar, por primeira vez na historia, fontes enerxéticas fósiles, non renovables. Esta innovación deu lugar á relaxación, e mesmo á perda, dos mecanismos naturais de control demográfico humano e, aínda de maior transcendencia neste contexto, xerou unha extraordinaria capacidade de transformación do territorio a través da creación e utilización de novas tecnoloxías baseadas no uso destas fontes enerxéticas. Durante

máis de 150 anos vimos explotando os ecosistemas cunha intensidade crecente que supera hoxe con moito a capacidade de rexeneración natural da biosfera terrestre, sendo esta a causa última da actual crise ambiental na que está inmersa a terra, e dentro dela ás sociedades humanas. Crise ambiental que, tamén por primeira vez na historia, acontece a escala planetaria.

Son varios os grandes problemas ambientais que recoñecemos na actualidade: a contaminación dos solos, dos sistemas fluviais e dos mares, a sobreexplotación das poboacións, a perda de biodiversidade, a degradación dos hábitats e da paisaxe, o cambio climático... Todos eles atopan a súa orixe nas externalidades asociadas á transformación do medio, ben mediante a concentración intensiva de seres humanos, así como das infraestruturas asociadas as nosas vidas, en espazos reducidos, ou ben a través da alteración do funcionamento dos sistemas naturais derivado en gran medida da demanda masiva de enerxía.

A sociedade industrial non só depende, senón que ten a súa razón de ser, no consumo masivo de enerxía fósil e na ocupación intensiva do territorio. A independencia da vida humana das condicións climáticas para acadar niveis de benestar, as necesidades masivas de transporte de persoas e mercancías, a proliferación da segunda ou mesmo da terceira vivenda, as necesidades de ocio e, en xeral, a nosa perspectiva do benestar, require indefectiblemente de novas infraestruturas e, consecuentemente, dun crecente consumo de enerxía e materiais por habitante.

Ao perder a consciencia de que a nosa existencia e, sobre todo, a nosa propia persistencia depende neste momento da historia do aporte continuo de enerxía non renovable e, polo tanto, finita, os cidadáns das sociedades industriais pensamos, maioritaria e erradamente, que todo é posible, que nada queda fora do noso alcance sempre que existan os recursos económicos que permitan a compra de cantidades suficientes de enerxía e materia. Así, téndese a pensar que non existe limitación á dispoñibilidade de recursos hídricos que non se poida resolver con novas infraestruturas, que requiren un maior aporte de enerxía. A totalidade do territorio pasa a ser igualmente considerado axeitado para a localización de actividades industriais, residenciais ou de lecer, xa que a accesibilidade ás mesmas pasa a ser independente da súa situación no espazo ao quedar esta garantida pola utilización ineludible do vehículo privado e, consecuentemente e de novo, do consumo masivo de enerxía. O subministro de enerxía en todas as escalas de espazo e de tempo pasan de ser un símbolo de benestar, a ser unha obriga de tódolos gobernos: alumeamos miles de quilómetros de viais baleiros, debatemos con paixón acerca da conveniencia de restrinxir a innecesaria iluminación de

Nadal e, ao mesmo tempo, é factible desfrutar da lectura dun libro nas rúas das nosas cidades e vilas en horario nocturno. Este grao de inconsciencia colectiva é un feito da cultura global dominante, froito das evidentes recompensas en termos de benestar que a sociedade industrial reporta aos cidadáns dos países desenvolvidos e ás que é doado acostumarse.

A crise ambiental que caracteriza estas fases iniciais do século XXI queda sintetizada por un fenómeno que representa o paradigma desta crise: o cambio climático causado pola emisión á atmosfera de decenas de miles de millóns de toneladas de CO₂ cada ano. Sirva de mostra un exemplo cuantitativo. Mentres que cada cidadán das sociedades preindustriais e as actuais menos desenvolvidas emiten á atmosfera menos de 2 toneladas de CO₂ anuais, os españois emitimos preto de 6 e os cidadáns de Norteamérica, algo mais de 10 toneladas de CO₂ ao ano. Necesitamos cada vez máis enerxía para sustentar o noso benestar, vémonos abocados a utilizar cada vez máis recursos naturais e a transformar máis intensamente o territorio e, consecuentemente, liberamos cada vez mais compostos contaminantes á atmosfera, aos solos, aos ríos e aos mares.

A crise ambiental non deriva dunha mala práctica xeralizada por parte dos habitantes dos países desenvolvidos. Trátase dun proceso inherente ao propio modelo de desenvolvemento que nace na revolución industrial. Non é un fenómeno transitorio que se solventa con maior concienciación e melloras tecnolóxicas. Con algo mais de 7500 millóns de habitantes no planeta e mais de 4000 millóns deles desexando, lexitimamente, acadar os niveis de benestar dos aproximadamente 1000 millóns que habitamos no mundo do benestar, non cabe dúbida de que a crise ambiental que hoxe experimentamos se intensificará ao longo das próximas décadas. Non se detectan posibles solucións dentro do vixente modelo de sociedade industrial. **É necesaria unha nova revolución. Unha revolución que transforme a actual sociedade industrial nunha futura sociedade con novos principios e paradigmas: a sociedade da sustentabilidade.**

Na nosa opinión, é unha obriga das organizacións sociais progresistas abrir o debate sobre os novos paradigmas que deberán rexer esta nova sociedade, así como sobre os canles polos que haberá de discorrer o necesario proceso de transformación social. Este debe ser un elemento claramente diferenciador entre as forzas conservadoras e as progresistas: unha política de retoques sobre o vixente modelo de sociedade industrial fronte a un proceso de transformación radical que deseñe un novo modelo social baseado na desmaterialización da economía, na eficiencia enerxética máxima que conduza, en última instancia, á unha sociedade neutra en emisións e na internalización do valor e da

calidade do medio natural. En definitiva, un proceso transformador que desemboque na sociedade da sustentabilidade.

As forzas políticas que pretenden a transformación da sociedade galega, as forzas progresistas, deben comezar xa a interpretar a realidade do noso país nestes principios do século XXI dende esta nova perspectiva. A crise ambiental é de dimensión global e, en consecuencia, a problemática ambiental de Galicia ten as súas raíces nos factores que desencadean a crise ambiental planetaria. A Galicia do século XXI, a Galicia que imaxinamos, a Galicia da nova sociedade da sustentabilidade, deberase construír ao redor de liñas troncais de desenvolvemento como poden ser:

- Unha Galicia que reduza as emisións
- Un maior respecto ao territorio
- Un consenso sobre a protección integral do ciclo hídrico
- Máxima eficiencia no ciclo dos materiais
- Unha aposta decidida pola recuperación dos ecosistemas e da paisaxe de Galicia
- Un compromiso coa cooperación para o desenvolvemento no eido ambiental

Unha Galicia que controla e reduce as emisións. Unha política ambiental progresista non se pode marcar un obxectivo menos ambicioso. E non o pode facer porque acadar este obxectivo é necesario e posible. Ademais, este obxectivo ten a capacidade de estruturar ao seu redor o conxunto das políticas de sustentabilidade. A Galicia do futuro deberá camiñar por unha senda que conduza á autosuficiencia enerxética, especialmente no sector eléctrico. Esta independencia basearase na contención da demanda enerxética, na produción de enerxía renovable, que deberá satisfacer o 100 % da demanda de enerxía eléctrica e no aumento sobresaínte da eficiencia. O reto atópase, sen dúbida, no sector do transporte. A substitución de combustibles fósiles no transporte e a redución do uso do vehículo privado son liñas cara as que avanzar. Este cambio de comportamento obrigará a mudar moitas ideas preconcebidas. Aínda así, Galicia emitirá unha certa cantidade de gases a atmosfera e será, por tanto necesario compensar estas emisións para acadar o obxectivo de neutralidade plantexado. Entran aquí en xogo os nosos sistemas naturais, especialmente os forestais, nos que o fomento da capacidade de captación de gases atmosféricos contaminantes debe ir aparellado ao compromiso de restaurar a paisaxe potencial de Galicia, hoxe deteriorado.

Ao longo das últimas décadas, a urbanización e a construción de novas infraestruturas, en

particular as viarias, veñen de experimentar un ritmo de crecemento sen comparanza. Non fai falla mais que atender ás noticias e artigos de opinión da prensa escrita, ou mesmo ás conversas diarias na rúa, para concluír que a sociedade galega actual tense marcado como reto a consecución dun volume masivo de infraestruturas que remate co illamento da nosa comunidade. Esta actividade construtiva supón un impacto de extraordinaria dimensión sobre o medio ambiente, e polo tanto hai que ter en conta todos os custos e beneficios á hora de establecer as prioridades. Sirva como exemplo que o consumo de enerxía asociado á construción dunha vivenda equivale ao consumo dunha familia que habite dita vivenda ao longo de 20 anos. A nova sociedade da sustentabilidade deberá aceptar que aínda que existan recursos económicos suficientes cada nova proposta de construción deberá superar antes da súa posible execución, un exhaustivo proceso de análise e xustificación.

O ciclo hídrico constitúe o vehículo principal de transferencia de materia nos sistemas naturais e antropizados. Trátase, polo tanto, dun compartimento cuxa funcionalidade e vital para a calidade ambiental dun territorio. Esta característica faise especialmente relevante nun país, Galicia, configurado na súa meirande parte en torno ao elemento auga ao longo dos canles fluviais, dos encoros, das lagoas, dos esteiros, das rías ou das augas costeiras. É absolutamente necesario acadar un **consenso social para restrinxir actividades que poñan en risco a funcionalidade do ciclo hídrico**, tanto no que respecta á súa ocupación física como no que se refire ás afeccións á calidade do medio acuático. A curto prazo, sería suficiente marcarse como obxectivo o cumprimento estrito da Directiva Marco da Auga actualmente en vigor.

Unha das características ambientais das sociedades industriais é a xeración de cantidades elevadas de residuos de moi distinta tipoloxía e potencial contaminante como subprodutos dos procesos de produción de bens e servizos. Na aproximación tradicional, os esforzos concéntranse na reciclaxe dos residuos e a posterior acumulación do resto non valorizable. A aposta de futuro debe pasar por un **aumento da eficiencia do ciclo de materiais**, tanto nos sectores urbanos como industriais, que baseado na minimización da produción de residuos, contribúa á progresiva desmaterialización dos procesos produtivos e á consecuente redución da demanda enerxética.

A conservación dos espazos de elevado valor natural dun determinado territorio non é unha decisión sentimental nin un capricho, é unha necesidade baseada no coñecemento científico. Estes espazos, como reservas de biodiversidade, son elementos clave na funcionalidade dos ecosistemas e fornecen de bens e servizos variados á sociedade. A pesares da súa importancia, o continuo proceso de transformación do territorio ao longo

das últimas décadas reflectido en fenómenos como, por exemplo, a ocupación do marxe litoral, a explotación excesiva dos montes con especies forestais de ciclo curto que substitúen ás especies autóctonas ou o proceso migratorio do interior cara á costa, resultaron nunha notable alteración dos sistemas naturais en Galicia así como na degradación da súa paisaxe. Paralelamente, e ao ditado das Directivas da Unión Europea, definíronse espazos que polo seu elevado valor natural merecen unha especial protección. Porén, en ningún caso chegouse ao necesario nivel de consenso e á necesaria vontade política que permitira algo tan simple como que os espazos que como sociedade identificamos como merecentes de certos graos de protección, sexan efectivamente preservados das afeccións inherentes aos procesos urbanizadores e industriais. Esta fase de transición cara á sociedade da sustentabilidade que iniciamos, deberase caracterizar pola coherencia absoluta entre as políticas de conservación do medio natural e o resto das políticas sectoriais e por **unha aposta firme pola restauración dos ecosistemas alterados e a recuperación da paisaxe** potencial do noso país.

Finalmente, cómpre sinalar que, no marco dunha crise ambiental de dimensión planetaria, non é posible acadar niveis satisfactorios de sustentabilidade local si non se adquire un **compromiso activo coa cooperación para o desenvolvemento** neste eido. As medidas que se deberán por en marcha non poden abarcar exclusivamente a escala local. A única política responsable, e solidaria, e aquela na que as sociedades mais desenvolvidas contribúan activamente para que o proceso de transformación social dende a sociedade industrial cara a sociedade da sustentabilidade, avance tamén nos países en vías de desenvolvemento.

En conclusión, as forzas de progreso de Galicia teñen a obriga de se constituír na vangarda dunha nova sociedade que, inspirada na cultura da sustentabilidade, debe emerxer ao longo das próximas décadas. Porque non queda tempo xa para o escepticismo, porque o retraso na acción é, sen dúbida, irresponsable, porque o que está en risco é, non só a nosa sociedade do benestar senón tamén á esperanza de miles de millóns de seres humanos que tan só aspiran a acadar niveis básicos de dignidade. Porque temos dereito a soñar e imaxinar o futuro do noso país.

3. EN DEFENSA DA IGUALDADE: POLÍTICAS SOCIAIS E DEREITOS

3.1 POLÍTICA SOCIAL E DEREITOS SOCIAIS

No ano 2010 en Bruselas, a Comisión Europea facía pública unha Declaración onde se recollían os principais eixes de desenvolvemento cara aos seguintes dez anos. A chamada “Declaración Europa 2020” propoñía, para a sociedade europea, un modelo de crecemento baseado en tres piares fundamentais: a sustentabilidade, a innovación e a cohesión social. Nesa “Estratexia de crecemento intelixente, sostible e integrador” sinalábanse as eivas do desenvolvemento da primeira década do século XXI e os pasos que a economía global - pero, nomeadamente, a europea- debía dar para que o crecemento económico pechara as importantes fendas de desigualdade que se tiñan posto de manifesto neses anos iniciais da crise. Lamentablemente, non se conseguiron levar a cabo adecuadamente as directrices recollidas no documento comunitario e desta crise económica saímos cunha sociedade máis desigual, con maior exclusión, con peores servizos públicos e con fallos na igualdade de oportunidades .

Hoxe España é máis pobre e moito máis desigual que cando a crise financeira deixou sentir as primeiras badaladas. Galicia, malia ter durante uns anos un pequeno diferencial respecto do resto do Estado, non é unha excepción e tanto a taxa de pobreza como o risco de exclusión, o desemprego e todos os parámetros que miden a desigualdade amosan hoxe unha situación peor que fai sete anos, lastrados polos anos de recortes e polo éxodo de persoas mozas. Galicia é hoxe unha comunidade máis envellecida, máis dependente, máis empobrecida e con menor capacidade de resposta dende os servizos públicos.

Porque, en tanto o desemprego medraba e as políticas da mal chamada austeridade se instalaban no conxunto das administracións públicas, os servizos que debían servir de apoio á cidadanía sufrían recortes e retrocesos no seu desenvolvemento, de tal maneira que moitas persoas non tiveron máis axuda que as redes familiares ou a xenerosidade das entidades sociais, esenciais durante estes anos de crise. O estudo AROPE do ano 2012 reflectía xa o alarmante incremento da Taxa de pobreza nos fogares galegos, a caída continuada no nivel de ingresos dende o ano 2009 e un risco de exclusión do 23,6%, case idéntico ó daquelas zonas máis golpeadas polo desemprego, malia as diferenzas demográficas. A pobreza e a exclusión afectaron especialmente ás zonas

periurbanas e aos fogares máis envellecidos nos concellos pequenos, tal e como se amosa na distribución territorial do citado Informe. As persoas desempregadas e as persoas maiores sufriron de maneira especial a crise no noso país.

Os recortes nos servizos non fixeron máis que incrementar a fenda diferencial na rede pública entre Galicia e outras CCAA que durante máis de dúas décadas fixeran un esforzo inversor maior nas políticas sociais. A Lexislatura presidida por Emilio Pérez Touriño non foi suficiente para pechar esta fenda, malia o importante investimento social feito e o pulo ao Sistema de Dependencia que nacía naqueles momentos. Os anos de crise puxeron aínda máis de manifesto esta asimetría e desigualdade, non só coa España máis desenvolvida e comprometida socialmente, senón dentro do propio territorio galego, entre os distintos concellos.

Dende os municipios, o socialismo galego ten contribuído á construción dun verdadeiro Sistema Público de Atención Social que, aínda con eivas, foi quen de prestar servizos de calidade e de por en marcha iniciativas innovadoras tanto nas áreas urbanas como naqueles concellos máis pequenos. Os últimos anos do século vinte permitiron un importante desenvolvemento de redes sociais -tanto de Atención Primaria como Especializada- naqueles concellos con gobernos locais progresistas e neste desenvolvemento o socialismo galego deixou -e deixa aínda hoxe- a súa pegada.

O drástico recorte dos servizos de igualdade, a descapitalización dos recursos educativos e sanitarios, a diminución das bolsas para estudantes, a inexistente política de vivenda pública, o auténtico bloqueo dos servizos de Dependencia e unha rede de Inclusión social sustentada en exclusiva sobre o esforzo das ONGs son algúns dos “fitos” que caracterizaron estes anos de gobernos da dereita e que teñen danado -si cadra dun xeito irreversible a curto prazo- o sistema público de benestar en Galicia.

Malia as campañas propagandísticas, as operacións de imaxe e mesmo o asinamento da chamada “Axenda Social” nas vésperas electorais, o certo é que os recursos abdicados ao servizos sociais non só non son hoxe suficientes para reverter o déficit acadado durante os anos máis duros da crise, senón que nin sequera o son para manter o nivel de atención existente previo. A acumulación de documentos teóricos, de “plans” e “estratexias” sen avaliación dos obxectivos acadados previamente e sen compromiso inversor, as máis das veces, non pode agochar a inoperancia práctica da Xunta de Galicia para botar a andar o motor social na nosa Comunidade.

Por outra banda, dende unha perspectiva da efectividade e extensión dos dereitos, a crise

económica global serviu como magnífica escusa aos gobernos da Dereita para implantar recortes no exercicio de dereitos e liberdades cuxa renuncia consideraríamos inexplicable hai anos. Mentres no goberno presidido por Touriño avanzábase na Carta de Dereitos e Liberdades, e se plasmaba no documento elaborado na Ponencia do Estatuto de Autonomía toda unha nova serie de dereitos de “nova xeración”, a día de hoxe os mesmos dereitos constitucionais vense ameazados por un PP capaz de sementar a dúbida da sostenibilidade dos dereitos xa recoñecidos.

En pleno século XXI tórnase imprescindible o recoñecemento de dereitos e liberdades fundamentais así como as garantías dos mesmos e dos dereitos sociais, básicos na súa maioría para unha concepción social igualitaria nas oportunidades e o desenvolvemento garantista dunha democracia avanzada en políticas chamadas en sentido amplo “de benestar” . Hoxe, a socialdemocracia debe abandeirar a extensión e efectos do artigo 10 da Constitución española, como comprensivos da dignidade da persoa, os dereitos inviolables que lles son inherentes e o libre desenvolvemento da personalidade.

No proceso de empobrecemento experimentado nos últimos anos, xa non se atopa nin sequera solución no acceso a un traballo demasiado precario, que da lugar á denominada “pobreza laboral”. O socialismo non pode aceptar políticas lesivas das condicións que faciliten unha vida digna. A garantía das condicións mínimas (ou o debate do “mínimo vital”) en materia de vivenda, renda mínima nas súas posibles variacións (e necesaria reflexión e regulación), acceso sociosanitario ou itinerarios imprescindibles de empregabilidade e inserción social forman parte obrigada das aspiracións do proxecto socialista nos tempos da crise que temos sufrido, entendendo que cando falla o mercado requerimos un Estado do benestar que actúe. Un país próspero democraticamente implica un país concienciado que aborde as posibilidades coas condicións de vida digna.

E inasumible calquera cifra de pobreza , e dende logo, o terrible dato de que no 2016 un de cada tres nenos e nenas estaban en risco de pobreza. Procede unha **revisión da normativa de inclusión social** máis acorde ca sociedade, máis áxil, menos burocrática e máis permeable aos itinerarios de emprego como inclusivos e non optativos das prestacións sociais .

A socialdemocracia galega debe abordar unha **política de vivenda seria** que conxugue o dereito constitucional ca realidade de Galicia. Nun país no que existe un censo non asumible de vivendas deterioradas e en desuso mentres importantes colectivos da poboación atópanse en situación de desafiuzamento real ou potencial temos que atopar solucións asumibles que fagan efectivo dito dereito, dende as vivendas por habitante

pasando polos pisos tutelados ou de intervención para colectivos específicos, pisos residentes temporais e os accesos unidos aos itinerarios de formación e empregabilidade.

Non cabe, pois, máis que unha diagnose de:

- precariedade nos servizos,
- déficit de investimentos
- escaso compromiso institucional
- banalización no discurso político
- ausencia dun modelo de políticas sociais públicas
- descapitalización das redes do benestar

Fronte a esta situación, o socialismo galego quere propor un modelo de políticas sociais:

- que fortaleza os servizos públicos
- garantindo un incremento progresivo do investimento anual
- construíndo unha rede descentralizada
- dende a lealdade e a cooperación institucional
- garante dos dereitos sociais
- incorporando ao Terceiro Sector á toma de decisións
- procurando respostas dende a innovación social

Un modelo de políticas sociais estruturado en torno a cinco elementos fundamentais:

- o municipal; apoiando e fortalecendo as redes locais como unidade básica de prevención, atención e participación social
- o supramunicipal; apostando por modelos consorciados de servizos, que faciliten o deseño dun Mapa de Recursos Sociais que abrangue o conxunto do territorio e que achegue os servizos aos usuarios
- sumando, non só na rede de servizos senón no deseño das estratexias e na toma de decisións ao Terceiro Sector, que foi quen de desenvolver e manter redes de atención de primeiro nivel, adaptando as respostas ás novas necesidades e asumindo criterios de máxima calidade
- incorporando a innovación social coma un criterio esencial, á hora de definir as novas respostas sociais, e de facelo dende a creatividade, provocando interaccións máis resolutivas e mellorando o benestar das comunidades actuais
- dende unha visión de país, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial dende a

coordinación leal e participativa da Xunta de Galicia e o compromiso coa prioridade social da axenda autonómica.

O socialismo galego mantén tamén un compromiso cos dereitos da cidadanía galega na emigración, e desenvolverá un programa de acción para abordar os retos existentes na diversidade de casos e países. Para elo, planeará un plan de acción para os próximos catro anos que incorpore as cuestións políticas, sociais e económicas de relevancia para o colectivo, e manterá un contacto fluído co mesmo.

3.2. POR UNHA SANIDADE PÚBLICA E GRATUITA DE CALIDADE

O sistema público de saúde é unha das ferramentas sociais con maior carácter redistributivo. Non en van supón un dos piares do Estado de benestar, e a cidadanía atribúelle sempre as maiores valoracións dentro dos servicios públicos. Os socialistas defendemos con firmeza que os alicerces que o rexan deben ser os de universalidade, equidade, calidade e gratuidade no seu uso.

Galicia ten un gran sistema sanitario froito do esforzo dos e das profesionais que o compoñen, e dos marcos legais que construíron o sistema actual. Dende un punto de vista do conxunto do Estado, España ten un dos mellores sistemas sanitarios do mundo, como así ven sendo recoñecido de maneira constante nas últimas décadas. A *Ley 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad*, impulsada polo goberno socialista, supuxo un fito na construción dese sistema, permitindo tres elementos fundamentais: universalización do servizo, cohesión social e territorial e descentralización dos servizos sanitarios. No progresivo avance cara esa descentralización, Galicia foi organizando o seu sistema sen contar cunha lexislación integral e enmarcándose en aproximacións normativas incompletas e carentes de sentido global para o país. A *Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia*, impulsada tamén por un goberno socialista, supuxo un gran avance que consolidou un modelo de dereitos e outorgou a Galicia dunha norma integral e transversal que permitiu unha mellora do sistema. Os gobernos da dereita en España e en Galicia desfiguraron moitas das cuestións que estes avances lexislativos pretendían consolidar, e promoven outro modelo sanitario que prima eficiencia nos recursos antes que as necesidades sanitarias.

Os socialistas apostamos por un modelo focalizado nas persoas e nos seus dereitos, concibindo o sistema de saúde como unha ferramenta para garantir a cohesión e a xustiza social, fronte a modelos paternalistas da sanidade que priorizan ao propio sistema fronte á vontade de servizo coa que se deseñou.

A cronicidade supón o gran reto para o sistema sanitario. Mais do 80% de consultas no sistema proceden de persoas con enfermidades crónicas, o que supón mais do 70% do orzamento sanitario. Galicia presenta ademais unha das poboacións máis avellentadas de Europa, o que supón unha característica que afonda nesta mesma problemática e que engade complexidade á xestión do noso sistema.

De maneira específica, a dispersión poboacional tamén resulta un problema engadido pois a fenda existente no noso país necesita ser afrontada de maneira integral, o que supón tamén ter en conta o establecemento de servizos públicos preto das persoas e que, en Galicia, pode supoñer un sobreesforzo sobre criterios e os cocientes(ratios) tidos en conta noutros lugares.

Como terceiro reto, común ao que ocorre nos sistemas sanitarios dos países máis avanzados, é preciso superar o hospitalcentrismo, e traballar a prol dunha sanidade con menores ingresos hospitalarios e máis preto da cidadanía. Por iso é preciso apostar polo desenvolvemento de hospitais de día, reforzar a atención primaria e dotar de máis persoal ao sistema para poder reducir as esperas e demoras, e que o funcionamento sexa máis eficiente.

Os retos plantexados deben ser afrontados dende o modelo sanitario público, no que os socialistas consideramos básico que se afronte dende os principios xa expostos de universalidade, equidade, calidade e gratuidade.

Sanidade universal

O sistema sanitario debe ser universal, o que se traduce en dar a atención sanitaria que sexa necesaria ás persoas que así o precisen. Esta cuestión, que parecía garantida polo marco legal anteriormente citado, foi roto pola concepción da dereita política dun sistema con beneficiarios/as e non con cidadáns e cidadás. O real decreto 16/2012 aprobado polo goberno de España impulsou unha modificación de moito calado que instaurou tanto o copago farmacéutico como as limitacións de acceso ao sistema para diversos colectivos entre os que se atopan inmigrantes, emigrantes retornados ou estudantes no estranxeiro, entre outros. Este decreto ataca, en definitiva, a colectivos e sectores especialmente desfavorecidos, que son precisamente aqueles aos que os servizos públicos deben atención de maneira especial. Os socialistas manterémonos firmemente en contra destas medidas, e traballaremos apoiando a derogación deste decreto en colaboración con toda a mobilización social existente nesta mesma liña.

Sanidade equitativa

A vontade equitativa da sanidade debe ser inequívoca, como servizo público e ferramenta redistributiva e de cohesión social. Precisamos achegar á sanidade ás persoas, e non á inversa. Por iso defendemos a necesidade de garantir unha sanidade de calidade para todas as persoas, non de primeira e de segunda, polo que os socialistas combateremos as modificacións normativas que dende os gobernos da dereita pretenden reducir servizos do eido rural, como a supresión de atención primaria e a concentración afastada dos núcleos de poboación, e como o anteproxecto de reforma da Lei de Saúde de 2008 que pretende afondar nun modelo desigual e desequilibrado que prexudica aos hospitais comarcais e as áreas sanitarias que referencian.

Sanidade de calidade

Non ten sentido non aspirar á maior calidade no sistema asistencial da sanidade galega. Para elo é preciso afrontar problemas actuais provocados polas políticas de recortes e privatización levadas a cabo pola dereita en Galicia, como vangarda da dereita no conxunto de España.

En primeiro lugar existe un problema de persoal no sistema sanitario. Os/as profesionais do sistema sanitario galego alcanzan un nivel de excelencia e eficiencia na súa labor que os converte en referente a todos os niveis. Por iso é preciso reforzar a súa posición, garantindo os dereitos laborais daqueles que pertencen ao sistema, pero tamén consolidando un emprego de calidade, estable, que permita estruturar o funcionamento do sistema apoiándose en profesionais que poidan responder en número e capacidade ás demandas sanitarias do país. A nosa sanidade funciona gracias aos profesionais, e a pesares dos dirixentes que están á fronte. Pero debemos garantir que non existan sobreesforzos inxustos, acumulacións desproporcionadas de traballo, inestabilidade permanente e vulneración constante dos dereitos laborais.

En segundo lugar é preciso ter unha planificación axeitada do sistema que permita afrontar a realidade do día a día. A **atención primaria**, como porta de entrada do sistema, debe ser reforzada de maneira convencida. O Plan de Mellora da Atención Primaria, elaborado e posto en marcha polo goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, foi un referente para profesionais e cidadanía, pero foi desbotado e esquecido polos gobernos que dirixen Galicia dende o ano 2009. Os problemas de substitución de persoal que provoca grandes acumulacións de pacientes en poucos facultativos, a concentración de

servizos nun país coa poboación tan dispersa, a ausencia de planificación dos medios e a súa distribución, e unha deficiente planificación de infraestruturas negando a construción de novos centros de saúde altamente necesarios, ou a reforma de instalacións con necesidades, afondan nunha fenda de servizo que non é aceptable. Resulta imprescindible un deseño conxunto da atención primaria, con maiores competencias dos profesionais, maior implantación no territorio achegando a atención a cidadanía e maior capacidade de xestión da atención e coordinación entre emerxencias e PACs. Investir en atención primaria supón desafogar o sistema hospitalario, e garantir que a atención á cidadanía se produce no entorno máis próximo.

A **atención hospitalaria** precisa, en maior medida, unha aposta en termos de recursos materiais e humanos. A aplicación das taxas de reposición impostas polos gobernos de Rajoy sobre os servizos públicos, e a vontade recortadora dos gobernos de Núñez Feijoo afondaron nun problema de persoal que levou a perder preto de 7000 prazas de emprego público estable no sistema sanitario público. Dende o ano 2009 a contratación de titulados MIR de maneira estable no SERGAS non alcanza o 15%, o que evidencia unha vontade recortadora inaceptable. As listas de espera supoñen o problema esencial segundo as persoas usuarias da sanidade pública. O problema é dobre, por un lado pola existencia de listas non estruturais non publicadas, que maquillan os datos e non posibilitan unha análise real, e polo grave feito de que os datos si publicados incumpren sistematicamente, e con moito marxe, as limitacións propias establecidas pola lexislación existente. É urxente apostar por unha política de persoal racional e decidida, que invista na contratación de especialistas que o propio sistema xera a través dunha formación de excelencia e suficiente no sistema universitario. Iso permitirá reforzar un sistema que presenta unha altísima calidade asistencial, con referencias nacionais e internacionais e que precisamos apuntalar.

Sanidade gratuíta

A defensa da sanidade pública gratuíta pretende reforzar a posición dos socialistas en contra da instauración dos copagos farmacéuticos que instaurou o real decreto 16/2012, e en contra das continuas medidas que afondan na privatización do noso sistema.

No ano 2015 a Xunta de Galicia dedicou en torno a 300 millóns de euros en pagar concertos cos centros privados para paliar as intervencións e atencións sanitarias que o sistema público non pode afrontar, sen que estas atencións se poida garantir que se fan co mesmo nivel de calidade que se fan no sistema público. A normativa de garantías e dereitos dende o seu inicio, e nas súas reformas, expón obxectivos desexables que non poden ser conseguidos sen unha política comprometida de investimento en recursos

materiais e humanos, polo que se converten en portas abertas á derivación para a sanidade privada, coa escusa de cumprir as normativas que, aínda así, non se compren.

É imprescindible reforzar o carácter público e gratuíto do noso sistema, que pode e debe ser sostible con fondos públicos e unha política eficiente e cun deseño nítido sobre a súa financiación, destinado a resolver os problemas con visión a longo prazo.

Os socialistas consideramos ao noso sistema sanitario un pilar fundamental do estado do benestar, e por iso seremos firmes e contundentes na defensa dos principios básicos plantexados, destinados a avanzar e reforzar un sistema que aposte con carácter netamente público por dotar dos servizos sanitarios necesarios á unha cidadanía que os precisa.

3.3. UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA PARA GAÑAR O FUTURO

A sociedade do coñecemento debe ser entendida como unha oportunidade para todos os cidadáns. Require de políticas activas por parte dos poderes públicos; pero tamén necesita reforzar o discurso social e as políticas de benestar e desenvolvemento incrementando o valor do público.

O sistema educativo español é un dos máis equitativos e homoxéneos de Europa. A nosa mocidade é a mellor formada na historia. Pero debemos seguir mellorando o sistema educativo, facendo posible que as limitacións económicas e sociais non obstaculicen o acceso á educación. Isto foi posible fundamentalmente grazas á educación pública. Debemos reivindicar aqueles éxitos e logros do noso sistema educativo público. Por tanto é oportuno confiar na súa capacidade. Por iso é polo que en plena crise é imprescindible facer unha **aposta decidida pola educación pública** como a máis capaz de facer chegar un modelo de calidade a todos os estudantes e fronte á falsa retórica das avaliacións, a competitividade e a suposta eficacia da ideoloxía conservadora que busca poñer en dúbida a súa capacidade e o seu valor como un ben común.

Co Partido Popular nunca antes o sistema educativo estivo tan desordenado, nin as familias tiveron que compensar cos seus propios recursos e cos das organizacións sociais, os recortes do Estado, nin o futuro dos estudantes foi tan incerto. A política de recortes reduciu de forma alarmante os recursos humanos e materiais da educación pública, poñendo en perigo o nivel de calidade alcanzado co esforzo de toda a sociedade española nos últimos 30 anos. Deixaron un escenario onde existen obstáculos insalvables para unha cantidade crecente de familias e alumnado. Este proceso de

desigualdade entre cidadáns debe ser motivo de alerta e de acción por parte das administracións educativas.

O obxectivo dos/as socialistas debe ser apostar por unha rede pública de ensino, deixando o modelo de concerto para situacións complementarias e xustificadas.

Para os socialistas galegos a equidade e a calidade son dous principios incuestionables das políticas educativas. O gasto público en bolsas e axudas ao estudo no noso país aínda está lonxe dos niveis dos países máis avanzados. É necesario incrementar a porcentaxe do PIB dedicado a bolsas e axudas aos estudos para que ningún estudante deixe de estudar por non poder facer fronte aos custos económicos que iso ocasiona. Os centros situados en contextos sociais máis desfavorecidos deben recibir atención preferente tanto nunha diminución da cociente, como en dotación de recursos (económicos, materiais e persoais).

A escola rural é a que fai posible o dereito á educación en gran parte do territorio e por iso fai necesario un Plan Específico de Apoio e Seguimento da Escola Rural (Medio rural) e que inclúa formación específica para os docentes, medidas para fomentar a estabilidade e unha consideración especial cara á educación infantil e primaria tanto nas cociente, distancia e tempos de desprazamentos aos centros educativos e non simplemente axudas económicas.

Promoveremos a suficiente oferta de centros públicos en todas as etapas para garantir o dereito á educación de calidade. Así mesmo garantiremos un financiamento público e uns servizos comúns adecuados para todo o sistema educativo. Para conseguilo é necesario a cooperación institucional entre todas as administracións públicas, os axentes sociais e a comunidade educativa para construír un sistema educativo dotado de capacidade para mellorar permanentemente os seus resultados.

Traballar por un novo modelo educativo eficaz e garante de Escola Inclusiva, comprometida cos valores constitucionais e democráticos, coa igualdade entre mulleres e homes, a interculturalidade, a coeducación, a atención á diversidade, o bilingüismo, os estilos de vida saudables, o respecto ao medio ambiente e que promova a participación activa de toda a comunidade educativa.

Os estudos de bacharelato están concibidos fundamentalmente para capacitar ao alumnado para o acceso a estudos superiores de carácter profesional ou universitario. Tamén é necesario que faculten para o acceso ao mundo laboral. A avaliación final de

bacharelato que condiciona a obtención do título de bacharelato que pretende impoñer o PP a través da LOMCE é un claro retroceso. Superar con éxito o bacharelato debe levar a obtención do título.

Os Ensinos Artísticos, Deportivos e de Idiomas configuran un conxunto de titulacións diverso e plural. Dentro delas, os Ensinos Artísticos Superiores presentan a necesidade de analizar con rigor a súa situación, expor as súas perspectivas de futuro dentro do ordenamento educativo e eliminar calquera tipo de indefinición que afecte á titulación outorgada ao seu alumnado.

Os socialistas sempre defenderemos o consenso lingüístico e a convivencia das distintas linguas que a cidadanía demanda. O noso sistema educativo ha de constituírse no principal valedor do noso gran tesouro lingüístico. Asegurar unha liberdade plena e real na utilización dunha lingua, implica como paso previo unha igualdade competencial real no seu coñecemento e uso. As linguas Cooficiais reguladas no ensino debe estar acorde coa realidade sociolingüística dos territorios nos que se pretenda aplicar.

Propoñemos velar pola aprendizaxe dos valores cívicos e democráticos que, entre outros contidos, recolla o coñecemento da Constitución Española, das institucións Europeas e internacionais e os dereitos humanos e así preparar ás persoas para o libre exercicio dunha cidadanía activa e responsable.

O PSdeG defende unha escola pública proactiva no respecto ás liberdades individuais como modelo integrador do pluralismo relixioso onde non cabe o adoutramento e si o estudo rigoroso, comparado, científico e crítico das relixións como parte da historia dos países e das civilizacións.

Velar pola aprendizaxe dos valores democráticos e preparar ás persoas para o libre exercicio dunha cidadanía activa e responsable é un principio fundamental para nós.

Pero ningunha política educativa é posible sen contar coa implicación e a complicidade do profesorado. Eles son, xunto co alumnado e as súas familias, os verdadeiros protagonistas da educación. Debemos seguir avanzado no proceso de formación inicial e permanente do profesorado, no status profesional e na carreira docente, así como na selección e adscrición do profesorado. O diálogo e o consenso cos sindicatos docentes, deben configurar o marco de relación que facilite a consecución dos grandes retos do ámbito educativo. Pero educar é corresponsabilidade de toda a sociedade.

A comunidade Educativa representada nos Consellos Escolares, nos seus correspondentes ámbitos debe ser o eixo principal da vida do centro e súas competencias non deben ser reducidas. Tamén é preciso traballar por acordar fórmulas que reforcen a presenza das comunidades autónomas nos órganos estatais de coordinación e cooperación institucional educativa.

A educación nin empeza nin termina na escola. Entre os retos políticos debemos incluír tamén Un Plan Educativo para o tempo fóra da escola. Hai que gañar ese tempo para a educación da infancia e da mocidade, sen que signifique unha prolongación da escola. Propoñemos elaborar un Protocolo de Control e de Mínimos de Calidade para estes servizos e a súa xestión.

É fundamental crear un novo Marco normativo de participación e colaboración da Consellería de Educación e os Municipios. A proximidade destes últimos á cidadanía potencia a eficacia das accións que desde o ámbito local deben redundar no incremento da calidade e da equidade do noso sistema educativo, pero tamén axuda a consolidar un factor de complementariedade dunha educación que non pode nin debe reducirse aos ensinos regrados senón que deben estar contempladas as ensinanzas non regradas que complementan a educación integral das persoas. Entendemos que o ámbito local é o marco propicio para intensificar a participación dos distintos sectores da comunidade educativa. Participación e transparencia na toma de decisións son unha demanda da sociedade e indicador da boa saúde do sistema.

O PSdeG- PSOE terá como prioridade no seu goberno, restaurar a situación remitindo ao sistema educativo público os medios necesarios para acadar o nivel óptimo de calidade, garantindo de novo o principio de igualdade de oportunidades. Nós construímos un sistema educativo que temos a obriga de preservar e mellorar para as xeracións posteriores e reforzaremos e expandiremos o dereito á educación ao longo da vida.

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é para os socialistas equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade. Educación de calidade que significa potenciar e dignificar o noso sistema educativo, e o seu principal activo, a rede pública de ensino. Un sistema educativo que para nós debe estar integrado por un Sistema educativo público, universal, gratuíto, científico que ten incorporados os principios de coeducación, autonomía e convivencia; un sistema educativo **inclusivo**, que entende a diversidade como riqueza e que ofrece niveis de excelencia para todas e todos, incorporando os instrumentos de compensación

precisos co fin de borrar a desigualdade de orixe; un modelo educativo plurilingüe, no que ou alumnado acade competencias plenas tanto en galego, lingua propia de Galicia, como en castelán , e onde a capacitación en linguas estranxeiras sexa tamén unha realidade e un modelo onde excelencia e equidade van xuntas de forma inescusable.

O goberno socialista garantirá a liberdade de conciencia individual e a independencia efectiva da Xunta de Galicia respecto a calquera confesión relixiosa ou ideoloxía particular, asegurando a neutralidade ideolóxica da administración autonómica e comprometéndonos a eliminar calquera tipo de privilexio ou discriminación dirixida a favorecer a determinadas entidades.

Traballaremos para asegurar unha Educación pública, laica e de calidade, como dereito universal, igualitario e integrador, dentro dun proxecto común de cidadanía. No noso modelo de escola pública non cabe a integración de ensinos confesionais, nin no currículo nin no horario escola.

Debemos prestar especial atención aos índices de abandono escolar precoz porque, aínda que conseguimos reduci-lo de xeito significativo nos últimos anos, buscamos mellorar as taxas de titulación en todos os ensinos así como os resultados nas avaliacións nacionais e internacionais.

A educación promocionará a igualdade en todas as súas dimensións. Igualdade de oportunidades, de xénero e igualdade social como proceso aberto de mobilidade social e profesional, así como para lograr de forma plena todos os dereitos dá cidadanía.

Impulsar o acceso e a gratuidade a unha Educación Infantil de cero a tres anos de calidade. Recoñecemento da universalidade non obrigatoria e a necesidade de ir avanzado na gratuidade progresiva deste ciclo. Así mesmo reclamar a aprobación dun real decreto que estableza un marco común para o primeiro ciclo de infantil que determine os contidos educativos, requisitos dos centros cualificacións e perfís profesionais e as súas responsabilidades educativas, composición dos equipos e tempos de atención directa, órganos de participación e coordinación, entre outros aspectos.

Tamén apostamos pola restitución do Plan Educa3 do Goberno Socialista para a creación de novas prazas públicas para menores de 0 a 3 anos, xeneralizando a oferta educativa neste ciclo e a creación dun sistema específico de becas.

Precisamos conformar unha Axenda de Urgencia que permita paralizar os efectos

perniciosos que a LOMCE implantou non sistema educativo e participar activamente nas accións que formen parte do proceso de derogación da citada lei. Precisamos derogar a Lei de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) así como a normativa que contribuíu a recortar o investimento en educación, dificultando a contratación do profesorado vulnerando o dereito de acceder á educación por parte dun sector da poboación e deteriorando todos os servizos (comedores, transportes, libros de texto, entre outros).

A educación e a sanidade dos nenos e nenas con diversidade funcional (discapacidade) deberían tratarse conxuntamente dada a intensa relación que hai entre ambas, xa que o desenvolvemento educativo depende absolutamente da situación sociosanitaria deste alumnado, que sofre dunha falta de sensibilización e recursos, non garantindo a educación inclusiva nos centros ordinarios, cunha absoluta falta de plans específicos e de formación para os docentes.

Precisamos desenvolver unha ampla concertación social democrática encamiñada a un Acordo Nacional Galego pola Educación, como estratexia política e o contexto onde poderemos asentar unha Lei Galega de Educación, concorde cun novo escenario constitucional español, e onde se afirme a vontade cívica e política de futuro da cidadanía galega.

A FORMACIÓN PROFESIONAL.

Dende o socialismo somos conscientes do papel estratéxico da Formación Profesional na mellora da produtividade das empresas e no desenvolvemento dun novo modelo produtivo, e por iso propoñemos unha estratexia de modernización, avance e mellora do noso sistema de Formación Profesional, que unido á aprendizaxe ao longo da vida, aseguran un futuro aberto a grandes posibilidades de progreso e desenvolvemento da nosa sociedade e da nosa economía. Ademais deberá asumir outras funcións de innovación aplicada e transferencia do coñecemento que serán imprescindibles para o mantemento e creación de emprego e a mellora na competitividade das nosas empresas.

A modernización da Formación Profesional esixe un esforzo de investimentos na mesma. Necesita o deseño dunha rede de formación profesional flexible, dinámica que conecte con facilidade a FP do sistema educativo e de emprego e que permita pasarelas de tránsito dunha a outro, así como co bacharelato e a universidade. É tamén necesario achegar a oferta á cidadanía e ofrecer eficaces sistemas de formación a distancia.

Na sociedade do coñecemento, o acceso a unha boa formación e a capacidade para

aprender en todas as etapas da vida, ofrece máis posibilidades de elección a cada cidadán. Pola contra, os traballadores pouco cualificados ou cun baixo nivel educativo serán cada vez máis vulnerables e serán as principais causas de exclusión económica e social. Por iso, os esforzos dos socialistas teñen que ir encamiñados a que ningunha persoa quede excluída dese proceso e facelo posible ao longo da vida.

No novo modelo produtivo que os socialistas queremos impulsar, a Formación Profesional está chamada a representar un papel estratéxico onde os centros e os profesionais da formación e a orientación teñen que converterse en verdadeiros dinamizadores do coñecemento, da innovación e da aprendizaxe. Esperamos se faga efectiva a modificación da normativa vixente de maneira que, con carácter excepcional, se permita a matriculación en 2º curso de FP Básica ao alumnado con necesidades educativas especiais máis aló dos 21 anos de idade para permitir a estes alumnos obter unha titulación, corrixir este problema co que se está atopando este colectivo, e ofrecer ao alumnado con necesidades educativas especiais acceder á Formación Profesional con equidade.

UNIVERSIDADE: DESAFÍOS E RESPONSABILIDADES

O sistema universitario público mantivo dende os 80 un ritmo de crecemento tanto en alumnado como en profesorado e en titulacións moi superior ao resto dos países da nosa contorna, recuperando un atraso histórico. Esta situación interrompeuse bruscamente na anterior lexislatura, ata o punto de que moitos/as estudantes/as tiveron que abandonar os seus estudos ou non puideron acceder a eles, o que contrasta co enorme aumento das universidades privadas. A isto se suma o grave deterioro nas condicións do profesorado e dos equipos de investigación como consecuencia dos recortes no investimento e a imposición dunha taxa de reposición cero totalmente inxustificada. Esta falta de oportunidades frustrou as carreiras investigadoras de miles de persoas, provocando a saída do país de moitas delas.

Esta situación supón unha grave ameaza para as universidades públicas que é necesario afrontar con eficacia e determinación. Hai que poñer fin a unha política universitaria que está a crebar o sistema público e hipotecando o futuro do noso país. É evidente que nunha sociedade baseada no coñecemento as universidades están chamadas a ser un motor polo desenvolvemento intelixente e sustentable. As universidades son o territorio máis propicio para a creación de valor a través da innovación e o desenvolvemento. Para que poida maximizar o seu potencial, a universidade e a empresa han de traballar máis coordinadamente. Non haberá transferencia eficaz de coñecemento se as nosas

empresas non consideran o investimento en investigación e desenvolvemento a súa prioridade. Só cunha demanda efectiva por parte empresas investidoras en I+D, a capacidade da Universidade en formar técnicos e profesionais, así como en pór a disposición da sociedade o coñecemento, será aproveitado. De pouco valerá un sistema educativo de excelencia se o sistema produtivo non é capaz de recoller ese coñecemento e transferilo ao resto da economía en forma de valor engadido.

Igualmente, hai que facer un esforzo por incardinar mellor as universidades nas cidades e contextos sociais onde operan para que os retornos do investimento sexan aproveitados por toda a sociedade. É innegable o retorno económico do investimento en Educación, por tanto hai que recuperar o concepto de servizo público e lembrar os innumerables efectos positivos que a educación superior e o investimento en I+D teñen sobre a contorna máis próxima.

A universidade é a institución responsable da educación superior por excelencia, que ten entre as súas funcións a de producir o coñecemento científico, profesional e artístico e a súa posterior transferencia á sociedade. É un importante axente de innovación que posúe unha función dinámica transcendental para a investigación no ámbito do desenvolvemento da calidade de vida, a solución dos problemas sociais, a eliminación de barreiras á igualdade e á integración social, á xestión responsable do medio ambiente e a promoción de emprego.

Para o PSdeG a universidade ten que exercer o seu papel de canle de conexión directa entre o desenvolvemento das liñas fundamentais e futuras do noso sistema produtivo e as necesidades que a cidadanía vai anhelando en aras do seu natural progreso e do aumento do seu Benestar social.

Un dos principais beneficios do artellamento de dita conexión entre a sociedade e o sistema produtivo, a través dunha correcta planificación da oferta formativa universitaria é a seguridade dunha saída laboral digna para a mocidade, que se ten formado dentro do ámbito dos estudos medios e superiores e que nestes momentos está a sufrir altos niveis de desemprego e de precariedade laboral.

Outro dos retos fundamentais que ten a universidade e a comunidade universitaria e o de fomentar a participación da cidadanía e do conxunto da sociedade, tanto na planificación da súa actividade actual como futura como no desenvolvemento das súas actividades fundamentais.

A universidade non pode desenvolver a súa actividade educativa de costas á sociedade, polo contrario debe fomentar as súas interaccións tanto co conxunto de actores sociais como co conxunto das institucións encargadas de deseñar as liñas de goberno en materia de planificación educativa e formativa.

Para atender a estes desafíos o PSdeG propón a aprobación dun plan de acción que contempla o desenvolvemento das seguintes liñas de actuación dentro do eido da política educativa e da ordenación universitaria:

- O fomento a través da aplicación de diferentes mecanismos de acción da participación efectiva e activa da cidadanía dentro do mundo universitario para garantir desta forma unha conexión real entre a universidade e a sociedade.
- O establecemento dunha liña de colaboración permanente cos consellos sociais universitarios e os principais grupos de investigación constituídos dentro do eido universitario galego.
- O fomento do desenvolvemento dentro da universidade de modelos de coñecemento baseados na participación xeral e que contén cun amplo espectro de actuación territorial e xeográfica a través da conformación das denominadas rexións de coñecemento que se acheguen a pe da realidade económica e industrial das áreas comarcais e provinciais galegas.
- O apoio ó estudo do impacto dos procesos de converxencia europea do coñecemento.
- O deseño de políticas de mobilidade para o alumnado, o profesorado e para o conxunto de investigadores presentes nas universidades galegas.
- O desenvolvemento conxunto de políticas de emprego entre as universidades e as institucións de goberno nas que se considere fundamental conectar a realidade económica e industrial e as necesidades sociais coa transferencia de coñecemento procedente das mesmas.
- O apoio as políticas coordinadas en materia de investigación e innovación. O PSdeG ten hoxe o desafío de contribuír a que a Universidade ofrezca unha resposta institucional á necesidade de devolver á cidadanía e transferirlle todos os beneficios do progreso social e económico que supón o fomento do desenvolvemento tecnolóxico e científico nunha sociedade avanzada e democrática dentro dun contexto de responsabilidade social e compromiso coa figura do cidadán como eixo central sobre o que deben xirar toda a actividade impulsada dende o eido universitario.

Por outra banda, existe unha conexión directa entre a investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico.

Para o PSdeG o apoio e reforzo no eido do I+D+I ten que estar vencellado non so ó progreso económico senón tamén ó progreso social, centrarse polo tanto non so no tecido empresarial e o seu desenvolvemento senón tamén no benestar xeral da cidadanía.

Débense aumentar os investimentos en investigación tanto na universidade e os seus centros investigadores, como nos organismos e centros de investigación de carácter privado así como no tecido empresarial galego dunha forma constante e duradeira de tal maneira que se permita o afianzamento de proxectos de investigación e innovación a longo e medio prazo.

O PSdeG considera prioritaria a creación de grupos de excelencia en investigación tanto no eido universitario como dentro doutras entidades do sector privado. Eses grupos de investigación se conformarían como polos de atracción do talento, unificando baixo o mesmo plan de traballo, organización ou institución, os traballos de múltiples profesionais que con anterioridade traballaban de forma precaria e illada ou mesmo fora de Galicia ou incluso de España.

O persoal dedicado a investigación debe atopar nestes grupos de excelencia na investigación un entorno axeitado onde as súas condicións laborais e de seguridade sexan respectadas, de tal forma que se poidan iniciar e continuar no tempo proxectos e actividades de investigación que requiren dun longo período de desenvolvemento e duns investimentos considerables.

A participación da sociedade dentro dos diferentes grupos de excelencia investigadora e dos seus proxectos de investigación social, cultural e ambiental é fundamental para garantir que o progreso social verá reflectido no benestar da cidadanía os avances do pensamento científico e tecnolóxico promovido polas institucións e organizacións tanto do eido universitario como do eido económico-empresarial.

Dende o PSdeG o compromiso alcanza a estender dunha forma transversal, dentro do programa político, os eixos da investigación e a innovación como fórmulas e ferramentas de progreso social e aumento do benestar común a través dunha eficiente xestión e distribución dos sempre escasos recursos dispoñibles.

A asignación dos recursos á investigación ten que favorecer non so o tecido empresarial senón tamén aos cidadáns exercendo unha verdadeira responsabilidade social á hora da planificación do gasto dende os diferentes órganos de goberno da nosa comunidade

autónoma.

AS ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

(EEAASS) son fundamentais no pleno desenvolvemento da creación artística e cultural do ser humano e na restauración e conservación do noso patrimonio material e inmaterial. Por iso cómpren medidas para a posta en valor dunhas ensinanzas que a lexislación educativa, en plena converxencia con Europa, integra no Espazo Europeo da Educación Superior, no Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía e no Espazo Europeo de Investigación. En consecuencia:

Debemos avanzar cara a incorporación das EEAASS ao sistema universitario galego, a través dun período de adscrición que permita a adecuación paulatina do funcionamento dos centros á norma universitaria, incorporando un plan de financiamento que acompañe ese proceso. Dúas medidas ás que se sumarán iniciativas orientadas ao fomento de axudas aos estudos de grao e posgrao, de plans de mellora dos equipamentos e infraestruturas dos centros, e de liñas de fomento da investigación

3.4- COMPROMISO COA NOSA LINGUA

A lingua propia de Galicia amosa unhas tendencias sociolóxicas e unhas cifras de uso habitual moi preocupantes. Ata o punto de considerar fracasada a política lingüística das últimas décadas, e estéril o consenso político parlamentario que deu como resultado o Plan Xeral para a normalización do idioma galego de hai máis de unha década. Basicamente, a falta dunha vontade política por parte do PP, quen se nega activamente a executar o consenso xeral cando ostenta o goberno, contribúe a bloquealo activamente cando está na oposición, e nega calquera negociación dun novo marco común neste tema, reduciu o pasado consenso lingüístico a unha cuestión meramente declarativa. Todo aquel traballo converteuno o PP, a través da súa práctica política, en papel mollado. Sen embargo, o futuro non espera e o tempo segue a pasar en contra da lingua galega. De mantermos a actual situación, isto é, de seguirmos sen realizar cambios na política lingüística de Galicia, o idioma experimentará unha drástica e dramática inversión da súa situación sociolingüística respecto aos comezos do s. XX. O galego deixará de ser a lingua máis falada do país, a súa presenza pasará a ser minoritaria en grande parte do territorio (especialmente, nas zonas máis densamente poboadas), e terá apenas presenza nas principais canles comunicativas e a través das cales a sociedade galega desenvolve a súa presenza social (internet e as redes sociais).

Neste sentido, as claves estratéxicas semellan ser: a presenza da lingua galega en máis ámbitos da vida social e espazos territoriais (especialmente, naqueles máis populosos), a conexión da lingua galega co ámbito galego-portugués, o impulso do galego nas TIC e sobre todo nas redes sociais e nos programas informáticos máis habituais (ademais do software libre), ou a posta en valor da lingua galega entre a mocidade galega (destacando aquela localizada nas cidades e vilas medias do país). Destas claves deberán saír as novas políticas públicas que, deseñadas dende a concertación cos principais actores socioeconómicos e culturais de Galicia, consigan garantir mil primaveras máis para a lingua galega.

Neste novo tempo para a política lingüística de Galicia é decisiva a actitude de encontro e diálogo construtivo entre todos os actores comprometidos con ela. Xa non serven, non son válidos nin admisibles, os enfrontamentos e as imposturas, as poses e as negativas. Estas son as barreiras invisibles que teñen lastrado os avances no pasado, que teñen paralizada a política lingüística no presente, e que deben levantarse de cara ao futuro.

O sector tecnolóxico resulta ser outra das patas fundamentais da nova política lingüística que os socialistas galegos queremos levar a cabo. Na actualidade, a política pública con este sector baséase no voluntarismo e na improvisación, de forma que o tecnolóxico non é un referente na política lingüística cando, segundo os datos de hábitos e de usos da lingua galega, máis claramente se nos fixamos nas cohortes máis novas, si debera selo.

Esta nova política deseñarase dende o plurilingüismo, vinculando o idioma galego con outras linguas de enorme potencial de uso e lingüisticamente tanto próximas (o portugués) como distantes (o inglés, o chinés ou o ruso). De feito, o PSdeG-PSOE quere potenciar intensamente a Eurorrexión Galicia-Portugal e, entre as medidas a tomar, está o intercambio lingüístico e a formación nas nosas respectivas linguas; non en van estamos a falar dun espazo con máis de 350 millóns de persoas e notable potencial. Este enfoque obriga a renovar a metodoloxía pedagóxica da lingua galega, reforzando o seu ensino como lingua e introducindo novos materiais e novos enfoques capaces de repercutir, ademais, no ensino ordinario regulado.

Compre recuperar o consenso articulado entorno ao modelo lingüístico a desenvolver nos centros educativos e que rompeu o actual goberno de Núñez Feijóo impoñendo un marco normativo en contra dos sectores da comunidade educativa e da sociedade galega.

Acadar un amplo acordo resulta unha tarefa imprescindible para lograr a aprobación dun novo decreto que estableza o papel da lingua galega no sistema educativo e que continúe coa liña de consenso iniciada no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que continuou coa elaboración do decreto 124/2007 do goberno de Touriño, e que rachou de forma unilateral o goberno de Núñez Feijóo.

Sempre seremos os primeiros en defender a liberdade lingüística de cada persoa. A cidadanía debe ter o dereito a facer a súa vida en calquera dos dous idiomas, galego ou castelán, e as administracións deben asegurar o marco da convivencia lingüística. Ao mesmo tempo, e coa mesma firmeza, consideramos que o sistema educativo galego debe garantir a todo o alumnado competencias plenas semellantes tanto en lingua galega como en lingua castelá ao remate do ensino obrigatorio, e que dende a administración autonómica debemos promover o uso do galego.

A situación social actual da lingua galega ten debilidades e seguimos observando certas actitudes pouco favorables á presenza social do galego; certas ámbitos e áreas sociais mostran un compromiso escaso ante as demandas dun maior nivel de galeguización; finalmente, a transmisión da lingua galega no fogar e na familia e o seu uso entre a mocidade urbana é outro elemento sociolingüístico que nos move á preocupación. A desaparición, baixo o actual mandato do PP, dos medios de prensa escrita en galego, e a práctica desaparición de textos en galego nos demais medios de difusión, é o máis claro síntoma do illamento que está a sufrir a nosa lingua.

De cara a Lingua Galega o obxectivo do PSdeG debe ser a revitalización social continuada da nosa lingua. Pretendemos frear o proceso de substitución social do galego polo castelán e garantirlle ao galego a vitalidade lingüística necesaria que asegure o seu futuro.

A educación é un valor estratéxico e, como tal, ten que ter unha política de investimento coordinada por políticas que actúen igualmente sobre o sistema produtivo e sobre o desenvolvemento económico e social, investindo en I+D, creando máis postos de traballo de alta cualificación e mellorando os servizos públicos, é dicir un cambio de modelo cara a unha economía sustentable e do coñecemento. Ser quen de poder asegurar en Galicia a retención e atracción dos mozos e mozas con talento é un reto do socialismo galego.

Dende o PSdG insistimos na importancia da educación no futuro de Galicia. Se somos capaces de destacar pola nosa excelencia educativa, seremos capaces de construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e eficiente.

3.5. CULTURA

A Cultura desempeña un papel esencial á hora de configurar a imaxe da nosa sociedade,

transmitir valores, definir identidades, transformar realidades, ampliar o dereito de participación e expresión. É un elemento integrador, transformador e dinamizador da sociedade.

En Galicia os conceptos de lingua e cultura están bastante inter-relacionados. Son o valor central e unha vantaxe engadida para ou noso país, entendida como expresión, creación, difusión e goce da cultura e da lingua propias, para recoñecérmolos entre nós e para manifestarnos e identificarnos cara ao exterior. Galicia comprende e realízase a través da súa cultura e da lingua, como un espazo e unha comunidade con identidade.

A cultura e as manifestacións culturais son elementos esenciais de creación e expresión da identidade individual e colectiva. É a expresión da nosa humanidade e, como tal, é un ben de primeira necesidade e un dereito para exercer. É aquilo que nos define, configura o noso imaxinario colectivo e convértese en factor de cohesión social. É unha das nosas fortalezas como país. Ten unha grande importancia económica, é unha oportunidade para o benestar da cidadanía, é un sector estratéxico para a nosa proxección no exterior, e goza ademais dun recoñecemento constitucional.

A cultura galega ten experimentado, co xurdimento dos novos tempos, tres cambios de entidade relevante á hora de definir un novo relato: a popularización da cultura, a diversificación das súas manifestacións, e a complexidade da súa expresión. O primeiro cambio estendeu o coñecemento e a apreciación da cultura a ámbitos alén dos clásicos da elite e da intelectualidade social. Hox en día, calquera persoa pode acceder á cultura: expresarse a través dela, gozar das súas realizacións, aprender as súas técnicas ou mesmo xestionar os seus eventos e recursos. O segundo cambio xorde dunha ampliación das artes clásicas, pero tamén da experimentación, da proba de novas formas de expresión, e da incorporación da tecnoloxía á cultura. O terceiro cambio amósase como unha consecuencia do segundo, onde os recursos para a expresión cultural requiren, ás veces, uns coñecementos e uns medios esixentes en investimento de capital, non accesibles a moitas persoas pero si a relevantes institucións (públicas ou privadas) e/ou mecenas.

Con todo, foi unha das maiores vítimas da acción do Goberno do PP. Á extensa lista de decisións que degradaron e afectaron negativamente ao sector cultural, hai que engadir as que non se tomaron, e a desatención de asuntos cruciais para a pervivencia e o futuro das industrias da cultura. Todo iso supuxo un empobrecemento do sector cultural, que resistiu grazas á dedicación de profesionais e artistas. Esta política situou ao noso sector cultural en inferioridade de condicións para competir cos países da nosa contorna.

Os recortes ao investimento cultural, o establecemento do IVE cultural nun nivel alto dentro da Unión Europea, a aprobación dunha Lei de Propiedade Intelectual sen diálogo (nin social, nin político), a falta de medidas reais de fomento do mecenado, non son senón a cúspide dunha política errada da dereita en España e Galicia. Foron anos de perda de emprego, peche de empresas, inestabilidade laboral, profesional e empresarial, e nula xestión das políticas de fomento cultural. Unha sociedade incapaz de recoñecer e protexer o valor da creación, non ten as garantías necesarias para poder aproveitar a oportunidade de desenvolvemento que é a sociedade do coñecemento.

Neste sentido, á Lei de propiedade intelectual e o impacto do IVE, habemos de engadir a desaparición do contido curricular da aprendizaxe de ensinos artísticos e as súas linguaxes, o que supón cernar parte do desenvolvemento integral da persoa e incumprir un elemento esencial do dereito á educación, así como manter a desigualdade de oportunidades no acceso á cultura á que toda a cidadanía temos dereito.

Aínda así, a cultura galega ten amosado persistentes síntomas do seu potencial expresivo e expansivo. Actualmente, a industria cultural representa no entorno do 2% do PIB e o 3,3% dos empregos de Galicia. Pero o seu crecemento e participación no PIB está todavía lonxe da media que representa nos países da Unión Europea. Os vellos relatos esgotaron as súas enerxías coa emerxencia dunha sociedade máis aberta e coa crise económica global e cos recortes. Sen dúbida, a inadaptación ao contexto global e a falta dun novo relato impulsor no interior do país mantén estancado o potencial cultural de Galicia.

Con este panorama presente, e coa intención declarada de construír un novo relato para Galicia e para a cultura galega, os socialistas galegos propoñemos as seguintes liñas reitoras cara a unha nova política cultural para o país. As cinco liñas reitoras principais dunha nova política cultural para Galicia serán a investigación, a conservación, a formación, a coordinación e a expresión.

- A investigación desenvólvese actualmente de forma deslabazada en universidades, centros de estudos, institutos e outras institucións, públicas e privadas, movidas por un extraordinario voluntarismo moitas veces, e permanentemente dependentes e limitadas en recursos. Esta situación resulta consecuencia da carencia dunha estratexia orientada ao coñecemento cultural, á posta en valor do patrimonio cultural-artístico e á súa expansión no novo marco global de oportunidades. Esta será a misión do PSdeG-PSOE nos anos vindeiros, actuando de forma coordinada cos actores e procurando, na medida do posible, a mancomunidade de vontades e o consorcio de

recursos.

- A conservación quizais sexa a liña reitora máis maltratada pola dereita, pois entende a conservación como unha simple “almacenaxe”: considerando así aos bens culturais colectivos como un pasivo e non como un activo, desconectando a arquivística e a museística da posta en valor dos bens culturais, e reducindo á mínima expresión a restauración e o coidado do patrimonio cultural-artístico. O futuro inmediato debe recuperar a catalogación e a restauración como prioridades, e propoñer unha nova política de arquivo e museos máis rigorosa, como aspectos fundamentais.

- A formación persegue a actualización do coñecemento e a mellora das competencias e as habilidades dos nosos recursos humanos. Nas últimas décadas, Galicia ten investido na formación básica de forma desorganizada, primando os recursos materiais sobre os recursos humanos, a modernidade sobre a calidade, as infraestruturas sobre as persoas. Ao mesmo tempo, tense descoidado o nivel da excelencia, deixando á vontade individual e á capacidade das persoas o poder acceder a un nivel maior de formación de máis altura. Galicia debe comezar a reforzar a formación básica e a crear unha política de bolsas orientada á excelencia.

- A coordinación será a base dunha nova organización institucional orientada á mancomunidade de vontades, ao consorcio de recursos, ao optimizar esforzos para a captación de recursos públicos e privados, e á posta en común dos actores respecto a un imprescindible novo deseño de políticas públicas culturais por fin económicas, eficientes e eficaces. A iniciativa cultural precisa atoparse nun espazo común deseñado para a promoción de iniciativas innovadoras, de calidade e diferenciais; capaces de materializar por fin o alto valor engadido potencial demostrado nas décadas pasadas nos máis diversos campos da cultura.

- A expresión axunta todas as demais liñas de actuais para crear espazos de acción, exposición, colaboración e actuación para o conxunto dos actores culturais. Nesta liña de acción teñen moito que dicir as institucións locais, posuidoras de moitas das infraestruturas culturais do país, en moitos casos infrautilizadas ou pechadas. A distribución ou asignación destes espazos aos actores culturais para a súa recuperación e potenciación, a colaboración na elaboración dunha axenda cultural anual unitaria para o país, ou a consolidación dos referentes actualmente existentes, son algunhas das tarefas pendentes.

Estas cinco liñas desenvolveranse dende a posta en valor equilibrada e a potenciación tanto da tradición coma da innovación, do pasado como do presente, da cultura recuperada como das novas liñas contemporáneas de creación. O PSdeG-PSOE mira cara á cultura con ollos abertos e mente ampla, incorporando tamén a este traballo por vir os campos habitualmente esquecidos dende o público: como son os da música clásica,

coros e danzas, cultura dixital ou as novas linguaxes de expresión visual. Pois todos os campos contribúen á materialización dun relato identitario galego capaz de poñer en valor os nosos elementos simbólicos nas novas coordenadas do s. XXI.

Este novo relato debe artellarse dende a apertura ao mundo, dende espazos de diálogo e interculturalidade, onde o intercambio de influencias poda servir tamén como motor para o proxección -interior e exterior- da vida cultural de Galicia. O intercambio e o coñecemento, propio e alleo, servirá para recuperarmos á cultura como valor central do desenvolvemento humano, así como forza da cohesión social, de autoestima e de confianza na capacidade propia de conseguir unha sociedade máis libre e igualitaria para todos/as.

Temos que abordar a xestión cultural aproveitando as súas enormes capacidades de xerar actividade económica e benestar, apoiando aos emprendementos empresariais nos eidos da produción, creación, investigación, protección e desfrute cultural: editorial, artes escénicas e musicais, patrimonio, audiovisual, e aos creadores, mediadores e públicos.

A función emprendedora e a actividade empresarial nas industrias de matriz cultural, son decisivos para avanzarmos na creación de riqueza. É preciso fomentar a constitución dun tecido empresarial cultural sólido, de alta produtividade, con capacidades innovadoras, coas raíces no país e con extensións en todo o mundo.

Para as industrias culturais e creativas –audiovisuais, artes escénicas e musicais, plástica, literatura, de conservación do patrimonio, etcétera– necesítanse apoios económicos especiais, tanto para a execución de proxectos como para a innovación tecnolóxica e a creación de novos empregos. Temos por diante un proxecto de integración da moda, o turismo, a arquitectura, a gastronomía e en xeral todos aqueles sectores produtivos relacionados co deseño e a creación no desenvolvemento das industriais culturais

O Audiovisual e tamén un sector estratéxico para o noso país. Hai que potenciar e desenvolver a industria dos contidos audiovisuais para os diferentes e múltiples soportes existentes no mercado (televisión, cine, telefonía móbil, videoxogos, internet, etcétera).

Necesitase apoiar e reforzar o papel estratéxico da industria editorial pola súa importancia no fomento do uso do noso idioma, e tamén para a nosa economía. Neste senso é necesario impulsar o fortalecemento e a mellora substancial das súas condicións industriais e mercantís. Necesitamos dunha estratexia conxunta cos escritores e editores

galegos para a incorporación da creación e a produción e as dinámicas comerciais do libro electrónico e dos contidos a producir para a utilización deste medio tecnolóxico.

Creemos posible a transformación das artes escénicas e musicais nun sector produtivo non necesariamente dependente, capaz de xerar riqueza, benestar e emprego. Para elo, é preciso a coordinación entre as administracións públicas e institucións de carácter público- privado, unha acción institucional para potenciar políticas de formación, creación, exhibición e distribución, sen esquecer accións igualmente importantes como a documentación, a información, a divulgación ou a investigación.

Son necesarias redes de servizos culturais públicos de proximidade con calidade que permitan á cidadanía o acceso á cultura e ao lecer en todo o territorio. Propoñemos a apertura aos novos creadores, dos edificios e instalacións públicas concibidas para as manifestacións culturais, non só para dar cabida a espectáculos ou iniciativas xa rematadas, senón para a creación no proceso previo á súa exhibición.

As bibliotecas, os museos e os centros de manifestación artística, como entidades que prestan servizos públicos, deben funcionar como centros de información e cultura, lugares para a aprendizaxe autodidacta e institucións preservadoras e divulgadoras do patrimonio histórico e cultural.

3.6. FEMINISMO E IGUALDADE NA DIVERSIDADE

O PSdeG asume un proxecto que garante no seu seno a igualdade entre mulleres e homes, que se define e se sinte como un partido feminista, comprometido en trasladar á axenda institucional a exixencia inaprazable da igualdade real entre mulleres e homes e disposto a avanzar na paridade nos ámbitos político, sindical, institucional, social e económico. Para eso nos comprometemos na importancia da defensa da capacidade económica e da liberdade individual das mulleres e da igualdade salarial como elemento fundamental da igualdade entre homes e mulleres. Para todo eso apostaremos pola creación dun Consello de Participación Feminista con representación das áreas de igualdade territoriais do partido e representantes socialistas das institucións.

Sobre a condición do xénero aséntanse as diferentes desigualdades que, ao acumularse, constitúen un cadro discriminatorio e inxusto contra as mulleres. Este punto de partida nuclear sobre a igualdade entre mulleres e homes é indicador fundamental e diríamos que previo para testar a calidade dunha sociedade democrática e xusta. Non hai democracia sen garantía da igualdade das mulleres, e tamén a igualdade doutros colectivos.

As propostas de políticas feministas feitas dende o socialismo deben ser centrais no noso proxecto político, impregnándoo transversalmente e non baixo un prisma sectorial e illado.

No ámbito económico e laboral compre afirmar con contundencia que non existe a igualdade real, e que temos retrocedido, coa desculpa da crise económica, moitísimo nos últimos anos: empregos precarios e de baixa calidade, contratos a tempo parcial, a fenda salarial, a exclusión das mulleres do mundo laboral e as enormes dificultades de acceso e permanencia no mesmo. Todo isto e máis, impide acadar a independencia económica, base real ao fin, do exercicio dos dereitos de cidadanía.

Así, e independentemente da nosa acción política no ámbito estatal, compre que o PSdeG-PSOE faga una aposta decidida a prol de acadar o principio efectivo e real da igualdade entre as mulleres e homes en Galicia, con propostas de acción política concretas de visión integral e transversal:

1. Participar activamente nas plataformas de defensa dos dereitos das mulleres, como a Plataforma Feminista Galega ou a Plataforma Galega polo Dereito ao Aborto, así como escoitar de forma periódica (e tomar parte cando se considere) a todas as entidades que traballen con e para as mulleres. Compre incrementar o empoderamento de mulleres, sobre todo no rural, e por iso temos que estar presentes e dispoñibles para axudar, formar e tratar de incrementar a nosa presenza/militancia.

2. Coordinar o traballar co Grupo Parlamentario coa CENG e traballar conxuntamente nas principais iniciativas e nos orzamentos da Xunta (valoración e emendas). Tamén é preciso manter vínculos coas representantes galegas no resto das Cámaras para abordar temas de igualdade, así como coas secretarías provinciais y locais de Galicia e coas concelleiras de área, co obxectivo de defender e demandas políticas común e establecer prioridades. Reforzar a relación constante coas agrupacións.

3. Violencia de xénero: incidir na necesidade de desenvolver os pactos estatal e galego contra a violencia machista, as leis existentes ao respecto (sempre revisando o seu contido e reclamando melloras). Así mesmo, é necesario seguir traballando en iniciativas exitosas como a de “Espazos libres de violencia”, ofrendo formación para o asesoramento a vítimas e familiares por parte da militancia e levando este formato de espazos libres a institucións, como o Parlamento, o mundo da cultura, deporte (importancia das federacións deportivas, por exemplo).

4. O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero recolle partidas presupostarías específicas destinadas á Xunta de Galicia e aos concellos galegos para que desenvolvan actuacións políticas para minimizar e erradicar a violencia machista. Instar á Xunta de Galicia para que reclame para Galicia as partidas pertinentes e a través da FEGAMP, solicitar os recursos destinados no Pacto para os concellos galegos, que tantas competencias lle foron detraídas en materia de igualdade pola Reforma da Administración Local do Partido Popular.

5. Garantir a educación en igualdade e iniciar traballo colaborativo con entidades culturais dende unha perspectiva de xénero e de igualdade.

6. Inmigración: Convocar a mulleres inmigrantes que participen activamente no tecido asociativo para artellar políticas e iniciativas parlamentarias ou nos Concellos de defensa dos dereitos e liberdades dun colectivo que está a sufrir, dun xeito máis grave se cabe, os recortes e a discriminación.

7. Ademais de cuestións concretas e as que poidan xurdir coa actualidade diaria, a secretaría de igualdade porá en valor e impulsará actividades co gallo das datas máis destacadas vencelladas coa muller. Posibilidade de facer manifesto, moción para os concellos e, nos casos nos que se estime oportuno, algún tipo de actividade formativa o de difusión. As datas máis relevantes son as seguintes: 22 DE FEBREIRO: Día Europeo contra a desigualdade salarial. 8 DE MARZO: Día da Muller Traballadora 28 DE MAIO: Día pola Saúde das Mulleres. 23 DE SETEMBRO: Día contra a prostitución, a trata e o tráfico de persoas con fins de explotación sexual. 15 DE OUTUBRO: Día Internacional da Muller Rural. 18 DE OUTUBRO: Día Europeo contra a trata de seres humanos. 25 DE NOVEMBRO: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Dereitos de LGTBI

O socialismo asume un compromiso nítido coa defensa e igualdade de dereitos das persoas LGTBI, que implique un plan de acción para defender e reivindicar os dereitos en igualdade de toda a cidadanía e evitar calquer discriminación. Tod@s os militantes socialistas debemos considerar que este compromiso é indispensable para unha sociedade máis xusta e avanzada, e amosamos a nosa disposición a defender os dereitos de igualdade e liberdade para toda a cidadanía.

A loita contra a homofobia, a educación en valores que respeten a diversidade, o apoio a medidas que impliquen a igualdade de dereitos para LGTBI constitúe parte da folla de ruta dun PSdeG comprometido coa igualdade.

Asimesmo o PSdeG manterá contacto coas asociacións vinculadas á defensa dos dereitos LGTBI e a próxima executiva galega considerará un plan de acción conxunta para defender a igualdade de dereitos.

3.7 MOCIDADE

A mocidade galega actual é a primeira que, en moitas décadas, afronta o futuro cunha perspectiva peor ca daquela o fixeron seus país. Máis paro, inferiores salarios e dificultade no acceso á vivenda caracterizan o presente e o porvir da mocidade, porén, a xeración mellor formada da historia, Esta situación está poñendo en risco, asemade, a sustentabilidade no futuro do noso sistema de protección social.

A emigración volve a ser a única opción para moitas e moitos, mentres que as nosas vilas, cun potencial produtivo por explorar, están a ficar despoboadas e avellentadas.

Para eles, para a xeración mellor formada da nosa historia, o goberno galego aplica políticas que os conducen á emigración como o fixeron os seus avós. O que xa se converteu nunha metáfora é o regalo do Sr. Feijóo aos mozos e mozas de mellores expedientes académicos, unha maleta. E a partires desa metáfora todo un amplo abano de recortes brutais que inciden de xeito directo na xuventude galega e que afogan calquera esperanza razoable de desenvolver aquí o seu proxecto de vida.

O elevado paro xuvenil é un lastre que non ten precedentes na nosa economía, un problema gravísimo no curto prazo e crítico no medio e longo prazo, conxelando a evolución vital dunha xeración e poñendo en tela de xuízo o benestar social, económico e demográfico do noso país. Faltan medidas de acción positiva ante este drama social.

Ademais do malgasto de recursos públicos que supón a marcha de Galicia dos mozos e mozas, das dramáticas consecuencias que estas decisións teñen tamén no plano persoal e familiar, estamos incorporando en moitos casos man de obra altamente especializada en tecidos produtivos doutros países que compiten coa nosa economía, nós formamos, nós especializamos e logo compiten con nós.

Son moitos os mozos e mozas que posuíndo unha alta cualificación académica e

profesional teñen que saír fóra para atopar as oportunidades que aquí non conseguen. A consecuencia desta situación é a perda dos recursos humanos nos que as administracións públicas investiron millóns de euros en formación; investimento que non reverte na nosa sociedade nin no noso sistema económico, pola fuga de talentos que non sabemos reter.

Ao mesmo tempo, non debemos esquecer que, durante demasiados anos, moitos mozos e mozas abandonaron o sistema educativo para ocupar postos de traballo precarios, pouco cualificados e moi fráxiles, ligados á burbulla da construción, empregos que xa non existen. Para eles debemos establecer mecanismos de formación e de futuro.

Os poderes públicos, tamén aqueles máis próximos á xente, deben impulsar políticas de mocidade efectivas atendendo á integridade das problemáticas que afronta un mozo ou moza, pois son problemas que redundan de xeito radical no conxunto da sociedade, e poñer o emprego e a vivenda no centro das súas preocupacións, tamén como o único xeito de fixar poboación.

O sistema educativo galego sufriu nos últimos anos os ataques continuos dos gobernos conservadores do Partido Popular. Durante os anos de crise estes gobernos realizaron unha política regresiva de recorte de bolsas estudiantís, retallos orzamentarios para a Universidade e a Educación Primaria e Secundaria, e puxeron en marcha unha nova lei de educación deseñada para romper os esquemas do sistema educativo español.

O executivo de Feijóo tamén atacou duramente as políticas educativas do bipartito. Por unha banda, eliminou o sistema de gratuidade dos libros de texto. Por outra banda, a Universidade continúa a ser un dos eidos máis depauperados polo Partido Popular. A redución das bolsas e a suba xeral das taxas implicou a expulsión do sistema de moito alumnado. As universidades galegas pasan por unha fase de decadencia orzamentaria na que é necesario aumentar as sinerxías e economías de escala.

Ademais, durante o Goberno de Feijóo perdéronse miles de postos de traballo, afectando especialmente esta situación á poboación máis nova que accede por primeira vez ao mercado laboral, e sen que o PP atendese dun xeito eficaz as súas necesidades.

Por todo isto, dende o PSdeG entendemos as políticas de mocidade dende a transversalidade e a horizontalidade entre as diferentes áreas da xestión e, tomando como base a recollida e análise da información, dende a participación das e dos mozos na súa formulación e xestión.

4. MODELO DE PARTIDO: POR UN PARTIDO MÁIS DEMOCRÁTICO E PARTICIPATIVO

Desde os seus comezos, o movemento socialista, articulado en partidos e sindicatos cunha gran capacidade transformadora, foi decisivo para lograr máis xustiza social, pluralismo, liberdade e democracia en moitos países. Os socialistas debemos reflexionar sobre as estratexias de adaptación dos partidos socialdemócratas no pasado e os problemas que enfrontamos cós cambios que se produciron nas sociedades industriais nas últimas décadas para recuperar maioría electoral e capacidade de gobernar e promover o progreso social e cívico.

É certo que a democracia gozou dun considerable aumento no mundo nas últimas décadas, pero tamén durante estes anos se revelaron moitas deficiencias, frecuentemente ocultas anteriormente debido aos enfrontamentos da Guerra Fría. En moitos países occidentais foi cuestionada a súa calidade co fortalecemento do poder das grandes empresas e elites empresariais que baixo o disface das políticas de globalización e neoliberais tentan converter o Estado de Benestar nun sistema residual diminuindo o seu alcance social e nivel de prestacións á cidadanía . Pola súa banda, a falta de resposta á crise actual ten intensificado que os cidadáns se afasten da política – que fan da política cada vez máis unha cuestión de grupos pechados e herméticos-, aumentou o descontento e a desafección que está producindo un debilitamento dos actores políticos, que tamén afecta aos partidos socialdemócratas.

Estes últimos sufriron tamén nos países industriais unha alteración da súa base social tradicional, fragmentada e debilitada de maneira cuantitativa e cualitativa, especialmente a clase traballadora, perdendo peso político e capacidade organizativa. Este fenómeno foi acompañado dunha fractura da alianza entre os diferentes grupos da base social da socialdemocracia e o final da comprensión relativa da posguerra entre empregados e empresarios que permitiron a construción do Estado de Benestar.

As alteracións producidas nas últimas décadas nas funcións dos partidos, nas súas relacións coa sociedade e as institucións e nas formas de participación, tamén os obrigan a buscar novas formas organizativas que poidan contrarrestar a baixa afiliación e participación, a desafección política e os sentimentos anti-partido. Estes cambios abriron

intensos debates no movementista socialista, cuxos membros e líderes entenden cada vez máis a necesidade de reformas profundas na súa ideoloxía, programas e modelos de organización, que senten as bases dunha nova alternativa de esquerda a nivel nacional e internacional.

Polo tanto, é esencial identificar e caracterizar as transformacións sociais ocorridas nas últimas décadas e investigar o potencial dos grupos sociais ligados a novas ocupacións e actividades produtivas, valores, intereses, actitudes e demandas, buscando unha liña común entre eles e o reforzo das súas conexións e alianzas coa base social tradicional da socialdemocracia. Esta última especialmente debe tentar a integrar os novos enfoques producidos polo cambio xeracional e mellorar a comunicación cos grupos máis vulnerables como os das mulleres, mocidade, persoas maiores ou inmigrantes, e procurar a coordinación e participación dos mesmos no proxecto socialdemócrata.

Hoxe, a globalización segue a influír na dimensión territorial do poder e xera unha dinámica económica e cultural que moitas veces funciona sobre estados e nacións, e ata a data ten beneficiado fortemente ás grandes empresas. Para xestionar esta tendencia, a socialdemocracia debe definir unha alternativa que, para ser eficaz, tamén debe ser global, -ou polo menos debería ocorrer no nivel europeo- e asumir un novo internacionalismo que teña en conta o posible tema do cambio nesta área, coordinar partidos e programas e novas formas organizativas no ámbito internacional. Organizacións como a Internacional Socialista e o Partido Socialista Europeo poden ser moi útiles neste sentido. O PSOE e o PSdeG-PSOE están incardinados neste proceso e a súa acción política sempre terá en conta a perspectiva supranacional.

A mutación actual que sofren os partidos políticos presionados polo ascenso de partidos anti-sistema e populistas, non é unha crise terminal dos partidos tradicionais, nin sequera poñe en perigo os sistemas democráticos, pero está esixindo reformas profundas na súa organización en estratexias e en procedementos democráticos. Estas reformas deben asumir que a tendencia dos cidadáns de participar nos asuntos da comunidade é máis forte hoxe que en épocas anteriores, pero esta actividade é frecuentemente realizada en organizacións e movementos fóra dos partidos políticos, que mostra un debilitamento dos vínculos destes coa cidadanía. Para as forzas conservadoras, por a natureza da súa articulación, as súas redes económicas e sociais e hexemonía ideolóxica, estes problemas son menos importantes que para os partidos socialdemócratas. A estes últimos deberían obrígalos a orientarse cara a un novo modelo de partido que integre máis cidadáns, xa que a súa organización e estruturas orgánicas -que constituíron unha peza fundamental na creación e consolidación de moitos sistemas democráticos-, bastante

xerárquicas, en moitos aspectos seguen sendo as tradicionais, deseñadas para sociedades e sistemas políticos moi diferentes ás actuais.

Temos presente tamén que se están abrindo novos camiños democráticos e a idea de que a participación política só é posible a través dos partidos, aínda que en moitos aspectos e certa, está perdendo validez. O xurdimento de Internet e da cultura dixital alteran profundamente as plataformas para o debate político e a participación. Este é un novo reto para os partidos, que deben adaptarse a un novo campo de competición con outras características e elementos distintos as tradicionais e obrígaos cada vez máis a implicarse nestes medios. Ademais, están emerxendo novas plataformas de debate, participación e comunicación que fan posible integrar moitas das formulacións que son producidas polos blogueiros e activistas que se moven fora dos partidos. Estas modificacións abriron unha crise na identidade dos partidos socialdemócratas, cuxos membros e líderes entenden cada vez máis a necesidade de reformas profundas na súa ideoloxía, programas e modelos de organización que senten as bases dunha nova alternativa de esquerda tanto a nivel nacional e internacional, para restaurar o electorado que tradicionalmente apoiou o socialismo. polo tanto, é esencial identificar e caracterizar as transformacións sociais ocorridas nas últimas décadas e investigar o potencial dos grupos sociais ligados a novas ocupacións e actividades produtivas, os seus valores, intereses, actitudes e demandas, buscando unha liña común entre eles, e o reforzo das súas conexións e alianzas coa base social tradicional da socialdemocracia. Esta última especialmente debe tentar integrar os novos enfoques producidos polo cambio xeracional e mellorar a comunicación cos grupos mais vulnerables como as mulleres, a mocidade, as persoas maiores e os inmigrantes, e a súa coordinación e participación dos mesmos no proxecto socialdemócrata. En Galicia, como no resto de España, a crise dos últimos anos trouxo fracturas sociais e económicas profundas e promoveu xuízos moi negativos sobre o sistema político, acompañado, á vez, por enfoques deslexitimadores de diferentes institucións, entre as que están os partidos políticos. Con todo, as investigacións do CIS tamén mostran que os cidadáns consideran os partidos como partes indispensables para articular o pluralismo e a representación política e que están interesados en que sexan articuladas novas formas máis democráticas de facer política.

O PSdeG-PSOE é consciente de que o uso cada vez máis frecuente das redes sociais, de Internet e as novas tecnoloxías na vida política e os seus efectos prácticos, están abrindo un novo marco político para os partidos, que xunto coa televisión e os contactos interpersoais e a prensa escrita, son os medios que máis inflúen nas principais decisións políticas dos cidadáns. As posibilidades de facer chamadas a mobilización cidadá, a promoción da auto-organización e as plataformas relacionadas coa rede; a abundancia de

información que xera máis transparencia e reduce as áreas opacas da vida política e social, aínda que crea problemas para clasificar as noticias, tamén implican novas posibilidades de control democrático nos nosos sistemas políticos. O Partido promoverá os posibles usos e accións políticas na rede, utilizando as novas tecnoloxías.

O PSdeG-PSOE é plenamente consciente de que a crise destes anos afecta á mocidade con particular virulencia, anuncia un futuro moi incerto e provoca unha gran desconfianza entre as institucións e os políticos, e non debería ser sorprendente que os mozos non poidan dedicarse á política convencional, Hai que buscar outras formas de participación e unha economía máis xusta e igualitaria. Por este motivo, o Partido tratará de comprender estes problemas e intentará incorporar á mocidade e ás súas demandas, tanto polo que representan hoxe como polo papel que desempeñarán no futuro.

Non podemos ignorar o declive electoral sufrido polos partidos socialdemócratas, tanto a nivel nacional como europeo, desde finais do século XX. Aínda que cada partido ten causas específicas dese descenso, outras están presentes en case todos e atópanse nos factores endóxenos -como a falta dun compromiso claro coa transparencia, especialmente nos ámbitos económico, ou a rixidez organizativa e a falta de mecanismos de conexión con diversos sectores sociais-, e esóxenos -como cambios nas estruturas sociais, a desigualdade e a exclusión social, falla de reacción contra a corrupción ou a aparición de novas cuestións de interese na axenda política-. O Partido implementará un conxunto de medidas, especialmente nas materias organizativas, de transparencia económica e financeira e anticorrupción.

Os problemas da calidade da democracia son frecuentemente denunciados por unha cidadanía cada vez máis crítica e activa que necesita novas formas de participación e rendición de contas dos gobernantes. O noso tempo, á vez que está xerando sociedades fracturadas e desiguais e propicia a desafección política e os populismos nalgúns países, tamén pola experiencia e formación dos cidadáns e dos recursos dispoñibles, permite unha mellora da democracia. O Partido loitará por aumentar as posibilidades de democratizar as nosas institucións e tentar acadar o mellor funcionalidade das mesmas.

Os novos eventos socio-políticos que inflúen fortemente a vida dos partidos non son fenómenos accidentais nin son insignificantes a longo prazo, pero indican o inicio dunha etapa dun proceso de profunda mudanza con novas características. E aínda que nesta fase os partidos seguen sendo mecanismos esenciais da vida política, o seu papel na dinámica da representación deteriorouse gravemente, minando a lexitimidade das elites políticas e todo o sistema político. Tamén hai que ter en conta que nos últimos anos ao

desinterese crónico dos galegos pola política, dun xeito similar ao resto dos españois, engadíronse ao descontento político, a desafección e a insatisfacción cos resultados das institucións.

Son numerosos os retos afrontados polo Partido para recuperar unha maior confianza cidadá e opcións de goberno. Son de tipo político, programáticos e teóricos, sociolóxicos ou de organización. Isto require novas propostas estratéxicas e programáticas para actualizar os principios e valores do socialismo e promover o Estado de Benestar e novas formulacións da idea de cidadanía nos seus aspectos sociais e económicos, para neutralizar os novos fenómenos de desigualdade e exclusión social que afecta, sobre todo, a algúns sectores como a mocidade e as persoas xubiladas. A este respecto, o Partido manifesta a súa vontade de entrar en sintonía cos cambios sociais que están a ocorrer, e promover novas formas organizativas, máis áxiles, abertas e eficaces que as formas tradicionais de organización.

A evolución seguida polo PSdeG-PSOE e o PSOE nos últimos tempos, mostra os retos de adaptación en que os nosos partidos están implicados e que están levando a profundos cambios estratéxicos e de organización. Neste proceso destaca un importante avance na participación interna e externa, coa expansión dos procesos de eleccións primarias e a promoción da transparencia e rendición de contas dos representantes orgánicos e institucionais. Pero isto non significa que o camiño cara a un novo modelo de partido chegou ao seu fin. Aínda hai importantes axustes e problemas a resolver: tendencia ao envellecemento dos representantes da clase política, dos afiliados e das bases sociolóxicas; progresiva esclerotización organizativa con pouco activismo político; perda de presenza e influencia social das sedes dos partidos; distanciamento dos movementos e referentes sociais máis importantes; exhibición pública excesiva das loitas de clans e correntes que escurece os nosos programas e proxectos políticos. Para superar estes problemas, o noso Partido terá que seguir articulando novas estruturas organizativas e de activismo político, especialmente en cidades grandes, adaptar os tipos de afiliación a novas tendencias sociais e disposicións participativas dos cidadáns, para facer máis atractivo a organización, sobre todo para a mocidade e xente nova .

Especialmente o noso Partido vai esforzarse en establecer conexións de mobilización e participación cos sectores sociais máis afectados pola crise que, co aumento do desemprego e da desigualdade, ten consecuencias políticas especialmente negativas para á esquerda, dados os efectos de desmobilización para grupos sociais con menos educación e recursos. O socialismo español ao longo dos anos –desde as súas orixes, na que a súa base social consistía principalmente na clase traballadora, ata etapas máis

recentes en que fixo un intenso esforzo para incorporar novos sectores de asalariados-, mostrou grande capacidade de adaptación ao cambio social e político, decisivo para gañar eleccións, gobernar e promover os grandes logros do Estado do Benestar. Pero esgotado un ciclo, estamos de volta a complexos retos que temos que dar resposta urxente: nos últimos anos, cambios tan intensos que se produciron nas relacións económicas e laborais e as consecuentes mutacións nas estruturas de clase, nos obrigan, se queremos manter unha maioría social e política, a facer un esforzo de renovación para obter a confianza da poboación, especialmente das persoas traballadoras e da mocidade.

O PSdeG-PSOE debe dirixirse cara un novo modelo de partido, como o promovido polo PSOE no último Congreso Federal, que estea en sintonía con estes feitos, seguindo unha política de portas abertas e usando, ademais dos recursos tradicionais, os que proporcionen as novas tecnoloxías para conectarse con sectores sociais máis amplos que dispoñen das súas redes; para crear novas áreas de debate e coñecer e canalizar as demandas dos cidadáns. Isto contribuirá decisivamente a articular ao redor do socialismo galego a maioría social necesaria para gobernar.

Do mesmo xeito, a presenza de valores democráticos dentro do partido, a rendición de contas e os dereitos e participación dos membros, son fundamentais. Esta é unha cuestión de debate recorrente en moitos partidos, especialmente desde a aparición de partidos de masas como a socialdemocracia fai máis dun século, e nas circunstancias socio-políticas actuais adquire especial relevancia. Foi discutido se os modelos de representación delegada -preponderantes ao longo do tempo e, por suposto, lexítimos e democráticos- son suficientes e se é posible darlle un perfil máis democrático a os procesos de decisión partidista a través de mecanismos de elección directa. En España, o PSOE recuperou procedementos, a elección directa na década dos noventa do século pasado mediante as "primarias", xa presente con outro nome na vida interna do partido durante a Segunda República, cando os candidatos ás eleccións e as cuestións importantes foron decididas polo sufraxio universal e directo dos militantes. Nas sociedades de hoxe tornouse máis intensa, con cidadáns máis cualificados e máis ben informados, a demanda de participación directa dos membros e simpatizantes nas decisións importantes dos partidos, e marcan unha tendencia cara á democratización política dos partidos, como ocorreu en moitos partidos europeos progresistas como o Partido Socialista Francés e o Partido Democrático Italiano. Esta tendencia é un claro síntoma da mudanza cara a un novo modelo dun partido máis democrático, que podemos chamar "partido de participación democrática".

As experiencias de participación directa dos membros no PSOE ou nos partidos socialdemócratas de Francia e Italia son unha boa referencia para continuar propiciando a democracia interna. A este respecto, consultas aos afiliados nos asuntos especialmente importantes, como a política de alianzas ou o proxecto europeo que fixeron o Partido Socialista francés e o Partido Socialdemócrata alemán e, máis recentemente, o PSOE, son un exemplo a seguir. Estas consultas sempre foron organizadas seguindo procedementos formais, rigorosos e verificables; pero hai que considerar no futuro que, con todo, houbo interferencias dalgúns grupos de presión, moitas veces ligados a medios de comunicación social, que presentaron a veces algunhas consultas como un "exercicio de demagogia interesado", e mesmo institutos de enquisas convertidos en auténticos actores políticos. Pero, sen dúbida, o balance das primarias e consultas directas é altamente positivo por o interese mostrado polos afiliados, a participación, e o impacto sobre a cidadanía, ademais do coñecemento de lexitimidade que proporcionan aos dirixentes.

A este respecto, as iniciativas do PSOE e o PSdeG-PSOE para elixir directamente polos afiliados o seu secretario xeral e demais cargos en diferentes áreas, ou someter a unha consulta a política de alianzas, tiveron unha participación moi boa, con porcentaxes moi elevadas, e significou recoñecer un novo papel activo a seus membros, mesmo e un precedente que abre novas perspectivas para a participación noutros partidos.

Un dos problemas máis difíciles que afectan o noso Partido é a necesidade de articular e atraer sectores sociais e electorais altamente diversificados e complexos é como conseguir que apoiem as nosas estratexias e programas políticos; e que papel deben realizar os membros e simpatizantes nun contexto no que a participación política en determinadas áreas, como a electoral, mantívose relativamente estable. Pero os partidos políticos, igual que outras organizacións, como os sindicatos, teñen atopado dificultades crecentes para manter o nivel de afiliación nos últimos anos .

Moitas veces se debate sobre a decadencia da clase obreira e a perda da súa identidade de clase, que, xunto coa marxinação dos sindicatos, non puido impedir nas últimas décadas as crecentes desigualdades e a crise do Estado de Benestar, o apoxeo do capital financeiro e o poder das elites corporativas. Este fenómeno tamén implica unha fractura da alianza entre os distintos grupos da base social da socialdemocracia e o fin do entendemento da posguerra entre empregados e empresarios que permitiron a construción do Estado de Benestar. Na actualidade o discurso político predominante insiste en que as clases sociais xa non existen e negan a existencia de grupos privilexiados. Contra estas falacias, no partido debese articular unha nova alianza de

empregados, profesionais e clases medias, xa que hai intereses comúns e cuestións como a saúde pública e a educación, nas que están interesadas extensas capas da cidadanía.

Non hai un sistema político e social inxusto sen alternativas, pero para a elaboración destas, as forzas do cambio, especialmente os socialistas, deben recoñecer a necesidade de novas análises e teorías sobre o que está a suceder nas nosas sociedades e as causas e os efectos da globalización neoliberal. E preciso forxar a vontade política de actuar coherentemente para seguir a estratexia e acadar os obxectivos definidos.

Tamén observamos que hai un activismo alternativo, que se reactiva de forma recorrente e que moitas veces está ligado a novas organizacións políticas que, a través das novas tecnoloxías e os medios de comunicación, amosan unha capacidade efectiva de mobilización e coordinación e un forte impacto político e social. Estes grupos constitúen un desafío para o sistema democrático, e a súa integración supón un desafío para os partidos convencionais, incluídos os socialdemócratas.

As alteracións producidas nas últimas décadas nas funcións dos partidos, nas súas relacións coa sociedade e as institucións e nas formas de participación, tamén os obrigan a buscar novas formas organizativas que poidan contrarrestar a baixa afiliación e participación, a desafección política e os sentimentos antipartido.

Outros retos inclúen continuar a promover o principio de igualdade entre homes e mulleres e a implantación de novos códigos éticos para acabar coa corrupción e as prácticas clientelares. Debemos esforzarnos por idear novos medios para redistribuír a riqueza, loitar contra a crise ambiental, lograr unha renovación xeracional, novos dereitos para os oprimidos e construír unha sociedade máis cohesionada.

En consecuencia, facemos nosas as resolucións do 39º Congreso do PSOE e propoñemos modernizar e actualizar a nosa organización tendo en conta os seguintes criterios:

O PSdeG-PSOE debe ser un partido participativo e coherente, onde predomine a integridade e cumprimento da palabra dada, onde se manteñen as promesas electorais e se respecta a voz dos afiliados. E dicir: onde predomina unha nova forma de facer política: directa, fiable, completa, coherente e leal.

Todos os cargos electos do partido, a todos os niveis, deben ser responsables, puníbeis e periódicos (polo menos anualmente) da súa xestión aos cidadáns, a través da apertura de procesos públicos e participativos. A rendición de contas debe ir acompañada da máxima transparencia, respecto dun estrito código ético e verificación do cumprimento dos compromisos electorais. Ademais, os cargos orgánicos deben responder con regularidade por o seu desempeño, incluídos os membros do Comité Federal e do Comité Nacional, ante os que foron elixidos.

O Partido ten que estruturarse como unha organización adaptada á sociedade actual, ás súas necesidades e aspiracións, sendo un fiel reflexo dos sectores que quere representar e que ten que aumentar o número de seus militantes e simpatizantes. A militancia debe ser considerada como a espiña dorsal da organización e o lugar onde se forxan os cadros políticos do socialismo. Son os principais actores do Partido, baseándose nunha nova concepción do seu papel como arquitectos das designacións de cargos internos e sendo consultados nas grandes decisións estratéxicas que adopta o Partido. Os simpatizantes serán parte fundamental da organización socialista tanto cualitativa como cuantitativa. Os simpatizantes, xunto coa militancia, poderán participar e votar na selección de candidatos/as para as eleccións nas diferentes institucións representativas en todos os niveis.

O papel da formación ideolóxica, política e técnica será promovido ao máis alto nivel cun programa de formación que atenda a distintas áreas (formación básica, formación ideolóxica, formación técnica, formación institucional e ensino superior). Do mesmo xeito, desenvolverase un plan de formación específico para novos afiliados e afiliadas. Establecerase un código de redes para compartir e asumir toda a militancia socialista, co compromiso de utilizar as redes sociais de forma positiva, baseándose en principios de veracidade, respecto mutuo, participación construtiva e máxima harmonía.

O Partido debe abrirse aos inmigrantes que viñeron ao noso país para vivir e traballar connosco. A participación política é fundamental para a súa integración social. O Partido realizará unha campaña de acercamento á persoas inmigrantes e promoverá a afiliación das mesmas, facilitando ás Agrupacións os instrumentos para facilitar a súa participación.

Nos procesos de designación de candidatos para ás diferentes eleccións para ás institucións en todos os niveis participarán militantes e buscaranse fórmulas de participación d@s simpatizantes. As listas de paridade serán garantidas nas candidaturas. Desenvolveremos un plan estratéxico para profundar na política de igualdade interna e no aumento da militancia.

As primarias abertas á cidadanía mediante a súa participación como simpatizantes, supoñen un proceso democrático e de socialización da selección de candidatos/as que aspiran a representar unha gran maioría social. Hai que avanzar cara as primarias abertas, sendo conscientes das súas vantaxes pero tamén dos retos de implementación que hai que superar acertadamente. Significan un avance cualitativo na lexitimidade democrática das persoas candidatas e unha proba inequívoca do compromiso do Partido para cambiar o xeito de facer e comprender a política. As primarias deben formar parte dun novo modelo de partido, máis aberto á sociedade e os seus problemas, debe impulsar novas dinámicas de traballo colectivo e fórmulas de colaboración cidadá, estimulará a acción e transformará a capacidade contra un sistema inxusto que provoca fondas desigualdades e exclusións. As primarias, a través da votación individual e secreta, desenvolveranse con criterios de igualdade, transparencia, lealdade e sen descualificación; son unha oportunidade única para o debate das ideas ante a sociedade. É por iso que un dos nosos obxectivos é que as primarias abertas se convertan nunha escola de democracia, fomite o debate político e a participación cidadá e que ofrezca máis visibilidade e lexitimidade aos candidatos/as para ocupar cargos públicos.

As contas do Partido como organización serán totalmente transparentes e estableceranse límites para as doazóns privadas para as campañas electorais.

O liderado do Partido promete ser integrador do pluralismo existente no partido, que é, á vez, aberto á colaboración cos movementos sociais e organizacións progresistas, incluso de demandas sociais e da loita contra os recortes dos dereitos básicos que afectan amplos sectores sociais e, tamén, compartindo con claridade e eficacia; e limitando o papel de liderado global cos representantes territoriais que traballan no campo das súas respectivas competencias, apoiándose mutuamente e non competindo entre si.

Isto debe levar ao Partido a promover formas de organización democráticas e participativas e acción política máis próxima da cidadanía,, mostrando menos reticencia a ideas e iniciativas que xorden en diferentes foros de debate político, congresos e conferencias. Estes inclúen: reforzar os dereitos e liberdades dos militantes e simpatizantes; facilitar a afiliación a través de procedementos máis abertos e áxiles que posibiliten unha militancia máis directa, como "agrupacións dixitais"; procedementos directos de elección; limitación de mandatos e incompatibilidades para ocupar varias posicións públicas e orgánicas ao mesmo tempo; aplicación co máximo rigor do principio de paridade nas listas. Manter vínculos máis estreitos con fundacións e organizacións sectoriais e coa creación de axentes electorais que entremedien entre o partido e os

cidadáns. Promover a acción político-cultural, aproveitando as redes culturais para atraer a xente á organización. O noso Partido, segundo as resolucións aprobadas no último Congreso Federal, promoverá cadros competentes e garantirá a formación continua e de calidade aos seus membros e afiliados para que se poidan exercer as súas funcións do mellor xeito, con garantías de lealdade para co proxecto socialista, con honestidade e competencia, representación e xestión democrática das institucións. Isto implica unha boa capacidade de pre-seleccionar candidatos/as adecuados para desempeñar o seu papel como cadros políticos, proscribindo os procedementos de selección endogámica. O talento da nosa militancia debe ser valorado e explotado para que a organización poida beneficiarse da intelixencia, o coñecemento, o traballo e a experiencia de miles de militantes. Deste xeito, seremos capaces de ofrecer aos nosos membros e simpatizantes, e aos cidadáns en xeral, unha área de participación efectiva en todas as súas estruturas, así como aumentar os seus canles de participación na toma de decisións. O partido tamén se compromete a fomentar a participación dos seus membros e simpatizantes en plataformas cívicas, grupos informais e nos sindicatos.

Estes retos nos obrigan a cambios organizativos, políticos e ideolóxicos e evolucionar necesariamente nun novo modelo de partido, que podemos definir como de "participación democrática", que debe impulsar unha maior participación nas decisións políticas e que nos vai a permitir a consolidación do concepto de cidadanía social e económica, seguindo os principios de igualdade e equidade e garantindo unha vida digna á cidadanía. Este modelo de partido, recuperando a imaxe de modernidade que sempre tivo o socialismo sen esquecer a dimensión educativa da política, vai ser capaz de dar a batalla ideolóxica necesaria e ser un referente constante aos principios e valores implicados no que debe ser unha utopía socialista para animar e dar ás persoas un horizonte de esperanza. Esta concepción do Partido permitiranos ser máis capaces de defender as persoas asalariadas e as clases medias e introducir reformas sociais que neutralicen os danos ás políticas do Estado de Benestar do PP e neutralicen o impacto ecolóxico das políticas neoliberais.

Esta concepción de partido fará posible axustar a nosa base social e unha nova articulación de alianzas, pois o que posibilitou a obtención de maiorías sociais e electorais do pasado está en crise. O novo modelo de organización debe promover a ampliación da nosa base social e as conexións cos novos grupos sociais e permitir, na medida do posible, a integración das súas actitudes e reivindicacións e o fortalecemento de grupos sociais específicos, xa que a actual crise económica, que coincide cos cambios xeracionais, e está xerando unha perda intensa de confianza nas institucións, afecta principalmente aos asalariados/as e a grupos sociais como mulleres, mocidade, inmigrantes e persoas xubiladas.

Deben articularse formas de conexión con movementos cívicos e grupos implicados en diferentes formas de acción colectiva que, con capacidade de loitar, de mobilización da xente na rúa, e con visibilidade social, constitúense en personaxes públicos influentes no ámbito nacional e internacional, expresan críticas as institucións e defenden reivindicacións alternativas de cambio social ou político, que ás veces poden ser asimiladas pola socialdemocracia para mellorar e revitalizar as institucións de democracia representativa -complementándoa coa democracia deliberativa- e do sistema democrático no seu conxunto.

A necesidade destas reformas é urxente; pero non podemos ignorar os obstáculos para realizalas, e son as propias organizacións partidistas que, en gran medida, deben facelo loitando contra o estancamento partitocrático. A dinámica competitiva dos sistemas democráticos impulsará nun sentido positivo a reforma; pero só se os militantes e os dirixentes son conscientes desta tendencia -de que moito do vello xa non funciona e teñen que desenvolverse novas ideas que promovan formas eficaces e ilusionantes e formas de organización máis democráticas - podemos librar a batalla ideolóxica e política que nos debe afrontar o neoliberalismo e os problemas da sociedade actual. O futuro dunha democracia de maior calidade e a viabilidade do socialismo dependerá en gran medida desta tarefa.

O desenvolvemento dun novo modelo de partido político como un proxecto autónomo alternativo non é o resultado de mera reflexión académica desconectado da realidade, senón que é unha esixencia orixe nos desexos e expectativas de moitos cidadáns e cidadás, da propia vontade de sobrevivir do noso Partido e da estabilidade da democracia. Ademais, contribuirá a mellorar a calidade democrática das nosas sociedades e aumentar a credibilidade do noso sistema político, axudando a deseñar cara o futuro o que debe ser a identidade e os perfís específicos do noso Partido.

Polo tanto, o PSdeG avanzará nun modelo de partido máis participativo, con maior protagonismo da militancia, en base aos avances acadados no último Congreso Federal do PSOE, que supuxo un punto de referencia para impulsar medidas de democracia participativa na estrutura representativa do noso partido (primarias, redución significativa do número de avales, maior participación da militancia con voto individual, ...). O PSdeG aplicará os avances de democracia participativa aprobados no último Congreso Federal. Ademais o socialismo galego avanzará nunha estrutura organizativa que de máis peso ás estruturas comarcais. O modelo do partido debe ser unha organización política forte a nivel galego, acompañada por catro estruturas provinciais e o desenvolvemento de

estruturas comarcais que favorezan a participación e apoio ás agrupacións locais desde as bisbarras.

Con este Congreso e a nova dirección política, o PSdG-PSOE abre unha nova etapa que pode asumir unha inflexión política e moral e sinalar un novo camiño de esperanza con renovada capacidade de mobilizar enerxías e valores do pobo galego, levando a unha gran coalición social progresista para poder afrontar os graves problemas causados polo Partido Popular durante estes anos de goberno de Galicia.

Para profundizar na renovación do proxecto, para fortalecer a organización e tamén preparar as próximas eleccións municipais, o PSdeG celebrará unha Conferencia Política no 2018 que complementará a folla de ruta iniciada neste 13 Congreso Nacional Ordinario.